

Suplemento de libros da revista  
TEMPOS Novos

# prototexta

## Xurxo Borrazás

*“Eu non fago literatura galega, fago textos de Xurxo Borrazás”* páx 2



**04**  
OUTONO'07

Entrevista a  
X. Borrazás  
páx 2

Arredor de  
Teresa Moure  
páx 6

Séchu Sende  
e a diglosia  
páx 8

Os monstros  
de Marcos  
S. Calveiro  
páx 14

Boas noites ou  
o xénero no  
teatro infantil  
páx 17

Conversa:  
J. Beramendi  
e R. Villares  
páx 18

Os filósofos  
da nova  
dereita  
francesa  
páx 22

Lupe Gómez  
escribelle a  
Robert Walser  
páx 27

Rede: Galpón  
de Breogán  
páx 30



Xurxo Borrazás

# «En Galicia hai espazo para os discursos críticos, pero hai que ocupalo»

Xurxo Borrazás naceu en Carballo en 1963 pero hai tempo que vive en Vigo, cidade acaída para o seu discurso estremeiro, o lugar no que se puxo a escribir. Na procura dunha cartografía persoal de urxencia, propóñolle que pense nun recanto para a conversa e acordamos un encontro no bar Hipólito, no barrio das Travesas.

//Iago Martínez / Fotografía: Tamara de la Fuente



Levo na man o seu recente *Arte e parte* e dúas versións de *Ser ou non*: a novela orixinal, publicada en galego por Galaxia en 2004, e a española, que vén de editar Caballo de Troya. Advírtolle que veño disposto a falar do seu ensaio, é claro, mais tamén de paratextos. Dálle volta ao meu exemplar de *La aldea muerta* eponse a ler.

**Xurxo Borrazás:** Os paratextos falan máis de quen escribe que dos libros.

**ProTexta:** En xeral ou no caso de *Ser ou non* e *La aldea muerta*?

Non, en xeral.

**Pode ser, mais chama a atención que o da edición galega subliña o discurso crítico da novela, o cuestionamento da institución literaria, dos premios, mentres que no da versión castelá ese nivel desaparece completamente. É que non está tampouco no texto?**

O editor díxome que lle gustaba a novela, pero que estaría mellor sen esa parte na que reproduzo o debate do xurado dun premio

literario. O resto está igual, co premio e todo, pero o debate non. En realidade fora algo que eu metera aí de últimas, porque me dixeran en Galaxia que a novela era moi abafante, que precisaba algo de aire, e a min parecérame que talvez con ese debate a esponxaba un pouco. Quedara chocalleiro, nada fino, a verdade, así que cando o editor de Caballo de Troya me propuxo quitalo dixen que si decontado. É a idea orixinal, a montaxe do director que din nas películas [ri].

**A radiografía do sistema literario galego que *Arte e parte* quere trazar é moi negativa. Semella que só houbese marxe para o consenso, e porén, como dicía antes, *Ser ou non* véndese precisamente subliñando o seu nivel máis crítico.**

En Galicia hai espazo para os discursos críticos, pero hai que ocupalo, e o que non hai é moita xente que o queira ocupar. Supoño que a xente mide até onde pode ir sen perigo, como pode facer un discurso aparentemente crítico pero sen ferir. É o que veño a dicir en *Arte e parte*: todo o mundo se coñece, e aínda que o pareza non é unha broma. Se coñeces



a todo o mundo tampouco podes ir moi lonxe nas críticas, porque todo o mundo ten as súas cousas boas e as súas cousas menos boas. Como eu non trato con moita xente do sistema literario, fóra da miña xeración practicamente nada, creo que fun un pouco máis libre.

**Cres que este libro se podería ter escrito en Compostela?**

Uf, non. Santiago é o paradigma diso que estaba a falar, onde as relacións están máis trabadas. En Santiago pode haber un individuo ou unha individua que pase de todo e tire para adiante, pero eu creo que Vigo é unha cidade que pon a xente máis en marcha, sen mamoneos: son do naval e se teño que poñer un petardo poño un petardo...

**Menos contaminada pola liturxia. Menos protocolaria, si.**

**Por seguir coa tradución...**

A tradución é un dos fenómenos máis emerxentes no panorama dos tres ou catro últimos anos. Escoito a outra xente dicir que se publican máis traducións que a xente de aquí, pero a min paréceme fundamental, xa non para nós, que lemos ou escribimos agora, senón para o futuro, pois cando alguén queira ler un clásico ou a obra dun autor moi coñecido poderá dispor dela en galego. Paréceme fundamental que non haxa que pasar polo filtro do castelán. A moitos niveis, non tanto a nivel lingüístico como a nivel político. Eu accedo dende aquí a cousas de todo o mundo sen máis intermediarios. Logo estaría o caso oposto, o das traducións do galego para fóra, que tamén son fundamentais.

**O malo das traducións do galego para outras linguas é como se colocan esas edicións. Aadoito, os autores centrais son introducidos nas literaturas estranxeiras, non como autores centrais do sistema literario galego senón como autores periféricos do sistema español. Como corríxir iso?**

É moi difícil que os españois nos vexan como autores e non como galegos. É moi difícil dar ese salto. Eu non son político e non sei como

facelo, pero pensemos en grande, pensemos que unha tradución ao castelán pode facer que lean as túas obras en Francia ou en Inglaterra máis facilmente que se estivesen en galego.

**En Gales presentácheste dicindo que chegabas dun país raro a falar dunha literatura rara.**

Díxeno case como un chiste. Somos un país raro porque temos unha lingua que é a base dunha literatura pero que non ten estado nin forza política que a apoie, como acontece en Gales. Iso xera toda unha serie de contradicións das que logo falaba na conferencia sobre as relacións da lingua coa literatura.

**En Arte e parte reivindicas a desfiloloxización da literatura e porén, nesa conferencia, trazas un paralelismo total entre a lingua e a literatura. Hai aí unha certa contradición.**

Unha cousa é falar da lingua, socioloxicamente, que é do que falaba eu en Gales, de sociolingüística, e outra é falar de filoloxización, que é falar de sofisticación no peor sentido da palabra. Non creo que haxa contradición aí. Eu creo que a lingua é moito máis importante que a literatura no noso país. A lingua é decisiva.

**Por que?**

Porque a literatura é unha diversión, pero a lingua é algo que afecta ao ser, á esencia de Galicia. Polas súas peripecias históricas, pola xente que resistiu, para min é decisiva.

**En Arte e parte queres liberar a literatura das súas responsabilidades na construción da identidade.**

É que aos autores, sobre todo dende a Transición, por non ir máis lonxe, asignóusenos un papel case de funcionarios desa loita política pola construción da identidade, e eu defendo que non, que facer boa literatura *per se* axuda máis á lingua, aínda que non o pareza, que facer unha cousa máis deliberada, máis programática. Eu poño sempre a mesma metáfora: no fútbol, a portería está no medio, pero hai que xogar polas bandas.

**Coido que aí entran en conflito dous niveis distintos, ou dúas perspectivas: a do escritor, que se pode ver a si propio como un creador libre, e a do sociólogo, que revela o rol da literatura nos procesos de construción da identidade. No libro citas a González-Millán e a Figueroa, dous autores moi vencellados a esta problemática.**

Falo do escritor como creador. Aos pintores ou aos músicos non se lles esixe o mesmo que aos escritores. Por que? Quizais porque os escritores traballan coas palabras, o mesmo que os xuíces ou os políticos, pero son artistas, artistas, nin sequera pensadores. Nese sentido, non deben parar a pensar se o que fan é bo ou non o é, simplemente teñen que soltar e soltar o que lles veña, sen máis condicionantes. Todo o mundo funciona aquí como se isto fose un sistema normal, no que se publican libros, hai editoriais, pero eu creo que falta a excentricidade, falta a extravagancia, os discursos máis persoais. Hainos, pero menos dos que a min me gustaría. A min se me van contar unha historia, como hai moitísimas na literatura galega, dunha maneira canónica de todo, pois non me interesa. A min gústame outro tipo de literatura. Non hai un Beckett, por exemplo, non temos ese tipo de excentricidade, de loucura, ese afastarse dos discursos centrais. Eu non o vexo, non o vexo ou véxoo moi escasamente. Hai demasiada normalidade.

**Cres que foi un fracaso a política de normalización dende os oitenta para esta parte?**

Foi un fracaso rotundo porque o din os datos. Hai máis condicionantes, claro, pero coido que a política foi errada de principio a fin. Escolleuse unha mala norma e fíxose unha mala promoción, unha promoción ritual e virtual, e a xente non é parva, a xente ve que os referentes de normalización son referentes falsos, tanto nos políticos como nos medios. Todos son castelánfalantes. E digo que se escolleu unha mala norma porque se lle fixo pensar aos que eran realmente galegofalantes, na Costa da Morte ou nas montañas de Lugo e de Ourense, que a norma que se propoñía viña a substituír a súa lingua, e é un lugar común,

que o din os paisanos, que eles non saben falar galego, cando eran os que o falaban de verdade. Se os galegofalantes de verdade senten que se lles está furtando algo ou impoñendo algo, pois é unha política errada. Agora, eu non son político.

**Non aí nesa visión dos “galegofalantes de verdade” unha forma de mitificación parella ás que denuncias en Arte e parte?**

O popular é un valor absoluto. A fala da xente nos bares, nas tabernas, é para min un valor absoluto. Non é ningunha mitificación. Se queres normalizar a lingua, tes que ir alí onde a xente a fala e tomala como referente principal, e non unha norma castelanizada totalmente, sobre todo no aspecto máis material da linguaxe, que é o fonético. Todo iso quedou varrido.

**Cando dis que a escolla da norma foi errada refírestes tamén á cuestión do portugués?**

As dúas cousas poden estar conectadas, porque se na televisión saísen máis presentadores con gheada e con seseo, e non saen, pois aí terías unha lingua máis próxima ao portugués. O referente externo debe ser sempre o portugués, sempre, pero non o é. Eu non creo que se poida poñer como norma dende a Xunta de Galicia, claro, porque a normativa lusista sería moi disuasoria, pero...

**«A lingua é moito máis importante que a literatura no noso país. A literatura é unha diversión, pero a lingua é algo que afecta ao ser, á esencia de Galicia. Para min,**

**Pensouse nesa posibilidade. Propoñela así, a pelo?**

**Está na correspondencia entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada dos anos 70, e algún paso se deu.**

Si, parece que ultimamente algo se vai arrimando.

**E cres que a política de normalización foi tamén un fracaso na literatura?**

Non, a literatura é un dos campos onde máis se normalizou a situación, é vangarda nese aspecto. Un mira o panorama editorial de hai trinta anos e non hai cuestión.

**Dis en Arte e parte que o que escribe é un “castor cabreado”. Que foi?**

A verdade é que unha esaxeración. Nese libro hai moitas esaxeracións. Vivo cabreado con outras cuestións, pero nada que teña que ver coa literatura. É caricaturesco.





**Pero o libro semella un artefacto elaborado para crear polémica, para rachar o consenso, que ao teu ver é o noso maior inimigo, ou polo menos o noso inimigo máis novo.**

Iso si que é certo. Si que quería sementar o debate, e que nese sentido estou contento coa recepción. Con todo, gustaríame que saísen outros autores con posturas contrarias ou matizadas ou o que sexa.

**Coido que hai nos teus libros de ficción teses máis arriscadas que as que inzan *Arte e parte*, e porén acontece que o soporte, a coartada editorial do ensaio...**

É porque remite á realidade, e as novelas remiten á fantasía. Debo recoñecer, aínda que este é un ensaio escrito por un narrador, non por un ensaísta, que cando escribo novelas eu son 101 por cento libre, non me paro en nada. No ensaio, porén, si. Xa sei que é o contrario do que eu propugno, pero si que busquei unha certa coherencia, apoiarme un pouco nos argumentos doutras persoas. Nunha novela non, claro, nunha novela son salvaxe, xusto o contrario do que son eu na vida.

***Arte e parte* é un panfleto, na mellor tradición e na mellor acepción, un mangado de opinións dedicado a provocar. Unha desas provocacións é que a literatura galega só existe en Madrid.**

Eu non fago literatura galega, fago textos de Xurxo Borrazás. Non me poño a pensar se o que fago é galego ou non é galego, se encaixa coa tradición ou non encaixa coa tradición. Para nada. Porén, dende fóra, pois si que se nos agrupa a todos, máis que como escritores, como galegos que escriben. Eu rebélome contra iso. A literatura galega existe, claro que si, pero fana os medios e os departamentos universitarios, non os escritores.

**Os escritores son un elo máis no sistema literario.**

Os escritores son creadores individuais. Aínda que os meus textos só se poidan interpretar como textos de literatura galega e non de ningunha outra, eu non fago literatura galega. Non sei se me explico.

**Supoño que falas de repertorios.**

Non sei que relacións teñen outros escritores co sistema ou coas editoriais, pero a miña é moi escasa. Leo máis literatura de fóra que galega. Aínda así, as miñas obras son literatura galega, evidentemente.

**Porque se escriben en lingua galega?**

Iso por suposto. A literatura galega é o paratexto da miña obra, pero non a miña obra.

Os meus libros son os libros dun fulano que ten as súas lecturas e que ve as súas películas, pero non son típicamente galegos. Cando se fala de literatura galega cítase unha serie de repertorios, como dis, que se poden atopar noutras literaturas e noutros escritores. Non creo que sexa moi fácil, fóra da lingua, determinar o que é a literatura galega.

**A voz que sostén o discurso en *Arte e parte* é moi problemática talvez precisamente porque está pouco problematizada. Dáse a si propia un espazo de indefinición, unha vantaxe ética e política que non concede nin á crítica nin aos xornalistas, nin aos editores nin á tradición... É moi esixente cos outros e moi pouco consigo mesma.**

Non falo aí de verdades obxectivas, simplemente dou opinións, e si que vexo moitas contradicións no meu discurso, non sei se se aprecian. De feito, cando crítico determinadas actitudes, non vamos ir unha por unha, digo que eu tamén podería facilmente caer nesas mesmas actitudes. Non quero dar exemplos, porque ao mellor que hai xente que se pode ver reflectida, pero recoñezo que a min tamén me podería pasar.

**Pero a coartada...**

Non é o texto dun pensador senón o texto dun creador. Creo que en calquera outro momento podería dicir algo moi distinto do que digo aí, e de feito diríao.

**No libro das instrucións para ler novelas escritas por escritores. Como habería que ler este ensaio escrito por un narrador?**

A min gustaríame que se lera como se ve unha película, non buscando iluminacións senón buscando entretemento. Non só pensei o que ía dicir, senón tamén como o ía dicir. De feito, para min, o maior valor do libro é o xeito no que está contado, non as ideas que se contan. Nin fun exhaustivo nin todas as citas que aparecen aí están aí porque eu quixese... Son citas do que eu lía mentres escribía o libro, non fun buscar nada para apoiarme ou para darlle máis coherencia, non, non. Eu creo que hai que ler *Arte e parte* como se ve unha película. Entrás, miras o que che poñen e saes. Gustouche ou non che gustou. Punto.

**Nun dos capítulos, penso que en *Carné de identidade*...**

Que por certo era “carne de identidade”, non sei o que pasou.

**Pois en *Carné de identidade* trazas un concepto forte de vontade, unha sorte de vontade absoluta como único requisito para**

## Contra as ideas redondas

### Ensaio Arte e parte funciona a partir do todo revolto e non evita tensións irresolúbeis

**Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida** · Xurxo Borrazás · Galaxia, 2007 · 187 páx · 16 euros



A emenda á totalidade que a profesora e novelista Teresa Moure apuña ao “sistema literario galego” no anterior número de *Protexa* contrasta coa súa visibilidade no construto Literatura Galega. O ataque, entre brutal e epatante, carecía de argumentación científica e política. Apenas se limitaba a ofrecer titular xornalístico a baixo prezo. “As estruturas das que falamos exercen unha dominación de perfil baixo. Por exercicio de forza aquí enténdese un silenciamento clamoroso ou unha promoción desmesurada en premios, recoñecementos, participación en foros, mencións académicas ou presenza mediática”. Estas frases pertencen ao libro *Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida*. O seu autor, Xurxo Borrazás, non se refire, en concreto, a Teresa Moure.

*Arte e parte* funciona a partir do todo revolto. Por máis que lle pese á man que o redactou –“un partido de tenis que escenifique a ecuanimidade do comentario”, afirma sobre unha certa tendencia na crítica galega–, a heteroxeneidade, a diversa procedencia do material, non evita tensións irresolúbeis, contradicións, idas e voltas que tropezan entre si: ao carón da reflexión incisiva sedimenta o lugar común. Mais Borrazás non esquece lavar as mans e compara *Arte e parte* cunha conversa de bar ás sete da mañá. Unha obra que pide contas pero que, de entrada, se escusa de as dar. Velaí as súas propias lindes.

O máis contundente dos asertos que Xurxo Borrazás dispara no seu ensaio confirma a non existencia da “literatura galega”. Malia a manexar o pertinente ensaio de Xoán González Millán, *Do nacionalismo literario a unha literatura nacional*, no que o profesor definiu literatura, en base ás teorías sistémicas de Pierre Bourdieu ou Itamar Even-Zohar, como “un conxunto de prácticas sociais específicas, nas que interveñen uns axentes e unhas institucións”, Borrazás rexeita cinxirse a ningunha interpretación da palabra para evitar tentacións esencialistas. Porén, expresións non continxentes de conceptos etéreos –“calidade artística”, “arte”– inzan o texto sen contextualización previa. O contraproducente do idealismo reside en que, como explicaban os vellos letristas, “conduce sempre á igrexa ou aos distintos sucedáneos que a substitúen nas superestruturas da sociedade actual”. *Arte e parte* reclama a desfiloxización das letras

na Galiza. Pero, no seu proxecto de evitar “a equivalencia entre literatura e linguaxe”, remata por tirarlle responsabilidades ineludíbeis. “Liberar a literatura do cárcere da linguaxe”, márcase como obxectivo o texto de Borrazás. Se cadra nesa loita se atope a cerna da materia: non por nada Paul Celan titulou un libro *Reixa da linguaxe*.

No epígrafe *As ideas redondas*, o autor de *Criminal* entorna unha tarefa que está por facer. A crítica da política espectacular do nacionalismo institucionalizado, relacionada ou non co campo cultural, debora atinxirse mentres haxa tempo de virar rota. Da falacia do interclasismo ao pensamento feble de recurso tipo “facer país”, a deriva roma do BNG atopa xuízo agudo en *Arte e parte*. “Dicir que a enerxía social e política son indiscutibelmente superiores *per se*, porque se está no goberno, porque se decide e se manexan fondos, lémbreme a cando os galeguistas de dereitas (sic) e o propio PP proclamaban que os obxectivos e os sonhos de Castelao estaban acadados, mesmo superados”, asegura. Mesmo conforta o dardo ao escudo oficial de Galiza como confortaba Reixa preguntándose, en 1981, “pero que hostias din os rumorosos, joder”. No entanto, Borrazás non ousa transitar o seu razoamento deica o final porque o retrouso “peor son PSOE e PP” e un suposto xeito de funcionar inseparábel do parlamentarismo reprime as consecuencias lóxicas. Que o escritor non poña en dúbida “a xenerosidade e o aperturismo do nacionalismo galego” en contraste co dos outros partidos parlamentarios tampouco só indica que custa desapegarse das inercias.

*Arte e parte* resulta non un ensaio, senón unha colección de opinións xustapostas. Algunha instrución posmoderna de manual válelle a Borrazás para esquivar explicacións ao respecto: considerar ortodoxia os Beatles e heterodoxia os Sex Pistols –a mellor campaña publicitaria de Malcolm McLaren– revela falta de matiz e superficialidade de apreciación. E aínda que nestas páxinas aparecen teimas, palabras de orde e odios saudábeis –presta ler dun autor galego que lle importa unha figa a industria cultural (páxina 170)–, *Ser ou non* espeta unha carga de profundidade en certos campamentos da literatura nacional máis mortífera que estas perrenchas confesas e confirma, por oposición, ao homenaxeado Roland Barthes de *Mitoloxías*: “O importante [...] é o contacto con obxectos literarios cuxa forma, uso e prezo son ben coñecidos antes de os mercar; que nada diso desorienta [...]”.

// Daniel Salgado



**a construción nacional. Non precisamos, dis, un imaxinario monolítico, nin sequera coherente, para ese proceso.**

Iso é unha esaxeración. Sempre hai un imaxinario, claro, pero non ten que ser deliberado. Non se debe partir dun imaxinario de estado para actuar de acordo a el. O imaxinario tense que construír só. En Galicia non só hai vontade, hai unha paisaxe coa que calquera galego, dende o máis revolucionario até o máis facha, se identifica profundamente, creo eu, e o mesmo coa gastronomía ou con certas músicas. Si que hai un imaxinario, pero non debe partirse dese imaxinario. Ese é un mal uso da tradición, é a tradición como castigo, como unha ilusión de permanencia que ao mellor ten un efecto contrario ao desexado mesmo para os que a teñen como referencia.

**Falas de dúas tradicións na literatura e na cultura galegas coma quen fala de dúas escollas independentes e autónomas, fóra da Historia.**

Hai claramente dúas tradicións. Por unha banda, os creadores cos que as masas se identifican como unha bandeira, que van polo carril central, de Rosalía a Pucho Boedo, e paralelamente, coma en calquera cultura, hai outra tradición que vai derrapando polas beiras e coa que a xente nin se identifica nin a toma como bandeira.

**Si, pero aí falta matiz, porque esoutra tradición da que falas non vai polo carril central, entre outras cousas, porque non foi canonizada.**

Ou porque non tiña vontade de aspirar a iso ou non quería ou mesmo fuxiu diso. Eu estou aí. Eu non quero ser canonizado. Impórtame catro carallos o que digan de min despois de morto. Non me interesa en absoluto. E non aspiro a iso, ollo, non é resentimento. Simplemente non me interesa.

**Falas no libro de tanatocracia, pero tamén dicir que Ramón Piñeiro ten a culpa de todo é unha forma de tanatocracia. Non se pode estar todo o tempo a pensar que hai dous ou tres mortos que teñen a culpa de todo, ou?**

Non dous ou tres, pero si que hai... Logo da Guerra Civil, é moi comprensíbel, se se quere, houbo tal medo, a situación era tan dramática e tan trágica, que ao mellor era moi difícil facer outra cousa diferente da que se fixo. Que pasa? Que cando rexorde, cando se volve publicar a comezos dos 50, faise con tantas precaucións, e iso inclúe tamén o Día das Letras Galegas, que hoxe, aínda que a situación é moi distinta, seguimos coa idea de Galicia que se formou nese tempo. E iso é moi cuestionable. Partir dunha situación creada no contexto do medo e da traxedia tan absoluto para pensar no futuro é negativo. O peso deses anos 50 é aínda moi forte.

**Semella que coa autonomía, no final dos setenta e nos primeiros oitenta, esa sorte de planificación cultural era moi acaída. Impúxose unha certa obriga de consenso.**

Si, claro, e o consenso que fixo? Pois que a cultura galega pareceuse un encoro. Transformáronse os ríos en encoros, e a xente que prefere un encoro a un río pois é a xente que politicamente tamén logo prefere certas cousas. Si, se tes un encoro sácaslle máis partido, produces enerxía eléctrica e controlas máis o caudal da auga, pero non tes un río. Se cadra era mellor deixar que os ríos fosen onde eles quixesen e rebordasen onde lles petase. Non teríamos enerxía eléctrica pero teríamos outras cousas. Creo que se percibe moito na cultura galega ese estancamento, e é moi difícil revertelo.

**Se non pregunto polas industrias culturais rebento. Impórtanche, ou?**

Non é que non me importen, pero creo que un escritor non debe preocuparse diso. Creo que si, que unha industria cultural pode ser beneficiosa para o país, como é beneficioso o deporte de base, pero calquera creador que diga que aspira a facer deporte de base está mentindo. O que quere é xogar na Champions League. Resumindo: é beneficioso para o país que haxa unha industria cultural forte, pero a min impórtame un carallo [ri].

**Non escribes para minorías?**

Nas miñas obras non hai nada que as converta

en obras para minorías. En absoluto. Non fago obras tan complexas, o que pasa é que a xente está máis afeita a ese tipo de narracións troncais. E logo pasa moito pasa moito que os lectores galegos acaban lendo certas cousas porque están escritas en galego, pero logo cando len o que lles gusta en realidade, normalmente en traducións ao castelán, pois len cousas máis normais, como as que poden escribir eu. Iso fala mal de nós, e eu quero que a xente me lea porque lle gusta, e se está escrito en galego pois mellor, pero que me lean polos meus méritos, non por subvencionarme.

**Por facer país...**

Claro, por facer país, por primarme, e non, iso a min non me interesa.

**«É moi difícil que os españois nos vexan como escritores e non como galegos»**

## A contrafío

Gabriel Pérez

Xurxo Borrazás é un deses escritores heavies. Non porque vaia con *chupa* e *guedellas*, senón que nos leva da man polos retretes da existencia humana, unha afouteza iconoclasta e irónica que some o lector nunha confrontación desacougante de realidades, sen ningún tipo de profilaxe. Pero a alternativa heterodoxa de Borrazás dentro do proxecto do polisistema literario *galego* (xa o dixo Antón Figueroa: "a arte galega realízase nunha cultura en obras") non está soa: existen outros axentes creadores (*Rompente*, Chus Pato, *Ronseltz*,...) que manifestan unha vontade de renovación est/ética dos discursos literarios e culturais.

Se nos botamos ao pozo para dar unha idea totalizadora da súa obra, ben poderíamos dicir que practica un desintegrismo posmoderno (inda que ultimamente deriva cara a un *déjà vu* posmoderno). O seu mundo literario, influenciado por prosistas ingleses e norteamericanos, explora acepcións simples (sen caer nun documental realista) baixo unha organización caótica do discurso, en

que prevalece unha vontade innovadora (sobre todo, na técnica narrativa e na temática) e retranqueira (con respecto aos lindes entre ficción e realidade, a desmitificación do idilio coa Terra,...), creando unha sensación de metaficción en que todo se transforma nunha infinda sucesión de historias e, en consecuencia, esixe un lector activo e predisposto ás novas cuestións que se susciten nos textos literarios.

Parece inevitable que cando nos poñemos a parolar sobre a obra de Borrazás saia o tema do posmodernismo. Trátase dun gatapedro do que todo o mundo fala (pero que ninguén viu, polo de agora), convertido nunha pantasma que percorre (ou percorreu, segundo quen cho conte) os máis diversos eidos do saber. Á luz disto, Borrazás propón unha adaptación propia dunha forma de escochar o mundo dende esta perspectiva de pensamento. Con isto, non quero dicir que siga os presupostos do posmodernismo, senón que realiza unha tradución á idiosincrasia galega, produto da necesidade dun determinado presente histórico (lembrar a concepción de Benjamin sobre a historia como unha sucesión de presentes históricos) para adaptar o marco artístico ás drásticas modificacións da realidade.

Tan só temos que lle botar un ollo a novelas como *Cabeza de chorlito* (1991), *Criminal* (1994), *Eu é* (1996) ou *Na maleta* (2000) para que polo menos poñamos enriba do tapete os nosos argumentos a favor ou en contra, xa non digamos se recorreremos a artefactos semióticos como *O desintegrado* (1999) ou *Pensamentos impuros* (2002). Dentro da literatura galega, o autor de *Ser* ou non ten certa notoriedade, sobre todo, a raíz do duplo premio que recibiu con *Criminal*: o Premio da Crítica Española e o San Clemente de lectores novos, amais do Losada Diéguez en 2001 por *Na maleta*. Non obstante, este recoñecemento non o afastou dunha proposta audaz e transgresora nas marxes da narrativa galega. Unha querenza pola ousadía creativa que exsudou á hora da elección dun texto para se introducir na tarefa de tradución cara ao galego: *Trópico de Cáncer* de Henry Miller.

En definitiva, a contrafío é como poderíamos cualificar boa parte das novelas de Borrazás. E, agora, coa súa introdución no ensaio longo (polo menos é o que se pode inferir a través da información paratextual) presenta unha reflexión sobre a cultura galega, a modo de manual de instrucións e conversas de taberna, que trae con ela vento mareiro.



Narrativa galega

# E a vida continúa

Teresa Moure volta aos andeis cunha novela radical e profunda sobre identidades e transformacións

**Benquerida catástrofe** · Teresa Moure ·  
Xerais, 2007 · 232 páx ·  
16 euros



Debo empezar cunha confesión: non cheguei a ler *Herba moura*. Deixei-me levar por un absurdo prexuízo cara á súa autora, ou cara á imaxe que os medios de comunicación transmitiron dela; as súas declaracións a favor de lavar os cueiros dos bebés e en contra das nais e pais que non van levar e recoller os fillos ao colexio, ou das mulleres que “explotan” a outras mulleres contratándoas como asistentes. Tiña un argumento adicional, este estritamente literario: *A palabra das fillas de Eva*, ensaio ao que encamiñei con grande entusiasmo por mor da recomendación dun amigo, houben deixalo xa no primeiro capítulo, convencido de que ese libro non era para min. Non prestei pois demasiada atención a Teresa Moure, convertida xa no maior fenómeno das letras galegas dos últimos anos, até que este mes de xuño a escoitei defendendo de maneira espléndida o seu discurso como mantedora dos Premios Xerais, *O carácter revolucionario da escrita e das palabras*. Aquel texto, vibrante e enérxico, foi toda unha sacudida para os alí presentes, compartísemos ou non todo ou parte do seu contido. Aquela tarde souben que estaba equivocado.

A nova obra de Teresa Moure, *Benquerida catástrofe* é unha magnífica novela, unha das mellores que podemos atopar hoxe nos estantes de novidades. Por ousadía, por audacia, por atrevemento; por permitirse toda sorte de reflexións e disertacións sen deixar de lado un soterrado sentido do humor, por xogar coa estrutura guiada polo puro pracer. Porque se algo parece claro lendo o libro é que Teresa Moure pasouno extraordinariamente ben escribíndoo, e que ninguén entenda isto como unha rebaixa dos seus valores e intencións, antes polo contrario. *Benquerida catástrofe* non é de ningunha maneira un divertimento ocioso e menor; é unha obra radical e profunda que fala de homes e mulleres, de amores e desamores, de identidades e de transformacións.

Un texto sobre a procura lexítima, laboriosa e inevitábel da felicidade. Adam Cairborough e Eva Muíños forman unha parella aparentemente estábel e perfecta até que nun momento determinado empeza a deixar de selo. Unha viaxe a Londres dela cos seus compañeiros de instituto, o sentimento de culpa, ou de responsabilidade, por terse deitado cun alumno adolescente, os problemas de pel de Adam e as súas visitas ao doutor Castiñeira, con quen mantén amábeis conversas e en cuxa consulta coñece a Marisa, que experimenta por el un amor puro, esencial e verdadeiro, máis alá dos corpos e das formas, uns días de descanso de Eva nun convento e o seu encontro alí con Ana, unha rapaza non por nova menos coñecedora das relacións persoais... toda unha longa serie de circunstancias e de encontros suman e restan para provocar o distanciamento da parella e a mutación final, a metamorfose das eirugas en bolboretas.

Dotada dun poderoso e intelixente humanismo, a novela avanza con ritmo veloz ao longo de páxinas luminosas, que de cando en cando fálanos directamente a nós e teñen o atrevemento xenial de nos dar consellos de lectura. A escrita de Teresa Moure é lírica e detallista, pero tamén está chea de



A escritora Teresa Moure. // T. De la Fuente

forza e de potencia narrativa. A súa prosa é lúdica, si, pero tamén intensamente sentimental, inzada de tenrura e de emocións, que constrúe e non destrúe; espiritual no mellor sentido da palabra. *Benquerida catástrofe* pode verse como un sublime libro de autoaxuda, como no fondo o son todos os grandes libros, sexa cal sexa a historia que contén. Porque lemos para entender o mundo e para entendernos a nós mesmos, para intentar descubrir as chaves que mellor abren as portas das nosas vidas. Tanto ten que a autora non comprenda ben de todo os números primos: o seu libro é un acto capital de creación, fermoso, engaiolante e transgresor.

// Martin Pawley

## O que se le en T. Moure: ficción e imaxe autorial

Helena González Fernández

En 1996 Christa Wolf remata a súa operística *Medea. Stimmen* (*Medea. Voces*, na tradución literal) interrogándose polo tempo de espera das mulleres. Aquela Medea que tanto comparte coa Hélène Jans de *Herba moura*, amante nai e sabia científica de conduta non sometida, defensora da paixón e do coñecemento e, daquela, do pensamento libre, lanzaba o desafío: “Pódese imaxinar un mundo, unha época na que atope o meu lugar?”. Se Christa Wolf deixaba o interrogante no vento, a narrativa de Teresa Moure ofrece respostas nunha conxuntura acaída, nun momento no que as cuestións das mulleres están enriba da mesa e as industrias culturais alimentan a moda violeta –e non me refiro só ás autóctonas, que a lectura non é autista e vai alén das pautas que fornece a literatura indíxena.

Os comezos na escrita de Teresa Moure prenden nunha áncora fundamental da creación feminista de sempre: a conciencia da historia e os seus moitos silencios como un tempo de espera das mulleres que se tenta resolver coa vindicación e a diferenza. Guichar na voz propia, subverter o legado herdado, intervir no relato do mundo e propoñer novos modelos, ese podería ser o resumo do seu traxecto literario desde *A xeira das árbores* até *Os Lucarios*, pero tamén do propio decorrer dos discursos feministas. Creación feminista en galego atopámola antes e despois en narradoras como María Xosé Queizán, Marilar Aleixandre, Belén Feliu ou María Reimóndez, poño por caso. Pero algo singulariza a Teresa Moure, esa escritora incómoda que non deixa indiferente e pasa de boca a orella nas lecturas populares. Algo hai neses textos en desafío permanente que abren debate: da autoafirmación feminina á xenealoxía, das identidades sexuais á maternidade. Un desafío que medra cunha proxección autorial forte que se remexe rabuda para non claudicar nunca en riquiña. Iso é o «fenómeno Teresa Moure» que tanto amola á autora, claro! –*vid.* a entrevista no *Protexta* 03– pero que se incorpora á lectura e se consome como un ingrediente máis das novelas. Agora ben a escritora incomoda non só porque se revire contra as ortodoxias do discurso patriarcal e dos asumidos feminismos da igualdade senón porque entra en conflito con outros feminismos menos uniformados. Uns feminismos que xa hai tempo que non se dividen só en dous ramais, porque a etiqueta *feminismos* abrangue visións opostas desde Milán a San Francisco, de Oviedo a Nueva Delhi (Luisa Muraro, Judith Butler, Amelia Valcárcel, Vandana Shiva...).

Non podo evitar a ollada aos asuntos exteriores. Portas para fóra a narrativa galega de hoxe ten as caras de Manuel Rivas, Suso de Toro e Teresa Moure (e en circuitos avezados, Xurxo Borrazás). Tres proxectos narrativos e tres figuras autorais ben diferentes que teñen que superar non poucas tensións na proxección exterior. O sambenito de *Herba moura* é o reduccionismo sentimental (reparen no paratexto da edición portuguesa a ver se recoñecen a novela que leron en galego!). Claro que desas lecturas redutoras a escritora non ten culpa. Na lectura popular, e non só, a narrativa en desafío permanente de Teresa Moure singularízase porque se reforza cunha imaxe autorial rebelde, explicitamente política e disposta a puntualizar calquera tópicos e a dar respostas a este tempo de mulleres. Lemos libros con autoría. Consumimos escritura e escritor@s.



## Un intento fallido

Tallón naufraga no seu debut

A autopsia da novela ·  
Juan Tallón ·  
Duen de Bux, 2007 ·  
232 páx · 16 euros



Non sabemos se chamarlle a esta obra *novela* é axeitado; tal pretende ser, pois resultou gañadora do VI Premio Pastor Díaz de Novela do Concello de Viveiro, o que nos fai agardar certas expectativas que non se cumpren. Os frecuentes erros morfolóxicos e sintácticos, incluso algúns ortográficos, converten a lectura nunha tarefa tediosa que nos leva a preguntarnos que traballo de corrección houbo por parte do autor e da editorial. Tememos que ningún. O uso de xénero trabucado (o análise, a sangue...), a incorrecta colocación dos pronomes persoais átonos ou a ignorancia das alternancias vocálicas nos verbos como servir, sentir, bulir, etc... afean un texto que por veces alcanza algunha calidade literaria.

As constantes intervencións do narrador, do autor implícito e do autor explícito rompen o fío argumental dun xeito que chega a molestar. En efecto, o autor explícanos como se constrúe unha novela, cales son as figuras estilísticas máis frecuentes e cales as estruturas desexables; cita con profusión nomes de escritores recoñecidos como exemplos a seguir no que semella unha mostra superflua de erudición, e non sente ningún reparo en nomearse a si mesmo como artífice da obra que está a elaborar, malia que se ampare nun *alter ego* chamado Xoán Tallón.

En principio trataríase dunha novela policial coa súa trama canónica, o seu asasino (en serie), os seus mortos e os seus policías (un deles en crise profesional e persoal), mais a presenza impertinente do devandito narrador dis-trae o lector, que non entende que función ten nin para que interrompe o discurso, a pesar de que o explica coma unha autopsia. Ao longo desas explicacións, insiste en que o de menos para el é o argumento, pois interésalle máis afondar na psicoloxía dos personaxes, algo que o lector é capaz de captar por si mesmo.

Coidamos que é este un experimento literario frustrado, pois só en contadas ocasións acada que o lector se mergulle na obra e, unha vez conseguido, racha o ritmo co que consideramos digresións fóra de lugar. Quizais en futuras entregas Juan Tallón deixe libres os personaxes para explicarse a si mesmos.

// Uxía Casal



Representación de María Pita, protagonista da novela de Alfredo Conde.

# A épica da existencia

Narrativa galega Alfredo Conde reafirma con María Pita a súa querenza por acontecementos e personaxes históricos

María das Batallas ·  
Alfredo Conde · Galaxia,  
2007 · 310 páx · 18 euros



Título lírico para un romance épico. *María das batallas* é o primeiro verso do poema "María Pita", que abre o texto *Catro poemas pra catro gravados*, escrito por Lorenzo Varela para o álbum *María Pita e tres retratos medievales* (1944) do artista coruñés Luís Seoane. A nova creación de Alfredo Conde reafirma a súa querenza por acontecementos e personaxes históricos, con maior ou menor grao de mitificación. O escritor allaricense volta aos tempos dos temidos visitantes do Santo Oficio, ocupación dun dos dous protagonistas do seu multipremiado *Xa vai o griffón no vento* (1984). *Azul cobalto. Historia posible do marqués de Sargadelos* (2001) é o relato da vida do ilustrado Antonio Raymundo Ybáñez e do convulso período de comezos do XIX. *Romasanta. Memorias incertas do home-lobo* (2004) recrea a dura historia do quincalleiro Manuel Blanco Romasanta, un asasino en serie que viviu na primeira metade do século XIX, que a ignorancia e a superstición definiron como home-lobo de Allariz. Outras dúas novelas –*Memoria do soldado* (2002) e *Lukumi* (2006)– trasládannos aos tempos da guerra civil e aos da colonización cubana.

Palabras cargadas de loito abren a porta da traxedia existencial que vai ser contada. A última novela de Alfredo Conde presenta estrutura ternaria: tres voces narradoras –un narrador anónimo e omnisciente, unha filla de María Pita e un parente de Francis Drake– van tecendo os seus respectivos relatos ao longo de trinta capítulos datados, que nos falan da historia da cidade da Coruña e da historia das vidas paralelas e confrontadas destes dous personaxes singulares e míticos. O resultado é un texto dinámico e áxil en que se retarda o momento culminante da acción.

A pequena cidade herculina é unha cidade marítima –“unha lingua de terra”–, case mariña, metida no mar, poboada por xente de mar. Os seus moradores han de resistir heroicamente o asedio feroz da poderosa flota inglesa. Vítimas da longa pugna entre os imperios español e inglés por manter a hexemonía nos mares. Francisca de Arratia, filla de Maior Fernández da Cámara (María Pita), cóntanos a traxectoria vital da heroína coruñesa; unha muller combativa, con grande determinación e coraxe, tamén ambiciosa e controvertida, nunha sociedade hostil. A admiración e o respecto filiais non lle impiden facer un retrato realista e críbel: “Foi unha gran muller. A súa gran fazaña non consistiu en lle arrear un pau a un invasor nunha arroutada, senón a batalla gañada día a día nun mundo feito para os

homes, á súa medida; no mundo da paz, que non no mundo da guerra; no que sempre entraron as mulleres, moi ao seu pesar, por certo” (páx. 271). Exercicio de humanización ou desmitificación, que atinxe tamén ao protagonista masculino. Determinación e ambición son trazos que enfeitan a figura axigantada do almirante-pirata inglés, temido polos seus e polos inimigos por mor do seu proceder despótico. Malia a devoción que lle profesa, nin sequera se mostra indulxente con el o seu parente e

erotismo como eixes temáticos da narrativa de Alfredo Conde. Con certeza, impregnan as páxinas deste romance, feito de sentimentos e paixóns. O autor salienta dous, que determinan a actuación das persoas en situacións extremas: o odio e a ira. “O odio pode ser liberador de estrañas e construtivas enerxías” (páx. 149). “É entón cando ao odio vénselle sumar outra forza poderosa e feroz, a da ira irremprible.” (páx. 152). Son as mulleres as que senten con máis intensidade. Elas son as que levan o peso da vida. *María*

**María das Batallas é un recoñecemento ás mulleres pola súa grande contribución, en condicións ben precarias, á conquista da liberdade**

subordinado, na memoria das súas andanzas marítimas e terrestres.

Máis alá dos acontecementos narrados, o autor mergúllase no mundo interior destes dous personaxes senlleiros co obxectivo de achar as claves coas que poder interpretar a conduta humana. Expresión da soidade e liberdade individuais, que teñen de resistir fortes e continuas presións da sociedade. O profesor Anxo Tarrío ten subliñado o vitalismo e o

*das batallas* é un recoñecemento ás mulleres pola súa grande contribución, en condicións ben precarias, á conquista da liberdade.

A forza da narración, con ese estilo case barroco do que tanto gusta o autor e que tan ben lle acae ao romance histórico, envólvenos de tal maneira que nos fai presenciar en persoa os tempos heroicos de outrora.

// Delfín Caseiro



# Manual de autoaxuda

## Narrativa galega Cargado de bos propósitos, o último libro de Séchu Sende fica en terapia para linguas oprimidas

Made in Galiza · Séchu Sende · Galaxia, 2007 · 154 páx · 12 euros



Ás veces un pregúntase se libros como este terían sentido nalgún outro lugar do mundo. Se habería un editor disposto a publicalos e lectores capaces de pasar con interese do seu primeiro conto. O último libro de Séchu Sende está cargado de bos propósitos, ten a mellor intención do mundo e semella ser portavoz das preocupacións e inquietudes dun bo número de galegofalantes. Como punto de partida podemos consideralo correcto: é difícil (ou imposible) non estar de acordo con esta proposta. Porén, para que un libro teña interese –por pequeno que este sexa– e concite a atención do lector, e faga que este experimente a milagre da implicación co que está a ler, fai falta algo máis que boas intencións e ser unha persoa preocupada por aquilo do que está a falar. Fai falta esa cousa intanxible e difícil de atrapar nunha descrición curta que diferencia os simples escribidos dos escritores e a estes dos artistas.

Precisamente este é un libro no que hai de todo agás esa cousa tan estraña que chamamos literatura: hai boas intencións, hai onomatopeas a patadas, hai nenos dun ano que se preocupan polo idioma que falan os seus pais, hai nenos de cinco anos que



A escritora Teresa Moure. // Aduaneiros sem Fr

se preocupan máis aínda que os de un, hai palabras que contan a súa vida, hai letras que discuten entre elas, hai chistes –moitos–, uns fáciles –moi fáciles–, outros algo menos fáciles, hai momentos supostamente líricos, poéticos e tenros, hai historias de amor, hai xogos literarios que supostamente son enxeñosísimos (“eu nunca serei yo”), hai anuncios imaxinarios, hai prospectos farmacéuticos e incluso un apaixonado canto de amor á

lingua galega que, como peche do libro, ten a virtude de deixar o lector totalmente estupefacto.

No mellor dos casos as historias provocan un leve sorriso, en especial cando o autor saca o rifle do sarcasmo dispara con intención (dous achados divertidísimos: o Bloque Nacionalista Español do relato “Madrith” e a enquisa do “estudo sociolingüístico sobre a mocidade baixo o efecto das drogas”), pero por desgraza, a

meirande parte das historias non tiran por este camiño, senón polo das branduras máis obvias, esvarando moi perigosamente cara aos territorios de certa “literatura” contemporánea que disfrazada de relatos ou novelas o que son simples manuais de autoaxuda e que confunde o cursi co fermoso, as obviedades coa sabedoría e o chiste fácil coa corrosión do humor.

//Eloy García

## Onde?

### Antía Nara contra o multiculturalismo

Xerais recupera a súa colección adicada a novos narradores (Abismos) publicando a primeira novela de Antía Nara (A Coruña, 1974), que conta das vidas e lugares de dúas mulleres criadas en dúas aldeas, unha en Landra (Paquistán) e a outra en Al-Luaira (Galiza), das que marcharon para facer carreira universitaria en dúas cidades –Compostela (?) e Lahore– e que rematan atopándose en Londres, escenario clásico dos relatos multiculturais máis recentes.

Mais Nara foxe de encontros das culturas, celebración da diferenza, parques de atraccións e conferencias internacionais con traxe rexional como solución dos conflitos actuais para refuxiarse nunha tese que a conduce a erros similares. O relato establece un paralelismo constante entre as

### Non se supera o paradigma liberal que presenta as culturas como fenómenos naturais

miserias das sociedades da aldea galega e a paquistaní, centrado en redes caciquís, desenvolvemento da clase media rururbana e posición da muller (con descrições máis detalladas para o caso galego). Fóra dos malabarismos que se fan para que o paralelismo sexa verosímil, non se supera o paradigma liberal que basea a idea de multiculturalismo na presentación das culturas como fenómenos naturais que só se distancian no tempo e no lugar e que só se poden superar antepoñendo o individuo (as estudantes universitarias) fronte ao colectivo (as aldeas das que foxen).

A novela retrata con tino o universo rural galego e esboza o paquistaní sen caer en tópicos recoñecíbeis, denuncia duramente a situación da muller nas dúas sociedades mais orbita sen solución arredor da cuestión fundamental: cal é o lugar da inxustiza.

// Xosé Carlos Hidalgo Lomba

Aquel lugar · Antía Nara · Xerais, 2007 · 186 páx · 12,50 euros



## Lectores monodose e questione della lingua

Armando Requeixo

É sorprendente a presenza e vitalidade das que gozou sempre entre nós e segue a gozar un xénero narrativo como o relato, que foi mudando cos tempos, xaora, pero que continúa ben vivo en modalidades como o mini e microrrelato, o ciberrelato ou os relatos diarísticos e epistolares ficcionalizados, que comparten protagonismo hoxe cos clásicos relatos curtos ou breves e os contos longos, xa na fronteira da noveleta ou novela curta.

Coido que entre as explicacións posibles para este feito habería que situar a sombra da tradición, o espello da historia literaria propia, con escritores doutra hora abondo voluntaristas, sen moito tempo que dedicar a longos textos.

Actualmente as nosas letras atravesan unha fase de *paranormalidade* que, tendo deixado atrás certas limitacións sistémicas pasadas, aínda non alcanzou condicións harmónicas que as regularicen e iguallen en maior medida con outras literaturas da contorna. Velaí, coido, porque os nosos narradores, maioritariamente aínda non profesionais (semiprofesionais no

mellor dos casos), continúan a ver no relato un xénero posible.

O dito explicaría por que abundan os volumes contísticos resultado do (re)aproveitamento de obra édita dispersa, que *funcionan* no sistema como unha maneira de pór novamente en circulación textos que no seu día se escribiron para circunstancias varias e en diversos soportes como contos (máis ou menos) breves que se cadra terían delongado moito máis a súa aparición se fosen ideados formando parte dun volume, de extensión necesariamente moito maior e, por tanto, doutras esixencias temporais.

Doutra parte, a realidade social presente, cun mundo globalizado, tecnoloxizado e ultrarrápido, con individuos afeitados en todas as ordes da vida a un consumo acelerado de textos orais e escritos converte os relatos en idóneos para unha sensibilidade lectora que se manexa en distancias curtas, en monodoses doadamente inxeribles sen as complicacións descodificadoras que adoito supoñen os crípticos mundo poéticos e as carencias de tempo que os eidos laboral, familiar etc.

impoñen aos noveladictos e bestsellerizados, numerosos tamén, por suposto.

En paralelo a todo o anterior discorre outro fenómeno igualmente rechamante: o notable éxito que obteñen aquelas obras nas que a *cuestión da lingua* devén central. Entendo que aínda fica entre nós un lector filoloxizado, patriotizado, que superpón ao estritamente literario valores da escrita sociolóxicos e/ou ideolóxicos e, daquela, ve con agrado estas temáticas que volven, máis unha vez, a pór de relevo unha problemática sen resolver.


Neste sentido, serían xustamente os xéneros narrativo –o máis popularizado– e teatral –o de máis nidia intervención directa cando o escrito dá o salto ao escénico– os preferidos para o tratamento desta circunstancia e, por tanto, os que con maior eficacia poden gañar o favor dun público que empatiza, comprometidamente, coa *causa da lingua*. Así se explicaría a positiva acollida amosada polo lectorado a obras de recente aparición como *Comedia bífida*, de Xosé Manuel Núñez Singala ou *Made in Galiza*, de Séchu Sende, que, alén dos seus valores intrinsecamente literarios, deixan tramar nas súas páxinas todo un ideario lingüístico que nesta *normal anormalidade* na que vivimos instalados segue tendo moito que dicir.



# Demos no teatro de roles

**Narrativa galega** Proxecto pioneiro de facer unha ucronía galega

**Os dominios de Gólgur** · John Alonso · Morgante, 2007 ·



Estamos en terras do ducado de Miranda e corre o ano do Noso Señor de... ei, agarden! Non é ano do Noso Señor, porque esta non é terra cristiá, senón un reino onde impera a maxia, onde os humanos conviven cos ananos, coas delcias e cos demos, e onde o duque conspira porque quere ser rei, para o que contratará á clásica compañía roleira, a de seres que representan cadansúa raza.

Polo mapa do noroeste de Galiza tres personaxes percorrerán vilas e aldeas sen termos moi claro as súas motivacións, xa que agás Exerio non coñecemos o que pensan os protagonistas até o precipitado remate; e é que semellaba que aínda ficaban moitas cousas por aclarar antes desa fin.

A trama ten moito máis de descrición que de emoción, literatura doada, de ler e de esquecer, entretida, sen máis pretensións cás de facer pasar unhas horas agradábeis aos moitos

afeccionados á fantasía, ao rol e á maxia que desexamos produtos en galego. Porén, o atrevemento da editorial Rinoceronte co seu novo selo Morgante pagarase coa moeda do desprezo polos que só procuran a extrema corrección literaria e non o simple divertimento do que non deixa de ser unha industria ademais dunha arte. John Alonso (A Coruña, 1967) nunca será candidato ao Nobel, pero de contar coa debida axuda por parte das editoriais do noso país si que podería ser o fundador dun segmento do mercado inxustamente esquecido.

Falando desapaixonadamente, hai que facer un balance equilibrado. O libro semella obviamente escrito por e para un roleiro, adoece de fluidez, de redondez e mesmo de sinxeleza, pero no outro prato podemos poñer o galego ben corrixido, o intento pioneiro de facer unha ucronía galega, un *what if* de Galiza sen cristianismo, e sobre todo o valor de escribir un relato longo con temática fantástica que pode ser clasificado coma novidade moi significativa nas nosas letras.

// Fran Morell

# Fotogramas de gris infinito

**Narrativa galega** Prosa cutter que trepana na brutalidade da súa concisión

**Vidas post-it** · Iolanda Zúñiga · Xerais, 2007 · 136 páx · 12,50 euros



Coma unha pancada no medio e medio do estómago. Un tráiler narrativo que pasa por derriba de ti sen deixarche tempo apenas para a derradeira mirada comprensiva. Así son e así se deixan sentir as *Vidas post-it* de Iolanda Zúñiga, vaguesa que se estrea con este libro de minirrelatos no zoco literario de noso.

Os de Zúñiga son contares ganduxados polo musical nos rótulos, tal harmónica cacofonía e paradoxo continuo de flashes. Historias descritas, irónicas, corrosivamente ácidas cunha sociedade aburguesada, bempensante, estupidizada no opio da convención e o que dirán. Ora, tamén hai aquí lóstregos de indecisión vital, burlateiras

navalladas contra a automaxinación por moda, contra a incoherencia dos antisistema de boca para fóra e para de contar.

Preto de medio cento de relatos de estilo directo, prosa cutter que trepana na brutalidade da súa concisión, no esmagador de imaxes que evisceran calquera abrollo de delicadeza mexeriqueira. Un tren de curtametraxes nas que desfilan vagóns de desamor, rutina, desazo, tolemia, sarcasmo, obsesión, soidade, incompreensión, impotencia, traizón, ruína, vergoña, incomunicación, desolación e morte. Reverso escuro e escorpións desafuzados. Fotogramas sepia de gris infinito.

Moito bo leva descuberto esta Colección Abismos de Edicións Xerais de Galicia, agora, por certo, renovada –e para ben mellor– no material. Incorporar á súa nómina estas *Vidas post-it* de Iolanda Zúñiga é acerto notorio que as lectoras e lectores con olfacto han agradecer.

// Armando Requeixo



A «picaresca» de Katáiev transcorre na Rusia soviética dos anos 20.

## Tradución

# Esmorga moscovita

Rinoceronte publica a versión galega d' *O desfalco* de Valentin Katáiev, un clásico da novela satírica rusa

**O desfalco** · Valentin Katáiev · Ekaterina Guerbek (trad) · Rinoceronte Editora, 2007 · 194 páx · 16 euros



Da man da coidada tradución de Ekaterina Guerbek, introducímonos nunha novela ambientada na cidade de Moscova nos anos vinte –publicouse por entregas en 1926– e que se pode caracterizar de “picaresca”. Non me refiro tanto á picaresca dos protagonistas que cometen o desfalco, canto á dos personaxes que van xurdindo pouco e pouco e que se desenvolven moi ben á hora de aproveitar a boa sorte que lles supón a presenza nas súas vidas de dous homes cunha gran cantidade de cartos.

En certo modo Filip Stepánovich e o caixeiro Váñechka semellan predestinados a cometer un delito do que hai un andazo na cidade e ao que os empurra o ordenanza Nikita dun xeito que se pode cualificar de disparatado. Tras uns vasos de vodka espertan nun tren que os conduce a Leningrado, onde coñecerán unha serie de tipos humanos que só buscan o propio proveito. A súa viaxe de esmorga inclúe varios trens entre cuxos

viaxeiros non falta o xogador hábil e trampulleiro capaz de superar sempre co seu xogo o adversario, neste caso un Filip Stepánovich que acaba desistindo grazas aos insistentes rogos do caixeiro.

Abundantes descrições non exentas de lirismo, e que trazan cadros ás veces costumistas, ás veces impresionistas, espállanse ao longo da novela para situarnos en ambientes movidos pola cobiza ou a miseria das que os protagonistas son vítimas case inocentes por non

individuos que saen de esmorga cos cartos públicos; tampouco non se afonda na súa psicoloxía máis que para deixar perplexo un lector que non pode menos que preguntarse como é posible tal debilidade de carácter. Non se xulga nin se critica en ningún momento os personaxes; é o propio lector quen vai sacando as súas conclusións a medida que a obra avanza.

Podería destacarse certo humor, quizais grato para algúns, baseado en situacións dantescas que van

**Filip Stepánovich e Váñechka semellan predestinados a cometer un delito do que hai un andazo na cidade de Moscova**


distinguiren entre a realidade e os seus soños. Ben se percibe a débeda de Katáiev (1897-1986) co *Quijote* de Cervantes.

A ironía evidente non consegue ocultar por completo un pouso de amargura que aboia durante toda a novela, coma se o autor non acabase de crer por completo no xénero humano. Non hai bondade nin clemencia para un par de

levando os protagonistas a un desenlace bastante previsible, evocador, unha vez máis, do fidalgo manchego. Certos comentaristas ven lazos entre a obra de Katáiev e Gogol; tamén se poden ver entre aquel e Chéjov, pero que dúbida cabe que os escritores rusos teñen un aquel común inconfundible.

// Uxía Casal





Roberto Bolaño // Arquivo

## Outras narrativas Contemplar o suco

Terceira publicación póstuma do chileno Roberto Bolaño e talvez a que máis se presta á controversia

**El secreto del mal** · Roberto Bolaño · Anagrama, 2007 · 182 páx · 16 euros



Muito se ten falado xa da poética da inconclusión na obra do chileno Roberto Bolaño (1953-2003), canto máis nos encontramos a textos que a pesar do seu aire recoñecible estilisticamente non teñen nin puideron ter na súa maioría o aprobado do

a data, e se cadra a que máis se presta á controversia, non se trata neste caso do esforzo titánico que comportaba a escrita de 2666 e que xa en vida de Bolaño era agardada polos editores como a súa obra magna, tampouco é o caso de *La universidad desconocida*, pois se ben se introduciron cambios na escolla que orixinalmente barallaba o escritor, era ben coñecido o seu desexo de reunir poemas nunha obra ampla. Neste *El secreto del mal* está presente a man de Ignacio Echevarría, crítico e testamenteiro literario da obra de Bolaño, vertendo os contos atopados nun arquivo

## Bolaño dota todo o que toca dun aroma entre serie B, erudito, cyber punk e novela negra

escritor, se ben é certo que para os familiarizados coa súa escrita é ben sinxelo pescudar as deliberadas interrupcións que se suceden de forma máis ou menos abrupta en boa parte dos relatos como un trazo propio que Bolaño sitúa preto do centro do canon latinoamericano. Inconclusión e movementos na marxe da trama, basculando ao redor dun punto difícil de atopar, pesadamente presente, “como si en Parque Jurásico nadie mencionase ni una sola vez a un jodido reptil...”.

É esta a terceira publicación póstuma de Roberto Bolaño ata

do ordenador, completando a selección con pezas xa publicadas na prensa e engadindo textos inacabados nun intento de dotar o libro da organización e mestura de xéneros que mostran as anteriores compilacións do autor; aí queda.

O lector atópase nun neboeiro que parece permitilo todo, o relato autobiográfico en forma de momento roubado á memoria, sen pretensión totalizadora, tal é o caso de *La colonia Lindavista*, tal podería ser o caso de *El viejo y la montaña* se non fose ao tempo un retorno ao ciclo de Arturo Belano, narrador

presente en boa parte da última produción do autor, un Arturo Belano que sobrevive a Bolaño en *Las jornadas del caos*, pura teoría do iceberg que transcorre no ano 2005, dous anos despois do pasamento do autor, e que nos leva directos a outros relatos inconclusos, como camiños arredor do baleiro; *El secreto del mal*, iceberg, metaliteratura, novela negra; *La habitación de al lado*, a morte e a violencia circulan polas dúas dimensións do relato, América Latina como un desangrarse a cachón.

No terreo da crítica literaria non é Bolaño menos heterodoxo, non renuncia a un acusado sentido do humor en *Sabios de Sodoma*, as impresións máis ou menos precipitadas de Naipaul en Buenos Aires, o gusto “desprezable” que os argentinos senten sodomizando ás súas mulleres; en *Derivas de la Pesada* somete ao canon novelístico arxentino a un intenso repaso nada indulxente, salva entre loureiros a Borges, Cortázar, Lamborghini e Wilcock. *Laberinto* é a indagación nunha fotografía na que figuran intelectuais franceses da órbita da revista *Tel Quel* e que permite a Bolaño afiar a súa imaxinación para ler as miserias cotiás. Non deixa de ser fascinante asistir a como este chileno expatriado é capaz de dotar todo o que toca dun fino aroma entre serie B, erudito, cyber punk e novela negra; “a veces, Belano contempla el surco”.

// Alexandre Cancelo

## Lembranzas do presente

Outras narrativas Nova entrega do autor de *The Rotters' Club*

**The rain before it falls** · Jonathan Coe · Penguin, 2007 · 278 páx · 11,99 libras



natural en aparencia, inqueda a Gill, a familiar que exerce de testamenteiro. O seu labor consiste en localizar a unha persoa, outra muller, á que case non coñecen, pero que deducen de primordial importancia para a finada. O destino último dese contacto é a entrega dunhas cintas gravadas, que conteñen a cerna da historia. Prodúcese así unha dobre procura, no presente e de esculca no pasado, con resultados insospeitados.

Jonathan Coe (Birmingham, 1961) é principalmente coñecido pola súa serie de novelas en que explora o pasado común recente do seu país: a sátira aceda dos anos do thatcherismo en *What a carve up!* e unha ollada de lene nostalgia polos setenta na súa celebrada *The Rotters' Club*, que logo tería unha secuela e conclusión en *The closed circle*. Coe retrataba as ideas e sentimentos dominantes en cada un destes períodos a través das vivencias individuais dun reparto coral, que se influían en diversos planos e correntes: entre eles e á sociedade do seu tempo, que ademais lles devolvía o impacto amplificado; existía un equilibrio entre o persoal e o colectivo que mantiña a balanza entre o compartido e o íntimo.

Nesta nova entrega, *The rain before it falls*, o autor carga todo o peso sobre as motivacións máis persoais dos personaxes e as súas consecuencias sobre as súas vidas

O principal recurso narrativo do libro é a descrición dun grupo de fotografías –empregado por moitos outros escritores: Julio Llamazares en *Escenas de cine mudo*, por exemplo– coas que se constrúe a historia dende un pasado máis ou menos distante ata o presente. Cada retrato ou instantánea fugaz remite a unha historia ou escena da que se extrae unha reflexión sobre as relacións entre nais e fillas –esta é unha novela habitada por mulleres–, a lealdade ás persoas, malia os desenganos, a procura dunha felicidade que sempre acaba por esvaeerse, e a formación dunha personalidade a partir das experiencias propias pero suxeita tamén, inevitabilmente, ás decisións de terceiros.



Jonathan Coe // Arquivo

e as de familiares e amigos, mesmo as dos que nacen e viven en tempos diferentes. É certo que a novela abarca case cincuenta anos e que Coe pode evocar as evacuacións da Segunda Guerra Mundial por mor dos bombardeos nazis, pero o ámbito no que se desenvolve a narración é, en esencia, o da intimidade. En *The rain before it falls* a sombra do pasado é alongada, a proba de que as decisións de quen nos antecederon deixa en nós unha poderosa pegada da que moitas veces resulta difícil evadirse. Nun arranque canónico, a novela comeza a tirar do nobelo coa morte dunha muller de 73 anos. O pasamento,

O gran achado de Coe nesta novela é a voz narradora, sedutora e por veces conmovedora. O personaxe que a complementa, en cambio, queda reducida a unha sombra, malia a súa calidade de enigmática e de seren o motor que impulsa a historia cos seus actos. O escritor volve demostrar o seu talento para contar –mesmo invita nas derradeiras páxinas a unha sensación de parodia deses finais nos que todos os fíos, por moi inverosímiles que sexan, sempre acaban por anoarse– e ofrece de novo unha lectura engaiolante.

// Xesús Fraga



OUTUBRO 07 TEMPOS NOVOS

125

REVISTA MENSUAL  
DE INFORMACIÓN  
PARA O DEBATE

4

**Dossier**

**O Casón, vinte anos despois** Miguel A. García Álvarez

**Sociedade**

**Educación para a cidadanía: as claves da polémica**

Xan Bouzada, Xesús R. Jares, Xosé L. Baños, M. Vázquez Freire

**Enviado especial**

**O Auswitchz sirio** Moncho Iglesias

**Cultura**


**Crónicas da Bienal de Venecia, Kassel e Münster**

**Entrevistas**

Enrique Nicanor, Suso Iglesias, Xurxo Souto, Anxo Moure, Rubén López

**Pese ás promesas  
do bipartito**

**A TVG  
SEGUE  
CAUTIVA**







## Poesía

# O eu lírico existe e hai xente detrás

Compilación de textos de cinco mans que non chegan aos trinta anos, premiados no certame Gzcrea 2006

**Isto é un poema e hai xente detrás** · VV.AA · Espiral Maior-Xunta de Galicia, 2007 · 136 páx · 17 euros



O certame Gzcrea 2006, no apartado de poesía, deu para dous libros coeditados por Espiral Maior e a Xunta de Galicia. Xosé Antón Cascudo, autor inédito, recibiu o primeiro premio con *Manual do misántropo* en canto o segundo e o terceiro, canda tres mencións de honra, compoñen *Isto é un poema e hai xente detrás*, compilación de textos de cinco mans que non chegan aos trinta anos.

Ese tramo de idade para o que a estatística nos fala de precariedade económica e inestabilidade laboral compón aquí unha foto de grupo que parece acreditar na subxectividade como vía para o coñecemento. E é que sobrancea marcadamente a lírica, entendida á maneira de quen acredita nos xéneros, e o discurso entre o desamor e o amor.

Comprobamos que non hai voces inéditas, que Lucía Aldao e Brais González, segundo e terceiro premio do certame, contan con cadanseu libro publicado así como con obra espaxada en revistas, e que entre as

mencións de honra temos nomes que xa coñecemos, tamén da narrativa, como o de Alberte Momán e Leticia Costas, así como unha poeta con tres obra na rúa, o caso de Verónica Martínez Delgado.

Aldao, posta a dividir o mundo en dúas partes, as baleas e as baleas, non nolo explica talvez porque

### Sobrancean marcadamente neste libro a lírica e o discurso entre o desamor e o amor

con Luísa Castro quere falar dunha perda de inocencia que ten moito de desposuimento “alí onde cheguei vestida de mil cousas / e espida de min mesma”.

A súa poética ten como ítem máis salientábel unha concepción da violencia que contén unha incorporación do mellor traballo poético realizado aquí por mulleres nos últimos vinte anos, e que ten nas *Ortigas* de Xiana Arias un nó

último de proído. Non falamos só da importancia de sexo e marcas xenéricas, que comparte coas outras catro voces do libro.

Entre a magnolia e a fin dun canto están os poemas que Brais González compuxo en “Heraldo das escuras horas”, cunha dicción aínda en exceso lastrada polas moitas débedas e nostalxias, tamén o único ensaio que escora cara á síntese coa poética civil que a compilación contén.

E na beira do discurso amoroso camiñan os versos de Costas en “Aparición de triste”, desde o confesional con tenues salpicaduras de acedia, tamén os de Momán cun certo contrapunto irónico e tenro en “De ter un can chamaríalle Guenguís”, e os de “O ladrón de almas” de Martínez Delgado, cunha fragmentación da identidade que atravesa a súa creación desde *Desterrada do meu corpo* (2001).

Estrañamos en *Isto é un poema e hai xente detrás*, se acaso, unha maior consciencia das fendas, unha distancia necesaria –ou talvez non abondo explícita– do relato que xebra o íntimo e o cívico sen que esta separación sexa en ningures inocente. Se cadra non é isto máis ca un pedimento para saírmos do solpor romántico.

// Ana Salgado

## Linguaxe constrúe territorio

Poesía Unha sombra de incerteza planea polo primeiro libro de Méndez

**Derradeiras conversas co capitán Kraft** · Oriana Méndez · Galaxia, 2007 · 68 páx · 9,50 euros



Oriana Méndez posiciónase, maniféstase ás claras, no seu primeiro libro en solitario. O texto deita unha vontade discursiva que alcanza por igual as dimensións ética e estética, e nela conviven a consciencia da poesía como ferramenta de intervención e, como parte da mesma actitude, a intención de pór en marcha unha linguaxe literaria emprazada na fronteira do dicíbel. Por *Derradeiras conversas co capitán Kraft* desfilan unha mancha de voces aglutinadas ao redor do desexo revolucionario e á ficción existencial (“abandonado o vagón que nos conduciu durante décadas agochados nas lindeiras da outridade, en prol da / experimentación humana polo cambio violento e definitivo no

Non hai, por iso, intimismo e sensualidade *en clave feminina*, tamén non hai lirio nin páxina en branco. Entrecrúzanse, por contra, infiltración nos dispositivos de dominación, a ollada cravada nos ocos da resistencia e unha aposta arriscada pola linguaxe como revelación, posta ao servizo dun discurso insurxente.

Un imaxinario foráneo iluminado desde París (“centro dun mundo”), sen a pexa do exotismo –filtrado en paisaxes, cidades, personaxes– é proxectado cara a Galiza e artellado a través dunha voz comunal en que as ideas de *distancia* e *vertixe* serven para desalentar lecturas enrocadas nas esencias (“Lonxe de Centroeuropa / caen coitelos dunha vinganza certa / mentres os habitantes podemos ser / aínda / protagonistas dun himno por inventar”).

Planea polo texto unha sombra de incerteza e misterio, de imprecisión alimentada desde o propio título (ese capitán irrecognicible nestes dominios) e



Oriana Méndez // Arquivo

### Por *Derradeiras conversas...* desfila unha mancha de voces aglutinadas ao redor do desexo revolucionario e a ficción existencial

modo de produción, / o capitán non regresou á súa realidade na Alemaña capturada do século XXI”). E nunca se dá sabido todo.

A autora reconfortase no lugar en que se puxo a pensar hai xa algún tempo: as Redes Escarlata, e o libro hai que lelo da par de, poñamos por caso, *Fruto do teixo* (Xabier Cordal) ou *A ponte das poldras* (Chus Pato). Inscríbese, deste xeito, na empresa de reconfigurar imaxes, símbolos e linguaxe para entrar no século de vez, crebando estrutura.

coroada polo tempo en que se dá en datar o libro (2010). Hai, entón, unha resolución de estranxeiría na voz e na escrita que sosteñen o libro, a intención de situarse nun fóra que trace espirais discursivas sobre unha existencia acosada e dependente. E nese arrabalde, dispuxérono antes Paul Celan, George Trakl, Alfonso Pexegueiro ou Chus Pato, fundar algo novo que estrale na linguaxe (outra).

// Isaac Lourido



## De saudades setentrionais

Poesía Novo número da revista que dirixe dende Portugal Antonio Queirós

Saudade, revista de poesía  
nº 9 · Associação  
Amarante Cultural ·  
Edições do Tâmega, 2007  
8 Euros



Da man de António José Queirós chéganos polo sempre agradábel correo ordinario o número 9 da revista Saudade. O seu director, xa coñecido por ambiciosos e consumados proxectos como a revista *Anto* (á memoria de Antonio Nobre e sobre as literaturas lusófonas), ofreceunos até a data un consello de redacción composto por nomes ben coñecidos da poesía portuguesa actual: Amadeu Baptista (ver Protexa 3), Helga Moreira, António Cândido Franco, Henrique Monteiro, Jorge Velhote, José Augusto Seabra, Luís Amaro e Sérgio Pereira, para alén de colaboradores como Casimiro de Brito e José Luís Peixoto. Cun deseño xeral moi simple (capa de Humberto Nelson e ilustración de José Rodríguez), ten unha tiraxe de cincocentos exemplares e unha periodicidade anual.

O título da revista fai referencia a un concepto moi arraigado na reflexión metafísico-poética galego-portuguesa e que o dicionario define, coas esperadas limitacións, así: «Recordação nostálgica e suave de persoas ou cousas distantes ou passadas». Nun sentido máis amplo, podemos relacionalo coa soidade que o individuo sente perante a grandeza de todo o que existe, e que nos lembra o tópico do «triste» na literatura hispánica medieval e renacentista, e aínda na poesía decimonónica: algunhas personaxes como o «triste» cativo do *Romance del prisionero*, o Cabaleiro da Triste Figura do *Quixote* ou outros de poemas de Rosalía de Castro e António Nobre.

Na presentación do número primeiro afirmábase un ámbito xeográfico preciso como orixe de dimensión telúrica: a zona do Douro, ámbito natural de dous poetas da máxima consideración na literatura portuguesa: António Nobre e Teixeira de Pascoas. É, polo tanto, unha revista orgullosamente setentrional, e que sempre mantivo a coherencia de albergar colaboradores galegos como se unha irmandade esencial nos fixese indiscutíbeis partícipes da súa mesa.

Nacida en 2001, a revista ten ofrecido asento a autores de moi variada xeografía: portugueses, galegos, brasileiros, franceses, hondureños, colombianos, arxentinos, españois, polacos, romaneses. Entre os galegos figuran Xosé Lois García, José António Lozano, Xoán Neira, Carlos Quiroga, José Ángel Valente (traducido para portugués por Amadeu Baptista), César Antonio Molina (en castelán), Xosé María Álvarez Cáccamo, Yolanda López, Tati Mancebo, Ramiro Torres e quen isto escribe.

// Alfredo Ferreiro

## Xeografía do encontro

Poesía Un chanzo máis na imbricación, xa habitual en Baldo Ramos, entre a fotografía e a palabra escrita

O ourego e o compás ·  
Baldo Ramos ·  
Fundación Curros  
Enríquez, 2007 ·  
79 páx · Non venal



Desde o momento no que compuxo os seus primeiros libros de artista, como, por exemplo, *Ut pictura poesis*, manifestaba ben ás claras Baldo Ramos o desexo por establecer un diálogo interno entre a palabra e a imaxe pois sempre se mesturan os poemas con deseños, letras chinesas, reproducións de cadros e mesmo coa propia caligrafía do autor actuando a xeito de elemento visual. A partir de entón, cada nova obra viña ser un chanzo máis nesta imbricación entre ambas as artes mentres o seu nome ía adquirindo cada vez maior peso nos campos da pintura e da poesía como o demostran as numerosas exposicións nas que ten participado na súa faceta de artista plástico e os premios literarios que galardoa a súa obra escrita (caso do Concello de Carral, o Celso Emilio Ferreiro ou, máis recentemente, o IV Certamen de Poesía Hispanoamericana Víctor Jara). Neste sentido, non debe estrañarnos que *O ourego e o compás* –o máis recente poemario de Baldo Ramos, reeditado pola Fundación Curros Enríquez tras da primeira edición feita pola revista *Casa da Gramática* en 2006- volva afondar no encontro entre os versos e as imaxes, aínda que, neste caso, opte o autor por explorar a arte da fotografía en detrimento do debuxo que ten unha presenza moi reducida no volume.

As fotos, de elementos da natureza e de construcións humanas, pretenden mostrar, como di Xavier Castro Rodríguez no prólogo, o “Continente terreal e contido humano nunha silenciosa e




tácita interdependencia” que tamén se explora nos propios textos. Así, procúrase a “xeografía do encontro” entre a terra e o ser que a habita, representados ambos os dous mediante o recurso aos símbolos do ourego (a orixe, a raíz) e o compás (o periplo vital, a ruta que cada quen traza sobre os camiños). De aí que os topónimos, tan presentes nos poemas, sexan un elemento moi significativo pois non só evocan os lugares da infancia do eu (Anxeriz, Callarriba, Sobrado, Val do Oza, etc.) senón que traen ecos de algúns dos grandes *topoi* literarios (o Caurel de Novoneira, Harar coas pegadas de Rimbaud ou o Barbantes natal de Manuel Vilanova).

Ademais, na obra reencontrámonos cos temas recorrentes na poética de Baldo Ramos: a memoria como capacidade que caracteriza ao ser humano (“Somos fillos da memoria/

semente que prende entre as resmas do ourego”), a reflexión sobre o poder da palabra (“a man dubida// sabe que nas palabras se agocha/ a verdade das cousas (...) a man dubida// sente/ que as palabras saben máis/ do que a memoria lembra”) e o paso do tempo representado por un río que flúe entre os dedos achegándonos á derrota e á morte. Fronte a isto, o poema aporta sabedoría e esperanza pois grazas a el chegamos tamén á beleza, unha sorte de “ficción na que o real/ só é un verso desbotado”. Velaí que o poeta, como “o calígrafo, o amanuense percorre vastos territorios do corazón, o pensamento e a patria onde sempre hai un sentimento rotundo para os seus”, como di Xavier Castro, o desexo de cartografar a xénese e a meta da nosa vida.

// Teresa Seara



Erín Moure  
TEATRIÑOS  
COLECCIÓN DOMBATE

Os seus poemas abren recunchos agochados na percepción e na linguaxe, descubren no miúdo, no común, un brillo ignorado ou un matiz perdido.

www.editorialgalaxia.com



Helena de Carlos  
VIGO  
COLECCIÓN DOMBATE

A cidade de Vigo como escenario de escolas, bacharelatos, veráns... Velaquí a literatura como equipamento para a vida, unha arte para sobrevivir no asedio do absurdo.



Literatura infantil e xuvenil

# Todos somos monstros

Marcos S. Calveiro volve en *Rinocerontes e quimeras* ao século XIX para detectar o odio contra a diferenza

**Rinocerontes e quimeras** · Marcos S. Calveiro · Tambre, 2007 · 160 páx · 8,70 euros




Seis nenos deformes, un pobre infeliz que só sabe obedecer, tristeza, tenrura e esperanza son os elementos principais cos que Marcos S. Calveiro crea os seus *Rinocerontes e quimeras*, que viron a luz na colección Catavento da editorial Tambre.

A historia desenvólvese nun espazo pechado, un vagón de tren abandonado nunha vía morta, no que están os nosos monstros a agardar que alguén os vaia buscar. Nenasiamesas, Nenapaxaro, Nenolifante, Nenaxirafa e Nenopingüín non saben que fan alí nin que é o que lles vai pasar. Balote, o axudante de Míster B, o dono do circo, é o que se encarga deles, intenta calmalos e asegúralles que a súa situación é transitoria, que pronto irán por eles e que aínda que non llelo pareza, o circo é a súa casa, o único lugar no que poden levar unha vida tranquila e feliz.

O autor, pouco a pouco, nuns capítulos que seguen unha estrutura ben organizada, vai dando datos de cal é a situación na que están os nosos protagonistas, e a medida que pasamos páxinas imos sabendo algo máis das súas vidas, xa que son eles mesmos os que contan en primeira persoa como transcorreron os seus primeiros anos de vida e como foron "salvados" por Míster B, que os levou ó circo para formar parte da súa Galería dos Monstros.

As historias teñen todas en común o odio e a xenreira que sufriron estas persoas dende que naceron polo feito de ser diferentes ós demais. Eles non son culpables de ser así, e coas súas narracións sinxelas e humanas son capaces de facer que o lector comprenda perfectamente a súa dor e se compadeza deles dende o primeiro momento, porque no fondo todos sabemos que o feito de ser diferentes non significa que sexan peores persoas, aínda que despois á hora da verdade sempre nos quedamos mirando como pampos ós "outros", os que non cumpren canons, aqueles dos que por se acaso escapamos, non vaia ser.

Logra moi ben Marcos S. Calveiro transmitirnos unha sensación de angustia e desacougo, grazas por un lado á tensión que se vive no pequeno espazo no que están agardando estes seres deformes, ese vagón de tren no que non



Michael Paulus

hai nin auga nin comida, no que non poden ver o que pasa fóra e do que non poden saír. Por outro lado o paso do tempo está sempre presente, e cada poucos capítulos lémbrenos que a torga medra ó redor do vagón, e nós, ó igual que

traspórtanos a outra época, un século XIX no que a ciencia aínda non é quen de explicar moitas cousas, onde sen picaresca non se pode sobrevivir e no que as máquinas comezan a ter máis importancia que as persoas. Pero

**Eles non son culpables de ser así, e coas súas narracións sinxelas e humanas son capaces de facer que o lector comprenda perfectamente a súa dor e se compadeza deles dende o primeiro momento**

os monstros sabemos que cada minuto que pasa vai na súa contra, que teñen que saír, pero... e se saen de alí onde van?, quen os vai acoller? Terá razón Balote e o mellor será seguir no circo?

Despois de todo o dito, pode chegar a parecer que estamos diante dunha narración moi triste e sen ningún tipo de encanto, pero non é así. *Rinocerontes e quimeras*

sobre todo, axúdanos a pensar en todo o sufrimento que padeceron moitos seres humanos pola ignorancia dos seus conxéneres, e o que é máis importante, ver que a día de hoxe, en pleno século XXI seguimos a ser crueis con todos aqueles que por unhas cousas ou outras non se parecen a nós.

// Ana Amado Reino



## Ruídos e silencios

LIX Última entrega en galego do celebrado Jordi Sierra i Fabra

**Soidades de Ana** · Jordi Sierra i Fabra. Silvia Gaspar (trad) · Galaxia, 2007 · 180 páx · 10,50 euros



*Soidades de Ana* é unha reflexión para todos e todas. Non só para os mozos e mozas aos que vai dirixida a colección Costa Oeste da Editorial Galaxia. E a soidade pode ser fría, húmida, desesperante. Unha adolescente desorientada, unha sociedade que non escoita, hermética, asfixiante... e un tráxico final. Ana é só un recordo, algo pasou, e é Vitoria, a irmá maior, quen intentará saber qué pasou, por que o sorriso e a vitalidade de Ana murcharon para sempre. Sen a axuda dos pais, afundidos na dor pola perda dunha filla, Vitoria intentará chegar á verdade coa axuda dos amigos da irmá e de preguntas viaxará ata eses días fríos de outono, percorrendo os escuros escenarios polos que Ana deu os últimos pasos: unha farmacia, un centro hospitalario, unha malsá habitación... Xusto na era da comunicación, onde todo se volve ruído.

A historia das soidades pode desenvolverse en calquera espazo. Pode ser calquera vila galega, onde os tempos novos non asentaron e na cerna queda aínda moito inmovilismo, onde aínda se xulgan

as aparencias e onde non é doado actuar con iniciativa, fóra do estipulado. Onde un erro, un amor adolescente, pode pagarse coa vida.

Pero esta é tamén a historia das ganas de vivir a propia vida, de afianzarse, de reencontros. Hai varias viaxes espaciais, temporais e simbólicas que atravesan a novela e polas que transitamos os lectores da man experimentada de Sierra i Fabra. Vitoria chega de Londres, percorre a vila que acolleu os últimos días da súa irmá pequena, a vila que lle volveu as costas. Nesa escuridade de preguntas de idas e voltas, hai oasis que calman a rabia e a tristeza: Carol e Jairo. Amiga e mozo de Vitoria, que lle darán pulos para seguir. Cos que se reafirma na súa necesidade de saír, de respirar aire novo. Porque a vila que a viu nacer afógaa. Porque todos e todas temos que reencontrarnos e recoñecemos.

Jordi Sierra i Fabra achéganos, na súa última entrega en galego, un tema difícil de tratar: problemas adolescentes, nos que é tan doado caer na demagogia, sensacionalismo... Pero non é o caso! Estamos ante un escritor que non precisa de adobios para chegar ao lector. Axuda tamén a tradución, axeitada e áxil. Absolutamente recomendable para pais, nais, profes, mozos, mozas...

// Nate Borraxo






Ilustración de Noemí Villamuza. // Nórdica Libros

## A liña intelixente

**LiX** Un relato de Isak Dinesen ilustrado por Noemí Villamuza nunha fermosa edición de Nórdica Libros

**El festín de Babette** · Isak Dinesen · Noemí Villamuza (ilustracións) · Francisco Torres Oliver (tradución) · Nórdica Libros, 2007 · 77 páx · 26 euros



Isak Dinesen inclúe, xunto con outros tres, este relato no seu libro *Anécdotas do destino*, escrito orixinalmente en inglés. Agora Nórdica ofrécenos unha coídata edición desta marabillosa historia creada por esa cazadora de soños que “tiña unha granxa en África, ao pé dos outeiros de Ngong”. As dúas fillas dun pastor luterano, que fundara no pobo noruegués de Berlevaag un grupo de fieis piadosos, sobrevivíronlle e manteñen a memoria do seu pai e as prácticas relixiosas que aquel iniciara. Un antigo amigo pídelles que acollan na súa casa a unha muller, Babette, que chega ao pobo fuxindo da Comuna parisiense. Aceptan a muller baixo o seu teito e esta sérveas con fidelidade e desprendemento durante quince anos.

Ao se cumprir o centenario do nacemento do falecido pai e pastor, Babette pide permiso para celebrar a efeméride cun

banquete. As dúas irmás asisten escandalizadas aos preparativos do festín que se materializa nas máis exquisitas viandas e bebidas traídas expresamente de París e custeadas co diñeiro que Babette obtivo como premio dun billete de lotaría. Chega a noite sinalada e á casa amarela do pastor acoden os seus seguidores, que sentan á mesa na que van saboreando os deliciosos manxares e os finos viños que compoñen o menú preparado por Babette. Só un dos comensais, o xeneral Loewenhielm, alcanza a valorar o que se lles está servindo. Os homes e mulleres de Berlevaag continúan coas súas conversas de costume e cos seus reparos ante calquera pracer terreal.

O banquete levou a totalidade do diñeiro do premio que Babette recibira. Pero poder preparar aquela cea produciulle uns instantes de felicidade moito máis grandes que os que sentiran os propios comensais. Do mesmo xeito no que Babette non puido ocultar a súa magnificencia artística, tampouco o pode facer Noemí Villamuza ao ilustrar esta obra. Sen afastarse nin un milímetro da opción gráfica e estética que coñecemos nas súas obras destinadas ao público infantil,

acomete a ilustración deste texto con mestría e autoridade.

A gran calidade expresionista das ilustracións, que en certos momentos recórdannos a Edvar Munch, acomódase perfectamente a este texto, e, así, o xeneroso aproveitamento das calidades do grafito, dálle á páxina unha mancha de gran forza expresiva. Ademais Noemí Villamuza fai un intelixente uso da liña que enmarca e dá calidades narrativas. Valla como exemplo disto a ilustración na que Martine sostén un farol na man e as liñas circulares enmarcan a Lorens Loewenhielm no seu halo luminoso, co que a composición alcanza un ton onírico que convén á narración. Esta forza expresiva volve ser utilizada no dúo de Philippa e Achile. Ou cando Babette le a noticia do seu premio da lotaría, momento resolto cun feixe de liñas con centro no papel que a muller le. Tamén é de destacar a resolución que Villamuza adopta para representar a felicidade que senten os comensais logo da cea ou a ilustración que pecha o libro na que vemos unha Babette que, riseira e feliz, brinda por si mesma e pola súa arte.

// **Xabier P. DoCampo**

## Elas están aí

**LiX** Fran Alonso establece un fío directo co lectorado mozo

**Cartas de amor** · Fran Alonso · Xerais, 2006 · 128 páx · 9,80 euros



Teño que confesar que dende que lin *Poetízate* (2006), a arriscada e irreverente (por iso anovadora) antoloxía de poesía que Fran Alonso preparou para os máis novos, sinto unha forte curiosidade por todo o que sae das mans deste escritor, tamén eficiente editor. Cando chegaron a min estas *Cartas de amor* abrinhas coma un chocolate que se quere ir saboreando aos poucos para que o remate tarde máis en chegar. Outra volta, sorprendeume gratamente a comunicación directa, tan efectiva, que Alonso consegue establecer co lectorado mozo xa a través do limiar, “Dúas palabras do autor”. Un limiar en que aclara que o amor, ou o desamor, son unicamente as escusas que fan abrollar a fervenza de sensacións das protagonistas; mais no que tamén explica que as nove cartas que compoñen a obra foron escritas en diferentes anos, respondendo a determinados casos ao requirimento de organizacións non gobernamentais. Quizais sexan esta distancia temporal e o feito de que algunhas composicións respondan a encargos concretas o que propicie que poidamos apreciar a desigual calidade e profundidade duns e doutros relatos.


Á visión desmitificadora do sentimento amoroso e á recuperación da carta (aínda que no volume tamén se intercalan relatos ao xeito de correos electrónicos) como efectivo medio de comunicación súmase a prosa sinxela, sen artificios, á que xa nos ten afeitos Alonso. Neste caso, a súa palabra espida consegue, sen ningún tipo de melindre, que

os máis diversos sentimentos, que tiñamos gardados nalgún escuro recuncho, vaian saíndo paseniñamente e nos fagan pensar que quizais elas (as emisoras) puídemos selo nós. Xustamente nisto reside outro dos grandes acertos destas cartas, pois o autor conta coa capacidade para se colocar no lugar de nove mulleres de moi diferente procedencia, idade e profesión e conseguir que as súas historias resulten verosímiles, amosándonos así a araña que é o mundo. De novo, como xa fixera en *Cidades*, Fran Alonso aposta por ensinarnos as unións (que non a uniformización) dunha sociedade cada vez máis global na que, porén, afastamos a ollada do sufrimento de quen esta a carón. Case sen nos decatarmos, unha cooperante recluída en Bagdad, unha muller senegalesa, unha rapaza que descobre a súa homosexualidade, unha prostituta tailandesa, unha inmigrante uruguia, unha moza sahariana, unha caboverdiana abandonada pola súa parella, unha rapaza bosníaca e unha muller galega dos anos corenta, fálannos para lembrarnos que elas e as súas historias estiveron ou están aí, onde aínda as podemos ver. A pesar de que resulte difícil fitalas e sermos conscientes que a guerra, a opresión, a explotación, a inmigración e, sobre todo, o esquecemento, quixeron invisibilizalas, ao que axudou sen dúbida o seu sexo e a súa posición á marxe da oficialidade.

Persoalmente, non podo resistirme a lles recomendar dúas destas misivas, as máis intensas: “O que nunca me preguntaches” e “A carta inesperada”. Tanto unha coma a outra fan realidade aquel verso de Miguel Hernández: óese un silencio de cartas.

// **Montse Pena Presas**

## XERAIS NARRATIVA



### Luís Rei Núñez

#### *O señor Lúgrís e a negra sombra*

Luís Rei Núñez ofrece nesta novela de clara estirpe cervantina e rigorosamente contemporánea unha viaxe arredor da figura desmesurada do pintor Urbano Lúgrís, ao tempo que traza o fresco dunha época de penitencia e un moi veraz retrato de grupo. Unha aposta literaria de calado. Novela, mais tamén realidade, como a vida.





A acción transcurre o 1 de maio de 1908 en Cambridge, Massachussets. // Astiberri

## Banda Deseñada

# O salto de Harry

Jason Lutes e Nick Bertozzi trazan un persoal relato biográfico do gran mago escapista Harry Houdini

**Houdini: el rey de las esposas** · Jason Lutes, Nick Bertozzi · Astiberri, 2007 · 96 páx · 16 euros



**H**oudini: el rey de las esposas narra con extrema sinxeleza un día sinalado na vida do mago escapista Harry Houdini. Concretamente o 1 de maio de 1908, data na que chega ao esplendor da súa carreira realizando o salto ao río dende o alto da ponte Harvard (Cambridge, Massachussets) inmobilizado coas esposas da policía de Boston, das que debe liberarse para volver saír á superficie. A obra é en gran parte biográfica e esa é a súa vontade e maior virtude, pero

os autores permítense a licenza de dramatizar certos aspectos, como o posible truco que o mago emprega para realizar con éxito o exercicio, o que lle achega un interese engadido á narración.

Jason Lutes, como guionista, e Nick Bertozzi como debuxante, conseguen elaborar, no condensado relato dunha soa xornada, non só un retrato no que se apuntan pinceladas sobre a profesionalidade do escapista -como a súa peculiar maneira de convocar ao público- senón tamén de aspectos da súa personalidade -o seu enorme ego e o amor pola súa esposa- ao tempo que realizan un debuxo da sociedade da época que recibe con admiración e credulidade as fazañas do ilusionista.

O álbum, publicado en castelán por Astiberri nunha excelente edición, acompáñase dun prólogo de Glen David Gold sobre a figura de Houdini e un anexo con notas onde consultar aspectos sobre a súa biografía e o Boston de principios de século que se ven reflectidos nas viñetas. Esta intención claramente didáctica está relacionada coa xénese da edición americana (Hyperion), pois este volume é o primeiro dunha colección que pretende achegar a través da banda deseñada as vidas e logros de diferentes personaxes contemporáneos da cultura norteamericana.

// María Lado

## Cruzar fronteiras

BD Kike Benlloch e Diego Blanco abren unha nova colección de Polaquia

**Pinche mundo** · Kike Benlloch, David Blanco · Polaquia, 2007 · 76 páx · 9,50 euros



*Pinche mundo* é o suxerente título da novela gráfica que inaugura a colección Rompehielos do selo Polaquia, colectivo de autores que se deu a coñecer coa publicación do fanceine Barsowia, que actualmente vai xa pola décima entrega. A iniciativa desta nova colección vénse sumar a outras edicións do colectivo, que pretende ofrecer unha plataforma para os novos artistas galegos, e que nesta ocasión se preocupará de editar historias longas escritas en castelán para a súa distribución en todo o estado español.

Este primeiro número chega da man de Kike Benlloch como



Plana de Pinche Mundo. // Polaquia

guionista e Diego Blanco aos deseños e toma como punto de partida a estrutura da *road movie* vestida de viaxe interior con certo toque onírico, ao tempo que toca diversas fibras do imaxinario colectivo contemporáneo, entre

as que destaca a aproximación á tradición cultural mexicana. Non se estrañen, isto ten a súa razón de ser, pois a obra está ambientada na franxa fronteiriza entre Estados Unidos e México.

A narración arranca coa presentación de Jim Montenegro, inocente protagonista dunha historia de mafia e diñeiro fácil, metido en problemas que o levarán a emprender unha fuxida na que se pode atopar unha lectura metafísica: a reconciliación cos erros do pasado e a toma de conciencia dun mesmo. A viaxe é máis ben unha deriva chea de personaxes secundarios que aparecen, por veces, de maneira demasiado aleatoria, pero que teñen a súa función significativa para Jim e a historia. O aspecto onírico, realzado polos ambientes mexicanos, pode resultar por veces confuso na narración, así como o inesperado xiro final da trama, o que obrigará ao lector a un activo traballo de interpretación.

// María Lado

# Superheroes vestidos de verde

BD Planeta de Agostini volve editar un clásico do cómic social norteamericano

**Green lantern/Green arrow** · Dennis O'Neil/Neil Adams · Planeta de Agostini, 2007 · 384 páx · 30 euros



**G**reen Lantern-Green Arrow é a obra de superheroes máis hippy de todos os tempos. O verdadeiro referente do cómic social. Espello onde se miraban os autores que querían estar "na onda", humanizando os personaxes para achegalos máis á mocidade, recolle o legado dos sesenta, unha época de transformación de valores e reflexión sobre a propia moralidade que marcou un novo rumbo no cómic de superheroes.

A gran estrela deste volume é Neal Adams. Debuxante xustamente mitificado, marcou unha evolución na iconografía superheroica cara a unha visión máis realista, en perfecta sintonía coas historias de corte social de Dennis O'Neil. Como autor metido de cheo nas correntes vangardistas, Adams amosa unha peculiar orixinalidade no encadre, abordando os heroes dende perspectivas pouco habituais no seu afán por humanizalos. A psicodelia e a cultura pop son outras influencias moi presentes nunha obra que pola súa heteroxeneidade e eclecticismo estaba moi lonxe do cómic de superheroes convencional.

Só a achega gráfica de Adams sería máis que suficiente para facer de GL-GA unha verdadeira xoia da Banda Deseñada, pero non ocuparía un lugar de honra no podio das obras mestras sen o valor engadido das historias que conta O'Neil. Todo un desafío fronte ao conservadorismo imperante na industria do *comic book*: desigualdades sociais, corrupción política, racismo, machismo e violencia contra a muller, drogas, contaminación medioambiental... Problemas que hoxe teñen plena vixencia, eran retratados mes a mes nunha serie que comezaba a resultar incómoda en determinados sectores. Ninguén se atreveu a tanto nunha época na que a censura marcaba moi de cerca os contidos da BD. Neste contexto, os heroes se transforman e decátanse das súas propias limitacións e prexuízos. Experimentan unha evolución persoal ata o punto de cuestionar o seu propio papel no mundo.

Planeta recuperou este clásico do comic book nunha edición de luxo que, neste caso, está máis que xustificada. A única pexa é o formato Absolute -tipo novela gráfica-, que obrigou a aumentar as pranchas orixinais, o que non resulta moi apropiado para unha obra concibida orixinalmente para un soporte máis pequeno.

// Jesús J. Blanco



Ilustración da edición orixinal de Green Lantern / Green Arrow. // Arquivo



# A parábola do cazador cazado

Teatro Reflexión de Prieto arredor das verdades e mentiras da representación

Cóncavo-Convexo · José  
Luís Prieto ·  
Embora, 2007 ·  
96 páx · 10 euros



José Luís Prieto, neno prodixio da Escola Municipal de Teatro de Narón, é un exemplo da importancia que teñen estas iniciativas de animación teatral e de formación teatral de base para o establecemento dun tecido teatral capaz de xerar creadores. Quizais, fóra da recoñecida capacidade socializadora e pedagóxica das escolas municipais, o seu obxectivo último non sexa outro có de detectar talentos. Prieto saíu de Narón cun Max baixo o brazo por *Monólogo do imbécil* (2003) e cunha chea de proxectos que se materializaron en pezas de éxito no seu percorrido galego, unha delas merecedora do seu segundo Max: *Fobias* (2005). *Fobias* é, sen dúbida, e independentemente da súa calidade teatral, un texto importante na obra de Prieto. Construída como unha comedia de intriga psicolóxica, a obra interésanos na medida en que senta a base para a creación dun universo propio, un macrotexto do que Prieto irá tomando personaxes e argumentos desde os que construír outras obras, outros textos, sempre cun denominador común que xa se amosa como elemento de estilo no autor: unha rápida dosificación do ritmo, unha puntuación da obra case cinematográfica, e finalmente a débeda nos temas, estéticas e intrigas á sétima arte, obrigándonos a debuzarnos sobre a relación entre teatro e cine amosando que tamén no teatro é posíbel unha lectura cinematográfica e, polo tanto, narrativa.

*Cóncavo-Convexo* (que, na súa versión escénica de 2006, se titulaba *Carambola*) é outra

comedia de intriga que arrinca apelando á narrativa: unha escritora vén de rematar unha novela cuxo argumento é o de *Fobias*. A obra procura, a partir de aí, conducir o lector cara a unha reflexión sobre a verdade e a mentira, sobre os propios termos da representación e do teatro como xogo a través dunha situación que se converte conscientemente en inverosímil: cando a novelista e o seu home se dispoñen a ceiar o que lles preparou a súa intrigante criada, irrompen na escena dúas viaxeiras (con estrondo de tormenta incluído) que marcan un xiro no argumento e nos proxectos da protagonista. A todo iso hai que engadir a presenza case fantasmal de Clara, unha muller estraña, pechada en si mesma, que cumpre a función da clarividencia dos tolos, de tan fonda traxectoria na nosa tradición teatral. O obxectivo, a partir de entón, será enganar as viaxeiras, facerlles creer que, coma nas películas de terror (unha vez máis, o cine) van ser asasinadas.

Pero *Cóncavo-Convexo* non é só o relato de como medra a tensión; é tamén a parábola do cazador cazado baixo forma teatral, e velaí está a reflexión que máis nos interesa na obra: a capacidade do xogo (e tamén do teatro) para conquistar as vidas dos seus artifices, para converter a mentira en verdade ou, se se quere, para modificar a percepción da realidade. Nada é o que parece en *Cóncavo-Convexo*, e a vontade da artífice do enredo (unha *directora de escena*? alguén que simplemente *xoga*? alguén que *relata*?) remata sucumbindo á ausencia de fronteiras entre xogo e vida e, polo tanto, caendo irreversiblemente na loucura. En definitiva, a cuestión proposta por Prieto non é fútil: onde se encontran os límites da teatralidade?

// Inma López Silva



## Teatro

# Saltando camas na busca do sono

Paula Carballeira cuestiona en *Boas Noites* os papeis de xénero dende a inocencia da infancia

Boas noites · Paula  
Carballeira ·  
Xerais, 2007 ·  
78 páx · 13,50 euros



Nas divisións estándar da literatura semellan facerse normalmente compartimentos estancos que só algúns libros son capaces de superar nun afán de liberación que contaxia coa súa enerxía e calidade literaria. Estes libros cuestionan precisamente a creación dun canon baseado en prexuízos e no poder. Ante un deses libros atopámonos co *Boas noites* de Paula Carballeira, que salta da cama dos compartimentos para percorrer a noite na busca de algo diferente, dun día no que as mentalidades lectoras se abran e sexan capaces de comprender a riqueza que agochan textos ás veces empurrados cara ás marxes. A primeira marxe que salta o texto de Carballeira é a da idade, saltando desa cama feita de entender a literatura infantil coma un xénero menor. Exemplos abondo temos na nosa literatura para demostrar o contrario, mírese polo criterio que se mire. *Boas noites*

ofrece unha lectura da que as persoas maiores temos moito que aprender, empezando polo tema de fondo, a ansiedade infantil, tratado dende o humor, a comprensión, o xogo e o lúdico. Na obra podemos entender a sobrecarga que unha meniña como Xiana padece no seu día a día con tantas actividades que as persoas adultas lles impoñemos ás nenas e nenos, esquecendo o fundamental: o xogo. Por iso non quere durmir, e así Pedro Chosco tampouco pode facer o seu traballo. Pero Carballeira tamén nos leva a pensar alén disto na falta do tempo, na sociedade de carreiras na que vivimos, onde cada segundo parece contar para un fin, onde non se debe dar puntada sen fío e onde, en consecuencia, os momentos para a reflexión, para a soidade, para o afecto, para, en fin, non facer nada! quedan reducidos ao mínimo e acadan mala sonda socialmente. *Boas noites* é un canto ao lúdico e ao tempo para cada quen, independentemente da idade que se teña.

Mais aínda quedan moitas camas máis que saltar, unha de vital relevancia, a do xénero. Primeiramente a do xénero literario. Cómpre felicitar a fermosa edición deste libro, que ademais de ser

unha obra de teatro é tamén un fermoso álbum ilustrado de forma excepcional por Noemí López, un libro que ler aos pés da cama cada noite, ou pola tarde ou pola mañá, un libro co que xogar.

De xénero, do outro, tamén cómpre falar neste caso. O cuestionamento dos papeis de xénero en toda a obra resulta sen dúbida un dos seus puntos máis atractivos porque se fai dende a inocencia da infancia, empezando polo protagonismo precisamente dunha nena rebelde e aventureira, pasando polos papeis da nai e do pai e seguindo pola muller do saco, en pelexa de puños con Pedro Chosco nunha desas hilarantes escenas que enchen esta obra. Xiana cuestiona a linguaxe, é xa unha nena que non se sente a gusto nos masculinos e que fala coa frescura de quen aínda mantén a mente aberta e libre de cargas e prexuízos, ofrecendo a nenas e nenos maneiras alternativas de ser socialmente.

*Boas noites* é unha obra de primeira orde, cunha linguaxe fresca, rápida, áxil, divertida. Unha persecución do sono e dos soños, porque para soñar cómpre primeiro durmir.

// María Reimóndez




**fadamorgana**

TODO O QUE QUERES SABER SOBRE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Nº 11 XA Á VENDA EN LIBRARÍAS

[info@temposnovos.net](mailto:info@temposnovos.net)




**EDICIÓNS DO CASTRO**  
DO GRUPO SARGADELOS

FADA CARRALÁ Dama, 42. 91. 99. 42. 99. 47 - Fax: 42. 91. 99. 47


LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIÇA

- Para recuperar a nosa memoria histórica.
- Para estudar a nosa realidade presente.
- Para regular as nosas formas culturais.


## NOVIDADES




AS LAREIRAS EN GALIÇA



BIFURCACIÓN DO MINUTO



MARES EN LA SOMBRA



PERFILES



## Justo Beramendi e Ramón Villares

# Unha revisión crítica do nacionalismo galego contemporáneo

A coartada para o encontro é o novo libro do historiador Justo Beramendi, *De provincia a nación: historia do galeguismo político* (Xerais, 2007), un título “longamente agardado” por Ramón Villares. “Como en todas as tradicións intelectuais”, explica o presidente do Consello da Cultura Galega, tamén historiador, “hai libros que son prescindibles e outros que son imprescindibles, e este creo que vai ser imprescindible”. De historia, xaora, e da historia contemporánea do nacionalismo en Galicia, co libro como pano de fondo, falamos no despacho de Villares. //Manuel P. Rúa / Fotografía: Tamara de la Fuente



**Beramendi:**  
«Existe historia subxectiva, falsa, ao servizo de intereses non historiográficos, pero fóra da universidade»

**Hai un debate entre o político e o científico á hora de facer investigación e transmisión da ciencia. Como se investigou e transmitiu a historia en Galicia na democracia ás novas xeracións?**

**Ramón Villares.** A entrada da historia como saber nas institucións, que en Alemaña, España e Francia ten lugar no século XIX, en Galicia faise en boa medida na democracia, na autonomía e coa transformación da universidade. A universidade foi o axente fundamental na renovación historiográfica de Galicia. Como se fixo? Diríamos que primou menos o entusiasmo patriótico e máis o rigor analítico e científico. Boa parte desa investigación foi feita cun certo ou cun aberto compromiso coa cultura galega, pero non sempre, nin por todos: houbo quen investigou a historia de Galicia como un modo de contrastar posicións, teorías, escolas, e outros máis con vocación de saber quen eramos, de onde viñamos, que facíamos, cun valor algo máis instrumental, pero creo que se mantivo sempre o rigor universitario.

**Justo Beramendi.** A interacción entre o político e o científico, ou entre unha historia ecuánime/obxectiva, e outra subxectiva ao servizo de ideoloxías/intereses, non é un dilema en branco ou negro. É imposible un historiador ecuánime e científico, non hai persoas á marxe de tensións ideolóxicas, dos problemas e das propostas de solucións que hai na sociedade na que vivimos. Non hai historia totalmente científica e obxectiva, porén, existe historia subxectiva, falsa, ao servizo de intereses extrahistoriográficos (Pío Moa e compañeiros mártires), pero fóra da universidade. É unha cuestión de grao, de

doses. O historiador aspira a ser científico e ecuánime aínda que nunca o consiga totalmente, e polo tanto reduce á mínima expresión a interferencia das súas simpatías e intereses no seu labor. Iso é o que se pode aspirar. Nos últimos trinta anos avanzouse moito nese camiño nas universidades e pódese falar dunha auténtica revolución historiográfica en España. Que historia se transmite? Hai varias vías de transmisión social. A universidade forma profesores de historia, ou historiadores, que escriben libros de maior ou menor difusión, pero co pouco que se le hoxe, a incidencia dos libros é bastante pequena e a transmisión desta ou daquela historia faise, por un lado, polo sistema educativo, sobre todo no ensino medio, por algúns programas divulgativos de televisión, de maior ou menor calidade, ou mediante os bestsellers de historia.

**RV.** A través de exposicións, museos, do turismo, da industria do lecer e do patrimonio, Europa é un continente que podería converterse en parque temático desde o punto de vista cultural e patrimonial. A través das visitas a museos, exposicións, faise o que antes se facía a través de estatuas, de banquetes, da pintura ou da literatura histórica. Hoxe a divulgación da historia ten moitas vías. O monopolio do sistema educativo hoxe está en solfa aquí e en todo o mundo occidental, hai estatísticas de Francia onde unha porcentaxe alta da poboación non sabe quen foi De Gaulle...

**JB.** O sistema educativo non ten o monopolio que tiña, pero ten moita maior extensión social, está escolarizado todo o mundo, o profesor ten unha gran influencia. A historia de Galicia e de España que lles





Ramón Villares e Justo Beramendi no edificio do Consello da Cultura Galega.

**Ramón Villares (Vilalba, 1951)** ten tras de si un inxente traballo de investigación e divulgación da historia contemporánea de Galicia. É catedrático na Universidade de Santiago de Compostela, membro da Real Academia Galega e presidente do Consello da Cultura Galega. Foi rector da USC, fundador e presidente (dende o 1996 até o 2002) da Asociación Española de Historia Contemporánea e director da UIMP en Galicia. Ten máis de setenta libros publicados no seu haber, entre eles, *Foros, frades e fidalgos: Estudos de historia social de Galicia*, (1982), *Galicia. A Historia* (1984), *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936* (1982), *Figuras da nación* (1997), e *Historia de Galicia* (2004).

**Justo G. Beramendi** (Madrid, 1941) é nome de referencia na investigación das ideoloxías e dos nacionalismos. Catedrático de Historia Contemporánea da USC, participou na fundación do Museo do Pobo Galego, do que preside na actualidade a súa Xunta Reitora. Destacan, entre os seus traballos, *Galicia e a historiografía* (1993), *Manuel Murguía* (1998), *Alfredo Brañas no rexionalismo galego* (1998), *La historia política: algunos conceptos básicos* (1999), *La España de los nacionalismos y las autonomías* (2001), escrito con J.L. Granja e P. Anguera, *A Autonomía de Galicia* (2005) e *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (2007), obra na que reúne o traballo de investigación realizado durante máis de dúas décadas. Traballou na edición crítica das obras de Losada Diéguez, Ramón Villar Ponte, Peña Novo, Castelao e Risco. Tomou parte na creación das revistas *A Trabe de Ouro* e *Tempos Novos*, da que é comentarista político.

pode transmitir aos rapaces un militante do BNG, por exemplo, pouco ten que ver coa que lle transmita un profesor de ideoloxía centralista. Iso vai en función da correlación de opcións ideoloxicopolíticas no seo do profesorado de ensino medio, e transmítense opcións moi diferentes, mitos, ocultacións e sobrevaloracións, non só por parte dos profesores de historia, senón tamén os de literatura, galega ou española. Hai libros de texto de historia de España que son fundamentalmente historia de Galicia, e outros nos que Galicia case non existe.

**RV.** Creo que o que importa do ensino é que transmita unha estrutura mental, un modo de enfocar a vida. A min o que máis me preocupa é a percepción social e o imaxinario que se dá da historia. O que se fai no sistema educativo é un labor moi importante, pero só é unha parte. Volvendo sobre o carácter político ou científico da investigación, creo que os

**Villares: «É unha anomalía que a xestión dunha nacionalidade histórica non estivese encomendada a un grupo, partido ou movemento nacionalista»**

historiadores contamos bastante ben o que lle pasa a cada sociedade en cada momento mediante unha gran perífrase, que é facer reflexión sobre o pasado. O que sucede é que cobramos pouco por ese esforzo [ri]...

**Por ser profetas do pasado?**

**RV.** Non, non. Nós somos analistas do presente e precursores do futuro. Profetas do pasado son os que se empeñan en acertar. Nós non queremos acertar o que vai pasar porque o futuro non está escrito. Damos conta dos problemas profundos da sociedade na que vivimos: a guerra, o pacifismo, a igualdade de xénero, os grandes líderes ou as estruturas sociais, as nacións, os estados... Non afirmamos sen ter unha fonte máis ou menos fiable e precisa, non cremos nunha causa única para explicar todo, non culpabilizamos dunha forma directa e innecesaria..., é un modo de entender a sociedade na que vivimos, que é multicausal e complexa... Iso é o que queremos transmitir, a esencia do traballo social do historiador. Logo se se sabe máis dos Reis Católicos ou de Fernando VII é secundario, porque hai épocas nas que nos preocupan moito os reis, noutras as clases populares, noutras a cultura, noutras a economía... Entón, non é sempre a mesma historia? Pois non. Pero non cambiamos por cambiar senón como voceiros implícitos de mudanzas profundas na sociedade na que vivimos aínda que ás veces non sexamos conscientes desas mudanzas.

**O nacionalismo galego idealizou en exceso ao suxeito histórico? Fálase dos (nosos) labregos, dos (nosos) mariñeiros, do (noso) pobo, case como unha mística...**

**JB.** Como todo movemento político. No movemento revolucionario, a clase obreira era un constructo imaxinario para anarquistas, socialistas e comunistas, como pode ser un constructo imaxinario a nación, ou o pobo dos labregos. Todo movemento sociopolítico necesita un referente ideal e mitifica, simplifica ao máximo a realidade, crea algo no que crer. No fondo, mutatis mutandis, é como as relixións laicas: precisa un deus, que pode ser a nación ou a clase, e necesita un paraíso, un happy end. A Rajoy échese a boca cos intereses xerais de España. Que é iso de que España ten intereses xerais?

**RV.** É unha secularización da historia sagrada. O grande cambio do racionalismo ilustrado foi inverter o discurso da historia sagrada e facelo secular: onde había paraíso hai o progreso, ou





O historiador Justo Beramendi, nun momento da conversa.

## Beramendi: «Nada impedía ao grupo Galaxia resucitar o Partido Galeguista a finais dos 60. Non o fixeron por unha teimuda aposta ideolóxica de Ramón Piñeiro de que os partidos nacionalistas non eran bos e o bo era galeguizar todos os partidos»

nacionalistas, xente intermedia, pero esa fusión –que puido ser ORGA– non tivo tempo a se consolidar. Mesmo o Partido Galeguista, non tivo tempo para se consolidar. A guerra cortou o que estaba nacente, non unha árbore que estaba medio feita –caso de Cataluña ou o País Vasco– e despois se puido enxertar, na oposición, no exilio e logo no retorno. En Galicia houbo que plantar outra árbore. Esa é a cuestión.

**Tratando de poñer marcos no nacionalismo, (Partido Galeguista no 31, no 50 Galaxia, no 64 a UPG e o PSG...), se hoxe falamos de Bóveda, de Castelao e de Risco, por poñer só tres liderados, como se contemplaría a súa achega dentro da complexidade que era armar un instrumento político eficaz para chegar ao poder e transformar o país de acordo cunhas ideas?**

**JB.** Hai que fuxir dos anacronismos e non traspasar ao pasado valores e apreciacións do presente. A visión deles hoxe é unha pregunta imposible. O máis que podemos é ver que parte do pensamento e da acción daqueles homes segue a ter certa vixencia no presente ou que problemas dos que xurdiron esas visións seguen sen resolver. Iso é o máis. Logo hai cousas do seu pensamento que teñen tanto que ver connosco como cos romanos, porque hai problemas xa resoltos. Risco foi o que máis insistiu sempre na necesidade das forzas políticas propias, expresión que non lle caía da boca á UPG e a Francisco Rodríguez. Iso segue a ter unha certa vixencia, segue existindo ese sistema de partidos de ámbito galego e outros de ámbito español. Pero as fantasías de Risco sobre a Galicia futura, iso non hai por onde collelo, non só en Risco senón tamén en Castelao. Queda pendente a cuestión nacional no seu sentido máis profundo, é dicir, o tipo de relación Galicia-Estado Español, que segue aí.

**RV.** Dentro da notable fortaleza teórica que tivo o nacionalismo galego desde o principio ata hoxe, hai unha eiva ou unha limitación bastante importante, e só houbo dous autores que en parte arriscaron. Un foi Brañas cando trataba de facer un discurso rexionalista. E outro, noutro estilo, foi Castelao, cun discurso moito máis claro da posición de Galicia como parte substancial da construción dunha España republicana, democrática e federal. Esa mensaxe é

substancial para construír unha alternativa nacionalista en Galicia, Cataluña e no País Vasco. Porque hoxe non podemos pensar en facer estados independentes, pero si en reordenar e cambiar a situación na que estamos, en Galicia e no conxunto. Creo que esa é unha das mensaxes máis importantes, xunto co das forzas políticas propias das que falaba Risco, que nos lega Brañas, e especialmente Castelao. Mensaxe que nos anos 60 e 70 se deixou un pouco á marxe, francamente, mentres se lle deu prioridade a outros cometidos. Non fago xuízos morais porque en cada momento actúase como se pode, pero visto desde hoxe podería ser, non un axuste de contas co noso pasado, senón unha vontade de construír un futuro distinto.

**Un dos eixes da creba do novo nacionalismo dos 60 sobre o anterior é a crítica por ter abandonado o Partido Galeguista a vía política dende os anos 50.**

**RV.** As responsabilidades son compartidas. Seguindo coas comparacións, en Cataluña hai un Instituto de Estudos Cataláns, que mal que ben sobrevive no franquismo e resiste, e aquí había un Seminario de Estudos Galegos incautado pola Universidade de Santiago, polo Ministerio de Educación Nacional, e traspasado ao CSIC. O que podía ser un xermolo institucional de expresión cultural de Galicia é transformado noutra cousa. As ferramentas coas que puideron traballar uns e outros en Galicia foron moito máis débiles e moito menos seguras. Había unhas ferramentas importantes no exilio pero o exilio levou outro camiño.

**E tamén discrepaba...**

**RV.** Pasa en case todos os exilios do mundo. Os exilios están condenados a non confluír cos do interior.

**E viceversa.**

**RV.** E viceversa. O que pensan os polacos no gueto de Varsovia non é o mesmo que pensa o goberno polaco en Londres. Creo que as ferramentas coas que tiveron que traballar nos anos cincuenta e sesenta foron extremadamente débiles, pola guerra. E logo, a reconstrución do nacionalismo nos sesenta é nun contexto cultural que non tiña nada que ver con toda a tradición nacionalista, nin coa época de entreguerras nin propiamente incluso da guerra.

**JB.** Discrepo en parte co que acabas de dicir. Efectivamente, hai que poñerse naquelas circunstancias durísimas para entender por que se fixo o que se fixo. Pero unha cousa é entender por que se fixo o que se fixo e outra non entender as consecuencias do que se fixo, por moi xustificadas que estivese facelo. Os poucos que quedaron (Fernández del Riego, Piñeiro...) reconstruíron o Partido Galeguista na clandestinidade nun primeiro momento, no interior, tiveron uns anos de actividade clandestina, mais a policía política esmagounos, incluído o propio Piñeiro que foi á cadea. A finais dos 40, coa gran desmoralización da oposición antifranquista, coas guerrillas desfeitas, a Guerra Fría, cando Estados Unidos e os aliados deixan ao réxime de Franco tan tranquilo, se non che deixan facer política, fala doutra maneira, cun labor cultural de sementeira, e refúxianse na vía cultural creando a Editorial Galaxia. É comprensible, en 1950 non se podía facer outra cousa. Distinto é que non se puidese ter feito outra cousa a finais dos 60 e principios dos 70, porque –independentemente de que xurdisen mozos nacionalistas, marxistas...– nese momento do tardofranquismo tamén os partidos nacionalistas de centro

unha sociedade sen clases, unha sociedade máis xusta, unha sociedade máis libre, unha sociedade máis rica, ou todo iso xunto. A política contemporánea, como todo, é unha mestura de razón e paixón. O nacionalismo galego nese sentido foi bastante cambiante no tempo. A súa invocación ao suxeito histórico, primeiro a rexión, logo unha cultura galega, despois a nación galega, e tamén mudou o suxeito social, desde campesiños no rexionalismo ao novo nacionalismo dos anos 60 coas clases populares...

**JB.** Camadas, camadas populares [ri]...

**RV.** ...introducíron ese concepto de camadas populares [ri], a invocación a elas como o grande suxeito que protagonizaría esa transformación e esa mudanza. Que iso non tivese lugar, que o nacionalismo tivese pouco acceso ao poder político, é outra cousa. É unha anomalía que a xestión dunha nacionalidade histórica –constituída e recoñecida como tal na transición– non estivese encomendada a un grupo, partido ou movemento de carácter nacionalista, senón a outros.

**JB.** A outros, non. Ao partido menos autonomista do arco parlamentario.

**RV.** Escribíñ hai un tempo tratando de pescudar no problema da posguerra, do exilio, das sucesivas posicións analíticas que ten o nacionalismo galego. Aínda que manifesten dicir o mesmo que Risco ou que Murguía, din outra cousa, aínda que busquen ese fio. En cada reconstrución do nacionalismo van aparecendo novos suxeitos, pero o fundamental está nesa especie de anomalía. Pero esa é unha explicación para o tempo no que vivimos. Para o rexionalismo, incluso para o nacionalismo da época de preguerras, é un problema de limitación estrutural. As elites galegas non son o suficientemente fortes para ter un discurso político capaz de agregar ou mobilizar a maior parte da

poboación porque Galicia non se recoñece facilmente nos seus propios líderes, nos seus propios dirixentes nacionalistas. Os homes da Xeración Nós tiveron ese drama: non podían ser os expoñentes, os portadores –como fillos da fidalguía e da clase dirixente– desta realidade.

**JB.** Para explicar esa febleza relativa do nacionalismo galego hai outros factores que se deben considerar, como o feito de non ter un grupo social, un conxunto ou grupos sociais con poder que estean interesados en asumir como instrumento preferente de acción política a afirmación identitaria e política do país. Non sei se isto é marxismo reseso ou non, pero creo que hai que ter en conta as propias estruturas de Galicia e sobre todo, en como están inseridas no conxunto de España. Se vemos o caso catalán, que é o máis comparábel, aquí non hai eses grupos nin de clases medias, nin na Igrexa, nin na burguesía, con ese interese senón ao contrario, os seus intereses están na vinculación ao Estado español.

**RV.** A gran vantaxe catalá, ata fins do XIX, era a capacidade de influír no Estado, e na política económica ou arancelaria española, foran republicanos, federais ou conservadores. E de feito, o soporte fundamental por unha parte da República e das tentativas democráticas españolas, pero tamén dos conservadores, foron os cataláns, de modo que aquí a realidade está en que se produce unha diferenza no século XX. O ritmo de crecemento político de Cataluña e do País Vasco acelérase moito e Galicia colle tarde ese ritmo. Chegamos relativamente ben á II República, un pouco a destempo. En Cataluña xa tiñan feito un traballo de mobilización social e de arraigo popular que permitiu mesmo integrar como propios aos republicanos. En Galicia había republicanos,



**Villares: «Creo que o grupo do galeguismo temperado, moderado, tivo unha partipación moi notable na transición e na construción da Autonomía. Tivo máis influencia, quizais, que un partido pequeno. Fixo *realpolitik* pero non tiña un exército»**

aproveitaron a menor represión da ditadura para recompoñerse e estar preparados e presentes no momento da transición. Nada impedía ao grupo Galaxia –o refuxio para aguantar a chaparrada dos anos 50– resucitar o Partido Galeguista a finais dos 60. Non o fixeron por unha teimuda aposta ideolóxica de Piñeiro de que os partidos nacionalistas non eran bos e o bo era galeguizar todos os partidos. Foi unha decisión ao servizo dunha teoría política persoal de Piñeiro e creo que a transición en Galicia sería diferente –quizais non moito, pero algo diferente– se dende antes do 73 estivera presente o Partido Galeguista refundado por quen tiña lexitimidade para facelo.

**RV.** Creo que o grupo de galeguismo temperado, moderado, tivo unha participación moi notable na transición e na construción da autonomía.

**JB.** Si, pero á súa maneira.

**RV.** Tivo máis influencia quizais que un partido pequeno, o que sucede é que non puido..., fixo *realpolitik* pero non tiña un exército, non tiñan unha organización...

**JB.** Tampouco se preocuparon de facela.

**RV.** Claro, claro, non tiñan, non querían.

**JB.** Houbo outra consecuencia a longo prazo: un Partido Galeguista de verdade, o de sempre, por pequeno que fose, o decurso da transición e postransición, tería impedido a fagocitose dese galeguismo temperado por parte do PP, algo que fixo posíbel o longo dominio de Fraga.

**RV.** O nacionalismo radical...

**JB.** ...tamén tivo a súa parte

**RV.** ...axudou bastante, ao dicir: ou eu ou nada... Hai responsabilidades bastante compartidas.

**No libro fálase diso. As novas pólas que saen a partir do 1963-1964, con nomes como Ferrín, Beiras, Camilo Nogueira, Francisco Rodríguez..., novas ideoloxías e novos partidos políticos que confluírán no BNG.**

**JB.** ...que non é un partido.

**A UPG aparece no libro como retardatario nese proceso...**

**JB.** Como retardatario?

**Como se o rol da UPG no último nacionalismo non foi o que debería de ser.**

**XB.** Recoilo unha realidade, outra cousa é que cadaquén a valore e a cualifique como queira. A UPG elabora un proxecto de fronte nacional, mimético respecto de procesos como o alxerino: partido guía, constelación doutras forzas políticas, sindicatos, asociacións, etc. e esa fronte nacional é a que ten que dirixir, protagonizar e facer o proceso de emancipación nacional e de revolución social ao mesmo tempo. Estamos falando dun partido tamén desa onda revolucionaria. Este é o proxecto que a UPG elabora xa antes da morte de Carrero Blanco. O que recoilo no libro é que a UPG –incluída a ANPG, que funda como instrumento fundamental desa fronte de liberación nacional– se mantén erre que



Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega.

erre con ese proxecto por moito que cambie a realidade. Foi inaccesible aos cambios drásticos, profundos e moi rápidos da realidade política. Teñen que chegar dúas derrotas consecutivas (77 e 79) e aínda unha terceira no 81, e verse en perigo de converterse nunha forza política marxinal, para que empece a adaptarse á realidade

ese proxecto que tiña. Esa teimosía na coherencia ideolóxica fronte ao realismo político tivo consecuencias negativas para o conxunto do nacionalismo –a UPG era a forza que encabezaba a parte máis importante do nacionalismo– e obstaculizou que Galicia puidese influír na transición e, ao mellor, conseguir outro tipo de cousas.

## O galeguismo en concreto

Historia Malia a súa novidade, *De provincia a nación* nace sendo un clásico

De provincia a nación.

Historia do galeguismo político · Justo Beramendi · Edicións Xerais, 2007 · 1.244 páx · 50 euros



**D**e provincia a nación, a obra magna de Justo Beramendi, sinala o fito historiográfico máis senlleiro de 2007 e non é esaxerado afirmar que, a carón da *Historia da Educación e da Cultura en Galicia* de Antón Costa, é unha das contribucións máis decisivas para o estudo da historia das ideas en Galiza que se nos ofreceron nas últimas décadas. Ambas as dúas comparten trazos que as irmandan. Dunha banda, son obras de madurada elaboración, teñen dimensións monumentais, foron escritas con indiscutible rigor e están alentadas pola súa grande calidade narrativa; e doutra, son pezas adscritas a cadansúa longa tradición historiográfica e o produto logrado dunha investigación especializada que, con todo, non impide que sexan facilmente accesibles para o gran público.

*De provincia a nación* coroa con ben unha extensa tradición de estudos sobre o galeguismo que foi enriquecida decisivamente polo propio Beramendi des que deu ao prelo, en 1981, o seu *Vicente Risco no nacionalismo galego*, onde ofreceu un novo enfoque para debullar o ideosistema do pensador ourensán. Esta obra, xunto coa edición en 1984 de *O rexionalismo galego*:

*organización e ideoloxía* de Ramón Máiz, sinala o inicio dunha vizosa investigación historiográfica e politolóxica sobre o ideario galeguista que suma xa cinco lustros.

Beramendi contabiliza máis dunha trintena de libros e artigos de referencia dedicados ao galeguismo, nomeadamente, de fins do século XIX e do primeiro terzo do XX, chega que é en si mesma unha sorte de trabe mestra imprescindible na que apoiar calquera intento de reconstrución e análise histórica dos diferentes proxectos de ideación de Galiza como suxeito e imaxinario político, desde o Provincialismo ao galeguismo republicano. Mais *De provincia a nación* é moito máis que un grandioso *status quaestionis* historiográfico sobre a ideoloxía galeguista ao ofrecernos unha recapitulación crítica que repara tamén na anatomía do galeguismo como organización para a representación dos intereses de Galiza, como instrumento de mobilización cidadá e como unha proposta de intervención política ensaiada –con desigual fortuna– desde o dealbar do século XX.

Des que Galiza principiou a facer problema político de si mesma a mediados do XIX non lle faltou imaxinación democrática e solucións enunciadas como produtos de ideación. A investigación histórica mesmo privilexiou a lectura do galeguismo como unha sucesión de propostas ideais para resolver os *problemas malditos* do país, para afirmar a súa personalidade política e cultural e evitar así a absorción de Galiza polo Estado. Da fortaleza do galeguismo, digamos, como

*partido de ideas* xa deu boa conta Beramendi nos seus labores sobre Risco, Losada Diéguez, Peña Novo, Pedrayo, Castela ou Murguía. Máis enfraquecido resultaba o coñecemento común sobre o galeguismo como *partido-organización*, como solución practicada e medida coa realidade política. Os recursos organizativos e medios da acción, a composición social da militancia, a audiencia das súas ofertas electorais; en definitiva, o repertorio e indicadores da acción política do galeguismo están agora cumpridamente iluminados en *De provincia a nación*, ofrecendo unha análise integral e en concreto do galeguismo, moi singularmente no período republicano.

Teño para min que *De provincia a nación* é un libro que malia a súa novidade editorial naceu sendo xa unha obra clásica, peza de referencia ineludible en calquera reflexión sobre o pasado e presente de Galiza, imprescindible para todo aquel que desexe recapitular sobre a construción de Galiza como nación europea ou sobre o nacionalismo como forza democrática constitutiva dunha nova cidadanía. Esta condición clásica da obra de Beramendi débese a que é, ao tempo, o resultado dun ambicioso programa de investigación e a consecuencia dun firme compromiso para que a nación dos galegos e galegas deixe de pensarse como provincia, como simple territorio vencido, e sexa quen de expresarse como nación dona de si. Unha feliz ponte entre o noso pasado e o noso futuro. Crucémola.

// Manuel M. Barreiro





Estudiantes franceses durante as revoltas de maio de 1968 en París. // Arquivo

## A nova dereita francesa (I)

# Maio do 68 novamente?

Fenda e fin da posguerra, a revolta europea apréndenos aínda o acontecemento político como insubmisión

**D**ifilmente se pode soste que Maio do 68 foi unha revolta adolescente e estudantil. Se algúns bempensantes así o contemplaron ao principio, pronto tiveron que ceder ante a importancia e alcance desa data que nomea un proceso que non finalizaría até mediados dos 70, e que supuxo un suceso cunha envergadura política de primeira magnitude. Por máis que se diga, e con certa razón, que non se pode privilexiar un suxeito político dominante no proceso do 68, a invariante obreira fíxose de súpeto nuclear: ocupación de fábricas, paros reiterados, organización dos inmigrantes, enormes manifestacións, loitas dos non cualificados... e unha folga, só en Francia, de 10 millóns de traballadores.

albo era o fascismo-) onde as masas se decidiron a ocuparse dos seus asuntos colectivos por encima dos aparatos delegados que miraron con suma desconfianza, mesmo con desprezo, a inxente mobilización, cuxo efecto, entre outros, foi o desprestixio progresivo da forza de esquerda hexemónica naquel momento, o PCF en particular e os partidos de obediencia soviética en xeral. O movemento encetou o desenvolvemento dunha corrente teórica e práctica radicalmente anticapitalista e antiburocrática, e fixo entender que se consegue máis construíndo organizacións desde a base que limitando a nosa actividade política cara á democracia real e ás institucións establecidas. Aquí e acolá prende o facho dunha convocatoria

líderes, triunfo incontestábel de De Gaulle nas furnas, etc...- todo continúa despois pero nada será xa como antes. A relación entre individuo e colectivo, organización e masas, privado e público, home e muller mudaron de perspectiva desde entón. Mesmo a propia filosofía vese convulsionada. Xa non as obras dos pensadores marxistas defensores desde o inicio da revolta, senón as doutros non poderán ser comprendidas con xusteza se non temos o 68 como referente: de Blanchot a Derrida, de Foucault a Deleuze, por só citar uns nomes propios de valía indiscutíbel (por certo Bernard Herry-Levy, o "enfant terrible" do 68 seguiu os acontecementos por transistor). ¿Derrota? Pero en que sentido se pode falar de derrota se a excepción de Maio tamén nos ilustra acerca do que pode chegar a ser unha conmoción social e política que non necesita triunfar, e o fracaso non a concirne para nada. Quizais a causa de que se pedía o "imposíbel", o que se acadou realmente non tivo marcha atrás.

que sen dúbida hoxe en día representa explicitamente a fidelidade ao 68, fala tamén de "acontecemento", mais cun sentido máis radical e profundo. Indica que o acontecemento chega á verdade e está aberto á convicción puramente subxectiva, aínda que no seo desa subxectividade inexcluíbel atópase a vontade de forzar a situación en canto madurez as condicións. E, dalgún xeito, Derrida semella debedor de Badiou neste aspecto cando pensa que capta o Incalculábel dentro do reino do cálculo sería a revelación do que produce "acontecemento" nunha época.

Maio permanece xustamente por tratarse dun acontecemento que rachou en dous a historia da posguerra, e obriga, á súa vez, a permanencia de certas vitorias, sobre todo a da infalibilidade da insubmisión. Da fidelidade a ese acontecemento, e non soamente ao seu pasado, senón e antes todo ao que fica por vir, dependerá o feito de que as palabras de Sarkozy ("acabouse o 68") acaben no dicionario dos ridículos.

**¿Derrota? pero en que sentido se pode falar de derrota se a excepción de Maio tamén nos ilustra acerca do que pode chegar a ser unha conmoción social e política que non necesita triunfar**

O primeiro que se debe salienta é a inmensa politización que se deu en Europa e fóra dela (falamos aquí de Francia como estereotipo, pero lembremos Alemaña, Italia, Bélxica, Xapón ou os Estados Unidos -mesma na universidade galega produciuse unha importante revolta, pero aquí o

libre e inesperada de contestación ao sistema vivente e a ideoloxía e costumes inherentes a el. E, ao fin, a derrota, mais unha derrota singular.

Por encima de eventos esclarecedores -detención dos dirixentes maoístas, prohibición de partidos extraparlamentares, asasinato de

Mais ¿cales son as causas dunha revolta de tanto nivel cuantitativo e cualitativo? Maio 68 era imprevisíbel, sobre todo nunha sociedade como a francesa onde se gozaba dun alto ritmo de crecemento. É certo que houbo condicionantes a modo de "ensaios" de autoorganización masiva en feitos como a loita contra a guerra de Alxeria e do Vietnam, pero a verdade é que en nada se prevía un sismo político de tal amplitude. Edgar Morin fala de "acontecemento" nacido por sorpresa e vivido con sorpresa, como unha caste de combinación de azar e necesidade. Inaudito e escandaloso, efectivamente. Alain Badiou, o pensador

// Francisco Sampedro

**El siglo** · Alain Badiou · Manantial, 2005 · 225 páx · 6,90 euros



**El odio a la democracia** · Jacques Ranciere · Amorrotu, 2006 · 144 páx · 9,50 euros





## A nova dereita francesa (II)

# Na superestrutura do turbocapitalismo

Mitterrand e os novos filósofos mudaron o París do 68 na capital da reacción europea

No paseo triunfal do neoliberalismo, que arrincara no ocaso dos setenta e acadou fogos de artifício, simultaneamente, coa caída da Unión Soviética e a primeira das guerras do Golfo, tamén desfilaron filósofos. Nunha aceleración sen precedentes do proceso intelectual, parte das cabezas visíbeis do 68 francés atravesaron o arco ideolóxico occidental, da extrema esquerda ao parafascismo neocón, sen curiosamente mudar o peiteado e en apenas unha década. As crechas de André Glucksman ou as camisas entreabertas de Bernard-Henry Lévy pasaron de “revolucionar a revolución” a funcionar de coartada teórica para a radicalización dereitista de N. Sarkozy e o humanitarismo militar atlantista. Un seu coetáneo non adscrito á vaga reaccionaria, Gilles Deleuze, advertiuno en vésperas das eleccións de 1977: “O asunto [dos novos filósofos] estaba en quen cuspiría mellor sobre Maio do 68”.

Erguidos aos altares nas páxinas de referencia de *Le Monde*, onde arrapañaron os espazos analíticos e culturais, os novos filósofos foron recibidos con albízaros nos centros imperiais. Se o magazine estadounidense *Time* volvíaa atender o pensamento francés, o perigo vermello semellaba esvaecer, a prensa británica abría con entrevistas aos serodios descubridores do Gulag –que agora situaban, delirantemente, xa na obra de Karl Marx– e teimudos negacionistas do que eles propios representaran. O trotskista paquistaní Tariq Ali, novelista e na actualidade coeditor de *New Left Review*, aseguraba nas súas memorias, recentemente reeditadas, que “París, noutro tempo baliza da esquerda, mudara a finais dos oitenta na capital da reacción europea. A combinación de Mitterrand e os ‘novos filósofos’ creou unha atmosfera moito máis perniciosamente dereitista que no Reino Unido da Thatcher”.

A violenta curvatura das traxectorias políticas dos novos filósofos, entre a Sorbona ocupada e as estadas superestruturais do turbocapitalismo, non implicou necesariamente a asunción do sentimento de vergonza. Así, Bernard-Henry Lévy atrévese a arrimar Sartre ao seu muíño n’*O século de Sartre*, e nun acto de prestidixitación propio da tecnocracia mediática, facer dos últimos anos do autor de *Crítica da razón dialéctica* un arrependido confesional. Antes, tamén Gershom



Benjamin, Adorno e Chomsky

## Filósofos que semellan non resistir a marcha da historia

Scholem pechara a andaina intelectual do seu amigo Walter Benjamin no estudo do misticismo xudeu, unha outra vítima da “viraxe marxista” dos anos trinta. Cada un fala da feira.

Crear o seu metarrelato particular a partir da proclamación da “fin dos metarrelatos”, converter a inexistencia da verdade na súa verdade, armar os apoios académicos e teleolóxicos de que a economía de mercado (*sic*) resulta inseparábel da democracia (parlamentarista), lexitimar o estado avanzado do imperialismo, foron algunhas das misións que o *savoir faire* dos pensadores galos levou adiante nos anos duros que abriran, conxuntamente e a ambas beiras do océano, Ronald Reagan, Margaret Thatcher e a traizón de François Mitterrand ao programa da Unidade da Esquerda. As actitudes capitulacionistas infectaron non só a compatriotas e arrimados –Régis

Debray percorreu a distancia que existe entre un cárcere boliviano, canda o Che Guevara, e os salóns presidenciais do Elíseo tampouco en máis ca dous lustros–, senón que se estenderon á contorna, sempre sensíbel aos cambios de luz no parnaso francés. Na cerna da meseta, xentes coma Gabriel Albiac, César Alonso de los Ríos ou, noutra medida, Antonio Elorza, perseguen o esteiro de Glucksman, Gallo, Benny Lévy ou Ferry, con afán desmedido e a patria no corazón. Mesmo na Galiza pulula algún ex dirixente comunista de xornal que, á beira dunha fe subvencionada na bondade da lóxica mercantil, se apunta a caldear as condicións para o que Adorno denominou “paranoia de masas”.

Que a esmorga posmoderna rematou é algo que poucos observadores atentos dubidan. Mesmo Toni Negri e Michael Hardt víronse na obriga de escribir *Multitude* para se corrixir a si mesmos do afirmado en *Imperio*. As engrenaxes bélicas imperiais amósanse ben engraxadas e, malia á interpretación nihilista e simplificadora dos penúltimos acontecementos da guerra global permanente que traza *Dostoevski en Mahattan*, nin sequera o slogan “the clash of civilizations” parece fragmentario ou hedonista. Aqueles, estes, novos filósofos, que agromaron con mesianismo e ubicuidade, semellan non resistir a marcha da historia. Terry Eagleton remitía a Noam Chomsky a pé feito do intelectual e a verdade: “O papel do intelectual, dise, é falarlle ao poder coa verdade. Chomsky desmentiu ese clixé curial mediante dous tipos de argumentos. Por unha banda, o poder xa coñece a verdade; e está ocupado tratando de ocultala. Por outra, os que precisan da verdade non son os que están no poder, senón aqueles a quen o poder oprime”.

// Daniel Salgado

**Imposturas intelectuais** · Alan Sokal, Jean Bricmont · Paidós, 1999 · 316 páx · 24 euros



**A revolución branca** · Slavoj Žižek · Atuel, 2004 · 91 páx · 10 euros



Circa 1920. // Ksado

## Galegos do común Historia Dous séculos debullados por Xavier Castro baixo a lupa do cotián

**Historia da vida cotiá en Galicia. Séculos XIX e XX** · Xavier Castro · Editorial Nigratre, 2007 · 404 páx.



Existen varias historias de Galicia na época contemporánea, pero ningunha dos galegos, das xentes de diferente condición social; dos que comían ben e durmían en colchóns de la, e os que levaban unha existencia precaria téndose que deitar amoreados en xergóns de follato”. As verbas do limiar da obra de Xavier Castro son un perfecto resumo do que imos atopar neste libro: unha historia de homes e mulleres comúns nos que moitos dos lectores, especialmente cando se aproximen ou superen os cincuenta anos, se van ver reflectidos.

Baseándose nas fontes históricas tradicionais, pero tamén na literatura ou nas fontes orais, o profesor Castro lembra como foi a vida dos cidadáns galegos nos dous últimos séculos, unha vida non exenta de dificultades e, na meirande parte dos casos, de calamidades e estreiteces.

Castro relata de maneira amena, e co obxectivo de chegar ao lector medio, dous séculos da nosa historia cotiá. Non hai grandes feitos nestas páxinas, e os que aparecen son froito dunha obra colectiva.

A casa como fogar familiar, a escola, o matrimonio, o traballo e a diversión, a vestimenta, son

algúns dos aspectos da vida cotiá que se desenvolven no libro e, coma sempre na obra de Xavier Castro, a alimentación e a cociña teñen un tratamento preferencial.

Saberemos por esta obra das penurias alimenticias dos obreiros galegos e da situación aínda peor dos labregos, que vían como a metade da colleita desaparecía no pago de débedas, foros, alugueiros e trabucos, mentres as clases acomodadas, polo xeral perceptores deses pagos, vivían en tal abundancia que, en palabras de Castro “supera en moito á dos estresados vips dos nosos días”.

Xavier Castro fainos reparar no porque de certos costumes, como por exemplo que os labregos coceran a comida e os vilagos a fritiran, e ata explica a evolución dos xeitos de cociña no país, dende a lareira ata os nosos tempos, coas dúas “revolucións” que supuxeron as cociñas de ferro, primeiro, e as de gas despois.

Un dos apartados quizais máis interesantes dos contidos culinarios deste libro é o referente á discriminación alimentaria da muller, un tema de sobra coñecido pero nunca ben analizado.

Inda que se nos presenta como unha “historia”, este libro de Xavier Castro é máis unha obra de carácter etnográfico que histórico, moi en liña cos traballos do **añorado** Xocas. En definitiva, un libro para saber algo máis sobre o noso pasado como colectivo humano.

// Miguel Vila Pernas



# Darwin, laicismo e deseño intelixente

**Ciencia** O creacionismo pseudocientífico dispútalle lexitimidade á teoría da evolución

Grupos de presión estadounidenses vinculados a organizacións relixiosas evanxélicas, non satisfeitos con proclamar a inmutabilidade dogmática dos textos bíblicos, reclaman tamén a lexitimidade da ciencia mediante a chamada teoría do “deseño intelixente”. E esixen que sexa ensinada nas aulas ao mesmo nivel en que se ensina a teoría da evolución darwinista. Como se alguén desempeñase hoxe a teoría xeocéntrica tolemaica (por certo, aínda que errónea, bastante máis científica có deseño intelixente) e reclamase que fose ensinada a carón do heliocentrismo copernicano. Dúas teorías e que o alumno escolla, como quen escolle entre dúas marcas de deterxente. ¿Hai algo máis liberal e democrático?

Os dous libros que aquí comentamos sitúan a aparición desta “teoría” nun proceso, de xa longa traxectoria, de defensa do creacionismo bíblico fronte ao evolucionismo darwiniano. Nos dous atopamos unha descrición dos chamados “tres xuízos do mono”: o proceso de Dayton, en 1925, o de Little Rock (1982) e o de Dover (2005). A sentenza do xuíz Jones, neste último, fica como un documento esencial de defensa da laicidade e do ensino científico, asentando que o deseño intelixente non é unha teoría científica senón unha versión renovada de ideas relixiosas tradicionais. Non obstante, as sucesivas derrotas dos antidarwinistas nos tribunais (a multa ao profesor darwinista Scopes, no primeiro, foi máis unha derrota ca unha vitoria para os seus acusadores), non parecen arredalos e a súa influencia comeza a ser exportada alén do territorio americano.

Tanto Ayala como Picq fan unha revisión da natureza falaz dos argumentos utilizados polos defensores do deseño intelixente para discutir a científicidade do evolucionismo darwinista e coinciden na explicación de por qué, en cambio, estoura “teoría” carece das condicións elementais para ser conceptualizada de científica. Hai tamén coincidencia entre os dous autores en considerar que a contradición entre o científico e o relixioso encerra en boa medida un falso problema. Non obstante, é a partir de aquí onde, na miña opinión, Ayala e Picq comezan a marchar por carreiros diferentes. O primeiro parece especialmente



Pascal Picq. // Arquivo

empeñado en disolver todo conflito, nunha liña semellante á que hai anos propuxera Stephen Jay Gould (*Ciencia versus relixión*, 2000), chegando ata o punto de salientar, cun enxeñoso argumento, que son en realidade os defensores do deseño intelixente, e non os darwinistas, os que entran en contradición coa relixión. O “agasallo de Darwin á teoloxía” chegaría nada menos que a solución a un dos máis vellos problemas da teoloxía racional: a compatibilidade entre a perfección (o que inclúe a bondade) de Deus e a existencia de imperfeccións (incluído o mal) no mundo creado.


Pascal Picq prefere levar o acento sobre a ameaza ao laicismo implicada na ofensiva integrista, salientando o absurdo das pretensións dos promotores do deseño intelixente de que a súa “teoría” sexa explicada a carón da evolutiva. Cando hai dúas teorías científicas en disputa, son os científicos quen deben debater entre eles de acordo cos procedementos propios da ciencia de que se trate, o que inclúe sempre (no caso das ciencias empíricas) o recurso a probas experimentais. Un debate científico non é un simple “debate de opinión” en que os participantes poden escoller, segundo o seu bo e libre parecer, unha opción ou a outra. Por iso, Picq entende que certas

correntes epistemolóxicas (como o relativismo posmoderno) moi influentes na tradición filosófica e científica francesas poden estar actuando, en certo senso, como involuntarios aliados da reacción integrista, ao rebaixaren indebidamente o estatuto da científicidade ao nivel dun simple “relato” entre outros relatos (¿por que privilexiar, logo, o “relato” darwinista fronte aos relatos creacionistas... ou os budistas, os hinduístas...?).

Por outra banda, no intento, xa sinalado, de diluír a contradición entre o científico e o relixioso, Ayala remata por situar nun mesmo plano o integrista relixioso, que nega a autonomía do saber científico, e o ateísmo materialista, que negaría a autonomía do relixioso. Entendo que esta equivalencia é falaz. Certamente, non hai dúbida de que, fronte á aspiración dos vellos positivistas, non se sostén a pretensión de fundamentar un “ateísmo científico”. ¿Quere isto dicir que hai a mesma irracionalidade en abrazar un dogmatismo relixioso que en soste a posibilidade de explicar o universo de acordo con principios simplemente imanentes? En absoluto. O máximo respecto polas crenzas relixiosas non ten por qué impedir o exercicio dunha crítica racional das ideas relixiosas. Sigmund Freud atreveuse un día a imaxinar “o porvir dunha ilusión”: unha educación científica e á vez radicalmente “irrelixiosa” que educase ás novas xeracións nunha “primacía da intelixencia sobre a vida instintiva”. Hoxe xa case ninguén pretende tal cousa e, con todo, os ideólogos das relixións seguen teimando por recuperar a súa vella xerarquía na formación das consciencias. Que non pretendan tamén negarnos (¡outra volta!) o dereito a pensar doutro xeito.

// Miguel Vázquez Freire

**Darwin y el diseño inteligente** · Francisco J. Ayala · Alianza Editorial, 2007 · 225 páx · 6,90 euros



**Lucy et l'obscurantisme** · Pascal Picq · Odile Jacob, 2007 · 144 páx · 9,50 euros



## O "deseño intelixente"

Daniel Soutullo

O deseño intelixente é a última fronte de batalla creacionista en contra da teoría da evolución das especies. Malia a súa presentación recente nos Estados Unidos, a súa formulación orixinal remóntase a William Paley que, en 1802, comparaba na súa obra *Teoloxía natural* o deseño complexo dun reloxo co ollo humano, como argumento para defender a necesidade dun creador dos seres vivos. Os propagandistas do deseño intelixente postulan que as estruturas complexas presentes nos organismos, perfectamente adaptadas á realización dunha función, requiren a existencia dun deseñador, do mesmo xeito que un reloxo, coa súa delicada maquinaria, necesita dun reloxeiro que o deseñe e o constrúa, xa que non poden xurdir de xeito natural impulsadas pola acción de cambios azarosos.

Esta argumentación adoece dun profundo descoñecemento dos mecanismos da evolución darwiniana. O principal deles, a selección natural, é suficiente por si só para explicar a adaptación dos organismos aos seus contornos naturais. A materia prima para a acción da selección natural é a existencia de variacións herdábeis, transmitidas de proxenitores a fillos de xeración en xeración. Estas prodúcense por cambios aleatorios do material hereditario (os xenes de ADN contidos nos cromosomas) cando este se replica. Os erros de copia na replicación, aínda que escasos, da orde de un por millón de copias, achegan a variación necesaria para o funcionamento da selección natural. Non todas as variantes hereditarias afectan de igual xeito á supervivencia e reprodución dos seus posuidores. Os individuos portadores daquelas variantes que favorecen en meirande medida a capacidade de deixar descendentes que herden esas mesmas características irán aumentando a súa frecuencia de xeración en xeración, até facerse predominantes nas poboacións.



A esta reprodución diferencial dos individuos, motivada pola transmisión de variantes hereditarias con distinta taxa de supervivencia, é ao que Darwin chamou selección natural. É un proceso moi lento, que require un número moi grande de xeracións para producir cambios notábeis, da orde de centos de milleiros cando non de millóns de anos. Pero, ao cabo, é un proceso de cambio evolutivo que promove a adaptación dos organismos aos seus ambientes. Estas adaptacións maniféstanse en estruturas complexas aparentemente deseñadas para o desenvolvemento da súa función. Mais non é un proceso aleatorio froito do puro azar como afirman os creacionistas do *deseño intelixente*.

Unha característica moi importante da evolución é que a selección natural non promove a adaptación en abstracto, sobre a base dun deseño óptimo, como o concibiría un enxeñeiro no seu estudo. A selección natural parte sempre das estruturas preexistentes nos organismos e, a partir delas, selecciona aquelas variantes que aumentan a supervivencia e reprodución diferencial dos seus portadores. En palabras de François Jacob, «se se trata de establecer unha comparación, entón hai que dicir que a selección natural traballa non como un enxeñeiro, senón como un *experto en bricolaxe*». A consecuencia disto, as “solucións” atopadas pola selección para a supervivencia e adaptación dos organismos non sempre son óptimas, diríamos que son as menos malas das posibles pero non as mellores das imaxinábeis, ao contrario do que cabería esperar da actuación dun deseñador onnipotente non limitado pola historia evolutiva previa dos organismos.



## No cambio social

### O fenómeno da web 2.0

Bitácoras · Xosé López-NetBiblo, 2007· 163 páx · 23 euros



Unha das palabras de moda son os Contidos Xerados polo Usuario. Non en van a personaxe do ano pasado segundo unha publicación de prestixio foron os Usuarios, recoñecemento que se engloba no penúltimo hype tecnolóxico: a Web 2.0. ¿Que hai detrás deste fenómeno?

Nos últimos anos, un feixe de libros tentaron abordar os blogs dende diferentes perspectivas, como *Blogs, la conversación, La blogosfera hispana* ou *La revolución de los blogs*. Weblogs, bitácoras ou blogs vén a ser o mesmo: un diario en liña, cunha orde cronolóxica inversa (o último escrito é o primeiro que aparece), nas que un autor ou autores escriben de xeito frecuente. As razóns de por que ao redor dunha tecnoloxía xurdan tantas expectativas e tanto ruído mediático son moitas, pero todas xiran ao redor das posibilidades que abre para a difusión da voz do cidadán, levando a democracia cara a un novo estadio.

Agora ben, o feito de que cada cidadán teña a posibilidade de verter información na rede, de xerar os seus propios contidos e difundilos, provoca cambios profundos no xornalismo e nos cibermedios. Nos últimos meses fomos testemuñas de profundos redeseños e apostas pola creación dunha comunidade que permita ir máis aló aos medios, onde os blogs formaban parte dunha estratexia pola creación dunha comunidade de (ex)lectores e (agora)participantes. O libro *Bitácoras* do galego Xosé López aborda dende unha ollada eminentemente universitaria o fenómeno que acaba de ser descrito, analizando moi polo miúdo as implicacións e os impactos que no xornalismo ten e terá un maior grao de participación da cidadanía.

En definitiva, este libro permitirá complementar as análises existentes sobre un fenómeno tan mediático como polémico partindo do xornalismo como marco de referencia. Porén, para aqueles que aínda non se achegaron a un obxecto de estudo tan esvaradío como os blogs, *Bitácoras* é un punto de partida claro, sintético e contextualizado que, sen dúbida, invitará e incitará ao lector a continuar afondando no impacto que causa unha tecnoloxía cando os seus usuarios aprópiense dela.

// **Fernando Garrido**



Fotograma de *The Brothersome Man*, de Jens Liens. // Festival de San Sebastián

## Libros de Donostia

### Cinema A cinematografía nórdica, Garrel e o clasicismo de Henry King

A lén da selección de filmes que inclúe en competición, un festival de cinema pode medirse tamén pola calidade das retrospectivas que organiza, que adoitan ser, ademais, un bo refuxio contra a mediocridade das seccións oficiais, como a que vimos de padecer en Donostia. Na súa edición número 55 o maior dos certames españois incluíu ciclos dedicados ao cinema nórdico contemporáneo e aos directores Philippe Garrel e Henry King, nos tres casos acompañados de volumes en español e inglés de singular interese.

En *Fiebre helada. El nuevo cine nórdico*, Christian Monggaard repasa a produción filmica desenvolvida nestes últimos anos en Dinamarca, Finlandia, Islandia, Noruega e Suecia. O libro, de pretensións simplemente introdutorias, incorpora un pequeno dicionario de directores escandinavos, e por suposto índices onomásticos e de películas, característica esa común a todas as publicacións do Festival.

Bastante máis valioso resulta o volume coordinado por Quim Casas, *Philippe Garrel. El cine revelado*, por achegarse a un cineasta de enorme prestixio que porén permanecía inédito nas salas comerciais españolas. O director d'*O nacemento do amor* e d'*Os amantes regulares* é un creador radical, de vida apaixonada e extrema, por momentos autodestrutiva, da que deixou boa constancia nas súas películas. Nun dos capítulos Juan Bufill explora os anos que Garrel viviu coa cantante Nico. "Lembro a miña derradeira visita á parella. O teléfono estaba cortado por falta de pagamento, pero tamén a luz e a calefacción. Era unha cova no centro de París, preto da Ópera, chea de xiringas e culleres dobradas. A heroína era a dona". Aquilo rematou hai tempo. Hoxe Garrel é "un home feliz, saudábel, salvado: ten fillos, fai cinema e

pensa xa sen desorde", e a súa obra vai gañando unha merecida visibilidade. O espléndido libro está coeditado polo Centro Galego de Artes da Imaxe, e conta coa colaboración do seu programador, Jaime Pena.


A retrospectiva clásica serviu desta volta para canonizar a *Henry King*, director sempre vencellado a un mesmo estudio, a 20<sup>th</sup> Century Fox. A dicir de Quim Casas, coordinador xunto a Ana Cristina Iriarte da publicación, Henry King "deu a case todos os xéneros polo menos unha obra mestra, ou unha película de ruptura, ou unha obra inclasificábel segundo os parámetros tradicionais", e este feito colócao uns chanzos por riba dos eficaces artesáns do Hollywood clásico. Coeditado polo Festival de Donostia e a Filmoteca Española, o volume contén artigos, entre outros, de Carlos Losilla, Ricardo Aldarondo e Miguel Marías, así como un de Gregory Peck no que o actor revisa a súa estreita colaboración co cineasta.

// **Martin Pawley**


**Fiebre helada. el nuevo cine nórdico** · Christian Monggaard · Festival de Donostia, 2007 · 248 páx



**Philippe Garrel. El cine revelado** · Coordinado por Quim Casas · Festival de Donostia-Filmoteca Vasca-IVAC-CGAI-Forum des Images 2007 · 404 páx



**Henry King** · Coordinado por Quim Casas e Ana Cristina Iriarte · Festival de Donostia-Filmoteca Española, 2007 · 464 páx



## Voces propias

### Divulgación Investigación sobre a identidade de America Latina e o Caribe

A *Latinoamericana* xa se transformou en referencia para estudosos de América Latina contemporánea. Boa proba diso é o recoñecemento como «Mellor Libro de Ciéncias Humanas» no Premio Jabuti 2007, o máis importante de Brasil. Lanzada nun dos espazos de integración simbólica da rexión, o Memorial da América Latina, en São Paulo, o proxecto tivo proxección internacional a través das redes altermundistas.

Este volume monumental concentrou unha equipo multidisciplinar, liderada polo sociólogo e profesor Emir Sader e nutrida de colaboradores. Foi concibido inicialmente no Laboratorio de Políticas Públicas da Universidade Estadual de Rio de Janeiro (UERJ) e pola editorial Boitempo.

Durante tres anos, o núcleo foi sumando esforzos. Os do consello consultivo, que contou con personalidades destacadas: Boaventura de Sousa Santos, Eduardo Galeano, István Mészáros, Marilena Chaui, Michael Löwy e Pablo González Casanova. E tamén as achegas de 123 intelectuais de case 20 países, que divulgan as súas ideas sobre a rexión con voces propias, cheas de matices críticos.

Timbres propios, porque moito do material foi producido con exclusividade, como é o caso dos 95 mapas e 136 táboas da obra. A investigación concéntrase nos últimos 50 anos de América Latina, incluíndo gráficos e fichas de cada país da rexión, así como biografías das personaxes máis destacadas. Son, en total, 980 entradas, entre artigos temáticos e definicións.

Tons críticos, porque o proxecto naceu con esa vocación. Segundo seus creadores, había a necesidade de "rescatar o continente", tralo auxe das políticas neoliberais, "que rebaixaron os nosos países a meros campos de inversión e especulación". Por iso, abordaron a tarefa de revitalizar a bibliografía sobre América Latina e o Caribe.

Nunha época en que está de moda a integración económica, o capital financeiro marca a produción intelectual, ofrecendo campo aberto ás concepcións economicistas, que se impoñen á historia, a cultura, as identidades, as relacións e os movementos sociais. Pero o novo coñecemento parte precisamente desas realidades sometidas, co obxectivo de enfrontar o pensamento único mediante reflexións e debates plurais.

O primeiro deles debería xirar en volta do significado da propia palabra América, nacida da colonización (termo que deriva do nome do propio Colón). De feito, en Brasil é común empregar a palabra "americano" para referirse a persoas

de nacionalidade estadounidense. Lonxe de tratarse de un uso informal, é lexitimado e espallado polos principais medios de comunicación do país.

A outra face da cuestión é tratada no artigo "Latino-americanos nos Estados Unidos", asinado por Gioconda Espina (páx. 706-713). A autora afirma: "Ser latino nos Estados Unidos presupón a construción dunha identidade, proceso que non debe ser comprendido só como de sincretismo cultural". A *Latinoamericana* é a base desde a que se está construíndo esa identidade latina, a da primeira minoría nos Estados Unidos, cuxo sangue corre polas veas abertas do continente.

// **Óscar Curros**

## Segundo seus creadores, había a necesidade de "rescatar o continente" tralo auxe das políticas neoliberais



Arte tradicional latinoamericana



**Latinoamericana - Enciclopedia Contemporánea da América Latina e do Caribe. Ed. brasileira** · Emir Sader, Ivana Jinkings, Carlos Eduardo Martins e Rodrigo Nobile (coord) · Boitempo e Laboratório de Políticas Públicas, 2006 · 1.344 páx ·

75 euros



# Berlín Maratón literario

Franck Meyer

Entre os innumerables eventos culturais que ofrece a capital alemá conta o Festival Internacional da Literatura. Entre o 4 e 16 de setembro celébrase a súa sétima edición. Máis de 150 autores de máis de 50 países en máis de 250 actos con máis de 30.000 visitantes: talvez haxa outro festival aínda máis grande, porén este de Berlín xa é todo un superlativo cultural. E despois das edicións anteriores tampouco lle falta sona internacional, o cal converte en tarefa non demasiado difícil o de conseguir que numerosos autores acudan a esta cita literaria. Este ano contábase coa presenza de xente como o Premio Nobel **Wole Soyinka** ou outros non menos coñecidos: **Mario Vargas Llosa**, **António Lobo Antunes**, **Isabel Allende**, **Michael Ondaatje**, **Chuck Palahniuk**, **Nicholas Shakespeare**, **Juri Andruchowytch**, **Namita Gokhale**, **Aharon Appelfeld** e **David Grossman**, este último encargado de pronunciar o discurso inaugural.

Enmarcado nun programa cultural cosmopolita que tamén incluía o cine, a música e o teatro, o Internationales Literaturfestival Berlin (ilb), porén, non presentou soamente os valores consolidados da literatura mundial, senón que tamén ofreceu un amplo espazo ás descubertas. Esa era, en particular, a idea dunha sección co nome "Literaturas do mundo", na que escritores de varios continentes puideron convidar a compañeiros considerados esperanzadores. Outro tanto se pode dicir da sección "Fokus Lateinamerika", dedicada exclusivamente ás literaturas do mundo latinoamericano. Aquí puideron, ao lado de xente máis famosa, darse a coñecer ao público europeo autores menos sonados: **Laura Antillano** (Venezuela), **Claudia Amengual** (Uruguay), **Edgardo Cozarinsky** (Argentina), **Reginaldo Ferreira da Silva** (Brasil), **Antonio José Ponte** (Cuba), **Juan Manuel Roca** (Colombia), etc. Algúns destes encontros, nos que ademais de literatura se falou tamén da realidade social e política do continente americano, tiveron lugar no Instituto Ibero-Americano, que só foi un dos numerosos sitios nos que se celebraron os diversos actos: Casa dos Berliner Festspiele, Casa das Culturas do Mundo, Instituto Cervantes, bibliotecas, librerías. O escenario máis curioso, desde logo, sería o daquela lectura nunha prisión da capital co seu público de delincuentes...

O que quere o *ilb* é un pouco ofrecer algo para todos os gustos. O enfoque é, daquela, global,



Cartel do Internationales Literaturfestival de Berlín

tanto xeográfica como ideoloxicamente. Máis de 30 intérpretes encargáronse da comunicación entre o público e os autores, que todos falaban, evidentemente, en cadansúa lingua. Ao lado de eventos *pop* como a charla do estadounidense **Chuck Palahniuk** (*Fight Club*) había tamén un concerto de tango novo ou homenaxes a grandes autores xa desaparecidos, na sección "Memoria, fala", como por exemplo unha lectura íntegra da obra *Auslöschung. Ein Zerfall* de **Thomas Bernhard** (24 horas para 650 páxinas). Logo, na sección "Reflections", discutíase da relación entre o Islam e Occidente, mentres se aproveitaba o Festival tamén para organizar unha grande sesión de poesía *slam*, tan en voga ultimamente. O programa completo abranguí

«No recente Internationales Literaturfestival de Berlín fíxose obvia a dificultade que teñen as linguas minorizadas para conseguiren que se comprenda realmente a súa situación particular»

moitas páxinas e hai quen di que non só o director do *ilb*, **Ulrich Schreiber**, perdía ás veces o control, confundindo uns con outros.

Grandes temas e moita literatura, entón. Todo indica, pois, que a cita de Berlín de finais de verán é unha boa preparación para esoutra de comezos de outono: a Feira de Frankfurt. Dedicada este ano á cultura catalá, xa suscitou unha polémica nada máis darse a coñecer a decisión da Generalitat de convidar só a autores que escriben en catalán. Que semellante feito poida provocar arduas discusións no Estado español non sorprende realmente. O que pasa é que tamén en Alemaña se ergueron voces moi críticas fronte á política catalá, pois a devandita decisión implica que queden fóra da parte propiamente oficial autores prestixiosos como **Eduardo Mendoza** ou xustamente **Carlos Ruíz Zafón**, que aquí conta con moitos afeccionados desde o seu éxito con *A sombra do vento*. Unha vez máis fíxose obvia a enorme dificultade que teñen as literaturas minorizadas para conseguiren que se comprenda realmente a súa situación particular. Quizais no programa da propia Feira poida traballarse de cara a unha comprensión máis profunda destas circunstancias, determinantes, a fin de contas, tamén para a literatura en lingua galega.

## Gomorrha da camorra

A xente non só acode aos actos dun festival literario polo simple amor á literatura. Existen outros factores máis, como querer entrar en contacto co mundo dos famosos ou renderse ao morbo. Así, unha das estrelas foi, sen dúbida, o xornalista italiano **Roberto Saviano**, de cuxo libro "Gomorrha" xa se leva semanas falando en Alemaña. No seu libro este napolitano de 28 anos atreveuse a revelar o funcionamento da Mafía, en concreto da Camorra da súa cidade natal, rompendo así co código de silencio desta organización. Pois ben, protexido por garda-costas, policía e amplas medidas de seguridade, Saviano falou finalmente ante case 1.000 espectadores! O seu libro xa se converteu nun auténtico *bestseller*, aínda que non se sabe se o seu autor realmente pode gozalo moito, posto que ten que esconderse dos sicarios.

## Grass e o grupo 47

E a literatura alemá? Malia éxitos internacionais como o de **David Kehlmann**, un pode ter a sensación de que as grandes eminencias como **Günter Grass** e **Martin Walser** seguen medrando aínda máis. Este ano celébrase o 60 aniversario da fundación do Grupo 47, que logo da Segunda Guerra Mundial tivo unha grande importancia para a reanimación da literatura de fala alemá, dado que nel non só se estrearon moitos autores famosos como os antes mencionados senón tamén críticos como **Marcel Reich-Ranicki**. Numerosas son as publicacións, estudos, entrevistas e reportaxes sobre este grupo de intelectuais alemáns e austríacos, moito se falou e moito se falará deles nestes meses pasados e vindeiros. Neste país de continuas conmemoracións un dos grandes acontecementos literarios é certamente este aniversario.



# Carta a Robert Walser

por Lupe Gómez

Querido Robert Walser.

Escribirche unha carta é como dar un paseo. Trémame un pouco as mans, e trémame o corazón ao escribirche. Sinto unha alegría indescribible. Ata que me falou de ti unha bailarina, eu non te coñecía. Non me atrevía a mercar os teus libros porque tiña medo de volverme tola ao final da miña vida. A bailarina deixou caer nas miñas mans o teu libro *Vida de poeta*, e sentínme estremecida como un xunco. Dou ás veces paseos moi longos sen ir a ningunha parte. Nas librarías Abraxas e Follas Novas hai moitos libros teus. Están editados en Siruela. Son libros fermosísimos, moi caros. Non quero compralos, gastar os cartos. Teño, como ti, problemas económicos, e quero aprender a ser unha señorita aforradora. Descubríñ con *Vida de poeta* un mundo enfeitizador, que me marabillou dende o principio ata o final. Gustoume pasear contigo polo bosque, como dous vagabundos collidos da man. Inocentes e inxenuos, pero tamén loucos e agresivos. A bondade é o estado natural do ser humano? Nos teus relatos ás veces pónense os paxariños a cantar, e saen anxos de debaixo das pedras. O que sentías cando rabuñabas como un gato é un enigma. Nunca saberemos quen foi Robert Walser. Soñabas con ter un lugar no mundo, unha habitación de poeta. Quizais **Edgar Allan Poe** morreu de *delirium tremens*. Díxome a bailarina que ela leu o teu libro moitas veces na vida. Que lle parece enormemente lúcido. Que a túa mente é increíble. Sempre parecías feliz e encantado de vivir. A inxenuidade é a mellor forma de pasear. Así parece todo máis transparente e humano. Moita xente ten os ollos tapados, porque queren ocultar e negar o que teñen no corazón. Os sentimentos máis profundos e inconfesables. Non soubo a Crítica ver o valor das túas palabras. O que é “diferente” dá medo. Produce incompreensión, arrepíos. Un escritor tan singular como **Thomas Bernhard** rescatou o tesouro que aniñaba nos teus ollos de cazador. Eras un cazador que atrapaba cousas que aparentemente son cousas pequenas, sen importancia. Paseabas moito e coñecías lugares segredos. As obras de teatro de Bernhard son tan absurdas e tan perfectas! A bailarina e eu, as tardes de domingo, tomamos cervexa nun bar de pedra. Falamos de ti porque queremos reinventarte. A túa modernidade é tan grande que parece que estás vivo, que nos comprendes, que nos fas sentir vivas. É unha mágoa que esteas morto. Se estiveras vivo buscaría como tola o teu enderezo para enviarche unha carta, igual que lle escribo a **John Berger**. Seríamos amigos. Que sempre queiras escapar de todas as partes paréceme un xesto de grandísima tenrura. Que non soportes o mundo. Teño un avión no peto para esas situacións nas que necesito fuxir dun recital aburrido, dunha conferencia pedante ou dun río sen auga. A bailarina quere prestarme o teu libro *El Paseo*. É un libro pequeniño de Siruela, tan pequeniño que dá ganas de rir e ser feliz. A ti gústache bailar? Eu necesito bailar sempre, a todas horas. Cando escribo calquera cousa necesito enviárllela aos amigos. Necesito compartir ese pulo irrefreable, esa música íntima. Case sempre nas miñas cartas envío algún poema, algunha creación recente. Sentías ti esa necesidade de entregar emoción e afectos? En *Vida de poeta* escribes “un discurso a un botón” e “un discurso a unha estufa”. Eu escribín “unha carta a un supermercado”. Envíoch



Robert Walser (1878-1956). //Arquivo

con todo o meu amor, con toda a miña admiración, con toda a miña enerxía...

“Carta a un supermercado”

Querido supermercado DIA.

Gústame  
facer a compra.  
Comprar aceite,  
compresas e iogures.

Milleiros de persoas morren de fame no planeta por carencia de auga, arroz ou trigo. Se vou a unha voda poño vestido de cola. Que desordenado estás sempre, supermercado. Cantas cousas hai e canto colorido! É mellor informarse en [www.rebellion.org](http://www.rebellion.org). No DIA está todo moi barato. Hai calcetíns e bragas baratas.

No Nadal hai uns xoguetes e unhas bonecas tan bonitas que me fan perder a cabeza.

As caixeiros están tristes, despeiteadas. Na caixa pónome nerviosa para pagar, porque todo vai demasiado rápido. As caixeiros son mecánicas porque están explotadas.

Robert Walser escribiu sobre un poeta que vivía nun cuarto de baño. Son moi amiga de Robert Walser. O supermercado DIA é o reino das mulleres. As mulleres, mentres compran carne e xamón cocido, falan moito. Critican a todo o barrio. Rin. Comparten cousas. Desafóganse como pozos de auga clara. As mulleres só saben falar de adelgazar, estar a dieta. Din que están gordas. As mulleres están trastornadas. Aos 30 anos chega “a crise dos 30”. Aos 40 chega “a crise dos 40”.

O importante é botar crema anti-engurras e ter un bo fondo de armario. “A pel é o máis profundo do ser humano”.

Ás veces hai homes no supermercado.

Parecen máis guapos por estar aquí, no reino das mulleres. Mercan cervexa e pratos precociñados. Séntense raros e solitarios. Hai aceite de xirasol e aceite de oliva.

Hai tanta xente preguiceira...Gústame as novelas poliédricas. No supermercado gústame mirar o que mercan as xitanas, o que mercan as mulleres que parecen da clase alta, o que mercan os ionkis... O supermercado é a miña casa. Vou facer un máster sobre Robert Walser. Sei facer salsa de tomate natural. É fácil: pos aceite con allo e cebola nunha tixola, botas os tomates pelados, deixas que se fagan, esmágalos coa espumadeira, e non esquezas botarlles sal. Nunca máis vou mercar salsa de tomate de bote. É malísima para a saúde. Querido supermercado, cando me cobras 3 céntimos por cada bolsa de plástico, síntome ofendida. Paréceme unha falta de confianza co cliente. Unha falta de respecto. Danme ganas de dicirche que metas as bolsas no cu. José Martí dixo que “a única forza e a única verdade que hai nesta vida é O AMOR”. No supermercado DIA hai moitísimos iogures, de todos os tipos, cores e sabores. Os iogures son a miña comida preferida.

Non quero ser famosa como Ana Kiro.

Querido supermercado, es un lugar tan poético, tan íntimo...

“Cando ti me abrazas non teño frío”



# Andel de novidades

## Un outono de novas coleccións e óperas primas // Belén Puñal

O curso vén cargado, no que ao eido editorial se refire, de non poucas sorpresas e enerxías reforzadas. Este último trimestre do ano dará para testemuñar o nacemento de novas coleccións –entre elas, o rexurdir da emblemática Leliadoura–, para saudar óperas primas –por exemplo, as novas poetas que editará Espiral Maior–, para adentrármonos nos últimos títulos das e dos xa consagrados –Yolanda Castaño, Marica Campo, Rafa Villar. Rábade Paredes...–, para conseguir as primeiras obras dedicadas ao vindeiro homenaxeado das letras, Álvarez Blázquez, ou para chegar ao peche das triloxías de Xavier Alcalá e Ramiro Fonte. Isto entre outras moitas propostas que convidan a pasar o outono ao calor dos libros.

### Narrativa



Anxos Sumai

Rábade Paredes, Riveiro Coello, Anxos Sumai e Xavier Alcalá protagonizarán as novidades de Galaxia para o remate do ano. *Mentres a herba medra*, a novela de Rábade Paredes gañadora do Premio Blanco Amor, saga familiar con Compostela de fondo, condúcenos dende as frustradas esperanzas da República até as inxedanzas da época actual. En *Así nacen as baleas*, premio de Narrativa Breve Repsol YPF, Anxos Sumai aborda a liberación dunha muller das redes sociais e familiares que a atrapan ao seu redor. *As palabras da néboa*, de Francisco Castro, novela gañadora do premio García Barros 2007 que centra a súa acción a finais do XVI e principios do XVII, dálle un xiro ao xénero da novela histórica ao introducir un narrador que conta a historia dende a época contemporánea e unha conciencia actual. Xavier Alcalá pecha, con *Unha falsa luz*, a triloxía na que recupera a historia dos evanxelistas en Galicia e na que o autor bota man da novela para relatar a dureza dos feitos que marcaron a esta comunidade crente ao longo do século XX.

Xerais inclúe, entre as novidades de outubro, *A lúa dos Everglades* de Xesús Manuel Marcos, novela de intriga, galardoada neste ano co Premio Terra de Melide, que fai converxer tres historias

enraizadas no contexto da emigración galega en diversos puntos do planeta. A editorial tamén está a preparar, para a súa colección de narrativa, *Cardume* de Rexina Vega e *As pontes no ceo. Vida na infancia III*, última entrega da triloxía de Ramiro Fonte.

En Espiral Maior verá a luz *O hóspede escandinavo*, unha novela curta de Manuel Lourenzo, e *Máis vidas*, libro de relatos de Xosé Vázquez Pintor. En Factoría K sairá do prelo o primeiro volume da obra *A conta atrás*, novela gráfica para adultos baseada na catástrofe do Prestige, con prólogo de Manolo Rivas. E Biblos publicará, no último bimestre do ano, o traballo dunha autora novel, Patricia Casas Vázquez, quen se fixo este ano co premio Biblos. Tal e como marcan as regras do galardón, a gañadora deberá rematar neste outubro a obra baixo a supervisión dun autor ou autor de recoñecida traxectoria, neste caso Helena Villar Janeiro.

### Poesía

Reaparece neste último trimestre do ano unha das coleccións máis senlleiras da poesía galega, Leliadora. A iniciativa de Sotelo Blanco, que nos 80 fixo unha aposta fundamental pola poesía galega, revive agora, bautizada como Edox Leliadoura, con Marica Campo (*Sextinario: trinta e seis + tres*), Daniel Salgado (*Os poemas de como se rompe todo*), Rafa Villar (*Memoria de Ahab*), Modesto Fraga (*Derrotas con raíces*), Antón L. Dobao (*Onde o ollar comeza a doer*) e Pilar Beiro (*Bingo*). Espiral Maior publica o último de Yolanda Castaño (*Profundidade de Campo*), Xerardo Quintiá (*Poesía en ruta*, premio Fermín Bouza Brey 2006)



Álvarez Blázquez

e do propio editor, Miguel Anxo Fernán Vello (*Dicionario do estremecemento*). O selo danos a coñecer, ademais, dúas poetas noveis: Berta Dávila (*Un corpo baleiro*) e Rosa Enríquez (*Vestíbulo da devastación*). Positivas incluírá, entre as súas vindeiras publicacións, *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos*, de Moncho Iglesias, e *Cantateis*, de Chico César. Baía Edicións ofrecéncenos, pola súa banda, *Morte do mar*, de Paulino Pereiro, e *Quen beillería iso?*, de

Xosé A. Laxe Martiñán.

Galaxia publica neste tramo final do 2007 dous títulos de poesía, *Vigo*, de Helena de Carlos, e *Teatriños*, da canadense Erin Moure, traducida por María Reimóndez. A colección de poesía de Xerais incrementase nestes meses con *Hai cu*, de Leo F. Campos, e *O adeus do vello mariñeiro*, de Rivadulla Corcón. Ademais, a editorial está a preparar a publicación da poesía completa do futuro homenaxeado do Día das Letras, Álvarez Blázquez, así como dun dos seus poemarios *Roseira do teu mencer*, que será editado na colección infantil. Neste remate de ano sairá tamén á venda unha biografía do autor, da man de Clodio González Pérez e publicado por Toxosoutos. Pola súa banda, Danú incluírá entre as súas novidades un percorrido polos premios de poesía Rosalía de Castro.

En Biblos sairá *Caeira dos días*, que recolle parte importante do traballo poético realizado por Arcadio López-Casanova ao longo de catro décadas. Tris Tram publica, na súa colección de poesía de peto, a Shakespeare e Mark Twain; *Tres C Tres* saca á rúa neste outubro a poesía completa de Luís Aguirre e Edicións do Castro dará a coñecer a antoloxía poética de León Felipe elaborada por José Ángel Ascunce e Enma Jara-Torrent.

### Traducións

Rinoceronte e Factoría K impulsarán a tradución de autoras e autores galegos ao castelán. Rinoceronte farao na súa colección Inversa, que se estrea con *Gramática del silencio*, de Eusebio Lorenzo Baleirón, e *Larga noite de piedra*, de Celso Emilio Ferreiro. Factoría K tamén acudirá ao escritor de Celanova, do que publicará *La frontera infinita*, xunto coa tradución ao castelán de *Males de cabeza*, de Fran Alonso. Así mesmo, o selo traeranos ao galego *O señor Ibrahim e as flores do Corán*, *Cuspírei sobre as vosas tumbas* e –aínda agora en preparación– *Lolita*, títulos cos que a editorial inicia a andaina do seu apartado de narrativa. De recoñecidos autores doutras latitudes chegaranos en breve, por parte de Rinoceronte, *Porca terra*, de John Berger, *Só o silencio me responde*, de Anna Akhmatova e *Poemas canónicos* de Konstantinos Kavafis. En preparación, *O xiro postal*, novela de Ousmane Sembene, autor inédito en España; a obra de Bohumil Hrabal, *Eu servín ao rei de Inglaterra*; *A casa das belas adormentada*, de Yasunari Kawabata (primeiro libro que se traduce do xaponés ao galego); *Deshonra*, de J.M. Coetzee; *A casa de Mango Street*, de Sandra Cisneros, e *O curioso incidente do can á media noite*, de Mark Haddon.

Daniel Salgado traducirá *Ouveo e outros poemas*, de Allen Ginsberg, para Positivas, editorial que tamén volcará ao galego a *Poesía completa de Safo de Lesbos* e *Unha tumba para*

*Boris Davidovich*, de Danilo Kis. Xurxo Borrazás, á súa vez, é o encargado de traducir *O ruído e a furia*, de Faulkner, para Galaxia. A mesma editorial publicará *Camposanto*, de W.G. Sebald; a primeira novela de Pamuk, *O castelo branco*; a última de Schlink, *O retorno*, e a nova entrega do comisario Montalbano, *A pista de area*, de Andrea Camilleri. Ademais dos clásicos, *Tres contos* de Gustav Flaubert, *As mágoas do mozo Werther* de Goethe e *O viaxeiro astral*, de Jack London.



Da literatura portuguesa, Linteo leva ás librarías *Mi mundo no es de este reino*, de João de Melo e Tris Tram os contos, en versión galega, de Eça de Queirós. Tamén neste selo sairá á luz, e traducida pola propia autora, a novela da canadense Carys Evans, *Muller falangueira busca lingua nai*. Pola súa banda, Embora saca á rúa neste trimestre *O banqueiro anarquista*, premio de tradución Plácido Castro de 2006 e Laiovento edita *O caso da rúa de Lourcine*, obra de teatro breve de Eugéne Labiche. Kalandraka agasallará ao público infantil e adulto con *Son un cabalo*, relato escrito por Gonzalo Moure, recoñecido autor da LIX estatal, traducido por Xosé Ballesteros e ilustrado por Esperanza León, no que escritor se introduce nos pensamentos e no sentir dun cabalo, e nas súas relacións co ser humano.

### Infantil e xuvenil

Oqo traerá a Galicia, e por primeira vez, o traballo de debuxantes que son xa referentes europeos, tal é o caso de Susanne Janssen, que elaborou para a editora galega os debuxos de *Neno Terrible*, ou a portuguesa Teresa Lima, que puxo en imaxes o conto popular *Sete Cabritos*. A editora fai dúas apostas importantes con *Titiritesa*, que aborda a relación de amor xurdida entre dúas princesiñas, e coa reedición do *Gran libro dos retratos de animais*, unha obra de Svjetlan Junakovic que procura o achegamento da arte á xente miúda. Outros títulos inminentes do selo, *As pousadeiras do rei*, *Ollobrusco* e *O oso e o corvo*.

Kalandraka sacará en galego *Oh! Ah!*, un referente da literatura infantil con texto e ilustración de Josse Goffin. A editorial publicará de novo, en versión despregable, *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*, e presentará en decembro un





Fina Casalderrei

novo título da colección de ópera en galego para nenos, *Orfeo e Eurídice*. En preparación, unha obra ilustrada por Kiko da Silva, *Sar e Sarela*. Pola súa banda, Factoría K traducirá os libros da serie Mifi, personaxe ben coñecido entre os máis cativos.

Xerais inclúe entre as novidades deste trimestre o premio Merlín do 2001, *Minimaladas*, de Carlos López, a obra gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2007, *Illa Soidade* de An Alfaya, e mais ao traballo finalista, *O ceo dos afogados*, de Francisco Castro. En preparación, unha nova colección de literatura xuvenil que se estreará con Agustín Fernández Paz (*O único que queda é o amor*) e Gonzalo Moure (*A noite do Risón*). Galaxia, pola súa banda, ofreceralle ao público infantil un novo título de Fina Casalderrei, *Apertas de vainilla* -no que a autora se achega ao mundo da discapacidade- e reeditará *A Galiña Azul*. Na colección Costa Azul sairá a primeira incursión de Xesús Constenla na literatura xuvenil, *O libro das alquimias*, e publicarase *Saladiña*, de Xavier Queipo, e *Frío, frío*, de Óscar Pérez Marín.

Embora inauguraré a súa colección infantil con *O traxe novo do emperador*, ilustrado por Xaquín Marín. Toxosoutos estreará a versión para o público infantil de *Os pequenos barbanzóns*, de Pepe Carreiro, con dous títulos: *Castañas con porco bravo* e *O ladrón de mel*. Baía Edicións abordará a violencia de xénero con *Xela volveuse vampira!!* de Fina Casalderrei, que tamén publicará no mesmo selo *Cabalos de lume*. Pola súa banda, Nova Galicia Edicións transmitiralles aos pequeños o respecto ao ambiente en *A billa de Xoán* e a importancia da confianza nun mesmo en *O pequeno Yared*. Rodeira dará a coñecer, de Miguel Vázquez Freire, *O neno que tiña medo dos robots*, e sacará á luz neste trimestre unha versión da Odisea para xente miúda, adaptada por Rosa Navarro. A colección Ala Delta acolle desta vez a dous autores da LIX galega, Ana María Fernández, con *Poemas que me cantou o grilo*, e Xosé Miranda con *A nena pálida*. Na colección Catavento, tamén da editorial Edelvives, publicará Rafael Lema *U-49*, para público entre 12 e 16 anos.

## Ensaio e investigación

No apartado ensaístico destaca a reedición e actualización da obra de Xosé Manuel Beiras, *Por unha Galicia liberada. Ensaíos en economía e política*

en Espiral Maior, selo que tamén presentará *Da palabra no tempo*, conxunto de traballos de crítica literaria elaborados por Darío Villanueva nos últimos anos. Laiovento sacará do prelo *O mito da alma*, de Gonzalo Puento Ojea e *Dos signos de Stendhal aos imaxinarios de Musil. As matemáticas da literatura*, unha incursión, da man de Xenaro García Suárez, nas interrelacións entre a ciencia dos números e a escrita literaria. En A Nosa Terra, María del Carmen Sánchez Carreira publicará *A privatización da empresa pública española. Repercusións na economía galega*, unha análise na que se poñen de manifesto as consecuencias sociais do neoliberalismo no entorno máis próximo. E en Danú, Francisco Javier Barcia González sacará á luz *Un criterio estético contemporáneo* noutra colección de nova factura, "Tamén nós", que pretende facilitarlle as portas da edición a autores noveis.

O traballo literario de Manolo Rivas será obxecto de estudo no título de Isabel Castro *Reexistencia. A obra de Manuel Rivas*, que está a preparar Xerais. Quen teña interese en afondar na historia do país atopará, na recta final do ano, varios títulos entre os que escoller. En A Nosa Terra sairá á luz *Labrando na Rebelión*.



*Societarismo e populismo agrario en Galicia* e *As escolas de fundación en Galicia*, estudo este último no que Lois Obelleiro recupera unha das partes máis esquecidas da historia da educación en Galicia. Laiovento publicará, de Xosé Manuel Maceira Fernández, *O nacionalismo cívico. Interpretación do contributo da Irmandade da Fala da Coruña*, e Alexandre Bóveda. *Na demanda da restauración*, de David Otero.

O propio modo en que a historia do país está a ser construída é cuestionada por José Carlos Bermejo Barrera, que en *¿Para que serve a historia de Galicia?* polemiza sobre os grandes temas da historia actual de Galicia. O volume abre a colección "A memoria de Galicia" de Lóstrego, editorial que tamén publica neste remate do ano *A xeografía física de Galicia*, de Ángel Miramontes. Tris Tram fai repaso da discografía galega do último cuarto do século XX en *Gravacións da música galega (1975-2000)*, da autoría de Xaime Estévez Vila, e Tres C Tres, en *Son para a Unión Barcalesa da Habana (1907-2007)*, recupera a traxectoria desta agrupación da emigración nun volume no que se poden consultar tamén partituras que protagonizaron a súa andaina musical. Na intrahistoria repara o libro de Xavier Castro, *Servir era o pan do demo. Vida cotiá en Galicia. Séculos XIX e XX*.

Pasando do discurso da historia ao da memoria, A Nosa Terra sacará do prelo *Luís Bazal. Memoria e fuga dun mestre anarquista galego*, de Xerardo Dasairas, e *Memoria de Marcelino Fernández Prada. Un alcalde socialista e revolucionario*, de Francisco Xavier Redondo Abal.

## Varia

Para as e os afeccionados aos libros de conversas, neste final de ano Espiral Maior levará ás librarías *No pazo de Laiovento. Conversas con Francisco Pillado Maior*, de Xosé Luna. E para quen guste do xénero xornalístico, Laiovento saca á luz neste trimestre *O xardín das mandrágoras*, unha compilación de entrevistas realizadas por Paco López Barxas; Xerais publica, na colección "Crónica", *Ao pé dos abismos*, unha coetánea de artigos de Rosa Aneiros, e *Fidel Castro. A miña vida* de Ignacio Ramonet, e Difusora das



Letras presenta *Laisser Faire. Os incendios en Galiza. Testemuños 2004-2006*, unha ampla reportaxe de Alba Vázquez, cunha completa selección de entrevistas e fotografías da autora.

Nas compilacións ocupará un lugar destacado *Balada de los mares del norte*, no que a editorial Alvarellos reúne a obra xornalística e literaria do pintor Urbano Lugrís. Laiovento dará a coñecer, pola súa parte, *Cara ao señor futuro*, unha selección de artigos de Eduardo Galeano, varios deles inéditos.

Máis libros de divulgación: Xosé Luís Méndez Ferrín publica *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos* en Xerais; Toxosoutos saca á luz *Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia*;



Xosé Luís Méndez Ferrín

Alvarellos leva aos andeis *50 recetas con filloas* e Difusora das Letras combina, en *As crónicas de Gaidil*, os xogos de rol coa fantasía castrexa. Entre os libros de divulgación de Nova Galicia Edicións, *A globalización, O amor propio, Alimentación sa, Programa para deixar de fumar*, e os novos títulos da colección "Que me dis de...".

En teatro, Galaxia inclúe entre as súas novidades *125 anos de teatro galego*, Tres C Tres publica a obra de teatro infantil *O rei maragato*, de Cipriano Fernández; Laiovento *Luz de sombras*, de Luís Rodríguez Cao, e Danú aposta por un autor novel, Daniel Dapia Barral, con *Evocación do raio*.

Cando, lonxe xa o verán, a rutina se impón en lei, os libros ofrécenos pasaporte a outros mundos. Os andeis das librarías están xa ategados de novas propostas e viaxes insospetadas. Escollan o seu itinerario...


# Os libros que lemos



**Jesús de Nazareth** · Joseph Ratzinger · La Esfera, 2007 · 484 páx · 19,50 euros



**Made in Galiza** · Sêchu Sende · Galaxia, 2007 · 154 páx · 12 euros



**El niño con el pijama de rayas** · John Boyne · Salamandra, 2007 · 224 páx · 12,50 euros



**Benquerida catástrofe** · Teresa Moure · Xerais, 2007 · 232 páx · 16 euros



**La suma de los días** · Isabel Allende · Plaza y Janés, 2007 · 320 páx · 22,90 euros



**O voto emigrante** · Anxo Lugilde · Galaxia, 2007 · 236 páx · 14 euros



**La ladrona de libros** · Markus Zusak · Lumen, 2007 · 544 páx · 21,90 euros



**Cólera** · María Xosé Queizán · Xerais, 2007 · 64 páx · 12,50 euros



**El viaje al amor** · Eduardo Punset · Destino, 2007 · 248 páx · 19,50 euros



**Arte e parte** · Xurxo Borrazás · Galaxia, 2007 · 192 páx · 15,50 euros

Estes son algúns dos libros máis vendidos en Galiza nos últimos días. A táboa fíxose recollendo datos das seguintes librarías:

- La casa del libro** (Vigo) [www.casadellibro.com](http://www.casadellibro.com)
- Couceiro** (Santiago) [www.librariacouceiro.com](http://www.librariacouceiro.com)
- Trazos** (Cee) [www.trazosexpress.com](http://www.trazosexpress.com)
- Torga** (Ourense) [www.torga.net](http://www.torga.net)
- Andel virtual** (Vigo) [www.andelvirtual.com](http://www.andelvirtual.com)

Os datos non reflicten directamente cantidade de exemplares vendidos e ademais, corresponden a magnitudes non ponderábeis. Abstéñanse teses. Calquera suxestión ou proposta sobre esta táboa, poden enviala ao correo [protexta@temposnovos.net](mailto:protexta@temposnovos.net)



## Literatura e rede

## AELG: se non podes co inimigo

[www.aelg.org](http://www.aelg.org)

Os editores galegos miran con perplexidade e un chisco de desconfianza cara á rede", sentenciaba Jaureguizar no outono de 2005 no transcurso da mesa *A presenza do libro galego na Internet*. Dous anos máis tarde, é posible que esa afirmación teña aínda a mesma vixencia. E é que Internet, o ciberespazo, ou mesmo as grandilocuentemente chamadas "autoestradas da información", foron recibidas en moitos eidos, non só no do libro, coma o neno que chega novo á clase e que, ademais de ser simpático, ten os mellores xoguetes e a camisola que todos queren vestir. O resto da aula, nunha reacción tan precautoria como natural, pensan: "este, algo malo ten que ter".

E así, coa perplexidade e a desconfianza á que aludía Jaureguizar, as Letras Galegas –santo patrón do 17 de maio– tiveron que ir aprendendo a coller un rato coa man para comezar a xogar co novo da clase, un elemento que, a medida que o vas coñecendo, mesmo resulta útil. Deste xeito, e moi de vagar, foron asumindo o que Santi Montes, responsable de Lg3 –sección literaria da web do Consello da Cultura– xa afirmaba na mesa redonda á que antes aludíamos: "Internet non é un feito subterráneo", afirmaba Montes, ao tempo que lembraba que "a necesidade de información sobre a literatura galega na rede supera a oferta".

Partindo deste contexto e buscando unha mostra daqueles que fan libro galego o máis representativa posible chegamos á Asociación de Escritores en Lingua

Galega (AELG) e á súa recentemente inaugurada aventura en internet. Semella que os escritores galegos decidiron facerse amigos do novo da clase e lanzarse á aventura do descoñecido, a un mundo no que non hai nin tinta nin papel, pero si bytes e bytes para contar historias. O sitio na rede da AELG ten, coma toda web dun colectivo cun bo número de anos ás costas, o típico e tópico espazo que calquera que leve un tempo visitando a arañeira pode recitar de memoria, a saber: "Que é a AELG?", "Como asociarse?". Etcétera. Non obstante, se obviamos isto e nos internamos neste proxecto web poderemos atopar novidades certamente interesantes que responden, cando menos parcialmente, á demanda de información da que antes falabamos.

E se hai demanda de información nada mellor ca un "centro de documentación" coma o que nos ofrecen dende AELG e que de momento semella estar nacente. A idea: cada mes incorporar un autor que nos relata brevemente a súa biografía, acompañada de textos e outra documentación. Semella interesante pero falta o de (case) sempre: facelo atractivo e separalo, o máximo posible, das formas dos libros de texto a través dos que algúns tivemos o noso primeiro contacto coa nosa literatura. Precisamente esa capacidade de atracción acádana dende a AELG no recuncho da web que semella máis ambicioso: o espazo didáctico. Unidades didácticas visualmente diferentes e co rigor necesario para que os estudantes coñezan os autores máis alá do "naceu aquí, escribiu isto e aquilo, morreu alá".

Facer atractiva a literatura e conxugala coas novas tecnoloxías. Case nada. Pero como a crítica é a nai de todos os avances e falar non ten cancelas, permitirémonos reflectir nas liñas que restan algúns defectos e virtudes da aposta que constitúe o salto á Internet da AELG. É este un sitio web en certo xeito corporativo, mais podería, se cadra, conxugar mellor a súa funcionalidade para os membros da asociación co atractivo para os visitantes que, coma quen asina, buscar información sobre literatura. Textos organizados en bloques excesivamente ordenados, fotografías pequenas e cores primarias conforman un conglomerado ao que, se cadra, lle viría ben unha adaptación ao que, de xeito rimbombante, se deu en chamar web 2.0 e que mestura dous ingredientes fundamentais: interactividade e elementos audiovisuais, porque os comentarios, o son e o vídeo tamén poden ser literatura.

Rematamos o paseo coa parte positiva, que a ten, e moita. A AELG atreveuse, foi quen de facer o que outros non puideron, non quixeron ou non souberon facer: dar o salto á rede e divulgar, e facelo con noticias, novidades, actualidade literaria e sen a perplexidade nin a desconfianza coa que arrancabamos. E o máis importante de todo: os señores do papel entenderon unha mensaxe, aquela que fala de que se non podes co teu inimigo... xa se sabe.

// David Lombao

## Blogs

## Esperta do teu soño, Galpón de Breogán

<http://galpondebregan.wordpress.com>

Emilio Pérez Touriño, Anxo Quintana e Alberto Núñez Feijoo adían a reforma do Estatuto para ir papar unha churrascada. Estatuto, que por outra banda, tería permitido que os presentadores de Miraxes, xunto con Superpiñeiro e Xosé Ramón Gayoso, tivesen un programa sen final no que se emitisen ininterrompidamente informacións verbo de sucesos en concellos de Lugo e Ourense. Todo isto acontece sen que Galiza se decate de escuros plans que traman na sombra sociedades secretas coma o Corpo Especial de Funcionarios Ourenseños (CEFOU), axentes maoístas coma o portavoz do PP no Concello de Santiago, Gerardo Conde Roa, actúan na clandestinidade ou grupíños radicais planean liberar os Galenecos da sede da CRTVG.

Estas, e outras escenas máis ou menos surreais, nacen dos miolos –supoñemos que perversos– de blogueiros que se deron en chamar Frouxeira, Parvo de Cela, Moi Xordo ou Viriato e teñen a súa expresión literaria no Galpón de Breogán, un blog nacido cunha declaración de intencións clara "os nosos políticos, cultoretas e deportistas", afirmaban dende o Galpón en xaneiro de 2007, "son tanto ou máis patéticos que os de todo o mundo, así ben merecen ser branco dunha parodia".

Dende o seu nacemento, o Galpón de Breogán tivo as súas teimas e tamén as súas musas: Alberto Núñez Feijoo, Gerardo Conde Roa, Antón Losada ou as relacións Touriño– Quintana son o leitmotiv dun blog no que poderemos



Nas portas de Montepío amoréanse milleiros de persoas. Berran, sinalan en dirección aos tres líderes. -¡Ide tomar polo cu, monas! (expresión popular galega que significa a grosso modo: "non vos imos deixar saír até que chegedes a un acordo sobre o estatuto"). -"Emilio, ¿Montepío non tiña unha saída segreda para estas ocasións?"- pregunta Quintana, abrindo moito os ollos.

atopar especial predilección pola reprodución (disqueliteral) das conversas máis íntimas entre os líderes patrios ou as cavilacións nas salas de máquinas do poder, nas que, por exemplo, o Vicepresidente interroga ao xefe do Executivo sobre os seus coñecementos ao redor dos versos de Pondal. Todo isto virá acompañado, ademais, de substanciosos argumentarios para defender o voto emigrante sen medo ao rubor ou crónicas terroríficas nas que os membros do Galpón narran, ata o último detalle, os rituais que o Partido Popular desenvolve para dar con dados dialécticos que impacten no seo do bipartito. Que o gocen.

// D.L.

<http://oportodosescravos.blogspot.com>

Mario lévanos de viaxe, reflexiona ao redor da literatura galega, verbo dos lectores ou sobre os males da sociedade, ademais da actualidade do blogomillo. Destaca especialmente o seu amplo blogroll –ligazóns a outras bitácoras–.

<http://apocalisedoporco.blogaliza.org>

Blog que asume unha das funcións fundamentais das bitácoras na rede: a de ser utilizado a xeito de diario persoal. Dende A Coruña, o seu autor comparte reflexións e narracións do cotián, dende a política ata os avatares de cada día.

<http://ausenciaswikispaces.com>

Proxecto literario nacido na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Novela na que, a partir de tres personaxes, o lector pode construír a súa propia historia a través das hiperligazóns. Esteticamente moi mellorable.

<http://www.manuelgago.org/blog>

O profesor Manuel Gago achéganos dende o seu blog, Capítulo o, novas tecnolóxicas, achegamentos á actualidade e preocupacións que van dende a natureza ata a política. Fotografía, son e moitas ligazóns.



## As Garotas «Comprar libros é un lastre»

Comparten experiencias vitais, escenarios e unha mesma maneira de contar, enfiada por verbas espiñentas e tenras como os ourizos de mar en catalán denominados coma elas. Mais tamén comparten lecturas. «Los gozos y las sombras» é unha historia das súas...

// Belén Puñal

**Entre a trasfega dunha cidade grande como Barcelona, concertos, ensaios e demais obrigas laborais e da vida cotiá, é posíbel atopar un oco para a lectura?**

**Sofía Tarela** A min gústame ler antes de ir para a cama e, se me engancha un libro, podo dedicarlle cada minuto libre.

**Paola Beiro** Eu adoito ler antes de deitarme para desconectar de todo o que fago durante o día, para escorrentar a ansiedade. Sempre atopas algún anaquiño, no avión, cando pasamos as vacacións na aldea...

**ST.** Barcelona conta cunha rede de bibliotecas populares nos barrios moi boa. Cada biblioteca adoita ter unha especialización e todas teñen un fondo de actualidade importante. Tes a sorte de poder ler tanto clásicos como libros que acaban de saír sen ter que mercalos. Nin me acordo cando foi a última vez que comprei un libro... Si, merquei un cando estaba preñada para iluminarme (risos), de Tracy Hogg. O de comprar libros, noutras épocas si, pero agora... Son un lastre, sobre todo se te mudas de casa. Hai poucos libros que levaría comigo de casa en casa.

**E que libros levariades convosco fose como fose a mudanza?**

**PB.** Sempre levo comigo a triloxía de Gerald Durrell. Reléooos dende moi pequeniña e aínda hai pouco volvinos a ler. Ás veces boto man deles cando estou

baixa. Despois sempre levo os de teatro: Stanislavski, Peter Brook... Tamén vai comigo sen falta *Cantares gallegos*. Agora estou llo lendo á miña filla.

**O que máis gocedes de ler...**

**PB.** Sobre todo, os libros que me levan a outras épocas: *Los pazos de Ulloa*, *Los gozos y las sombras*... Tamén a poesía que me toca emocionalmente.

**ST.** Eu leo de todo, encántame que os libros me enganchen, pero tamén, se non me presta o libro déixoo.

**E algún libro que vos iluminase en certa maneira?**

**PB.** Moitos. Atopei pola casa *El narrador de historias*, un libro pornográfico. Foi unha revelación, non sabía que te puideras excitar lendo...

**Algunha lectura compartida?**

**ST.** A *Los gozos y las sombras* enganchámonos as dúas ao mesmo tempo. Lemos todos os tomos en dous días ou tres. É unha historia das nosas.

**Tedes dúas nenas pequenas, xa lles comezastes a ler?**

**PB.** A miña, que ten tres anos, namorouse de *Cousas dos nenos* de Castelao. Sabe todas as historias, identifícaaas polos debuxos...

**ST.** Miña avoa tiña unha libraría no Son. Eu sentaba alí e facía que lía, cando



Sofía Tarela e Paola Beiro. // Cristina Silva

aínda non sabía ler. Sabía de memoria as historias porque mas lían todos os días...

**PB.** Iso é o que fai a miña filla agora.

**ST.** Miña avoa tiñame prohibido abrir os paquetes cando chegaban os repartidores coa prensa, pero mentres os outros comían eu aproveitaba para abrilos. Ela deixábame ler de todo menos os Jazmín e as fotonovelas. Miña avoa tiña un arcaz con novelas, e por unhas quince pesetas podías cambiar unhas por outras. Os mariñeiros vellos levaban as de vaqueiros e os novos, algúns, collían fotonovelas para ler no mar.

**Á parte de ler tamén escribides. Nas vosas letras, hai sinceridade, retranca, reivindicación dunha voz forte de muller,... Como afrontades a escrita?**

**PB.** Teñen dito de nós que dicimos cousas duras pero con tenrura. En catalán unha

garota é un ourizo de mar, que pincha por fóra e por dentro é tenro... Bebemos da literatura oral, da regueifa. O hip hop é a regueifa moderna. As nosas letras nacen da espontaneidade, daquilo que che sae no momento porque che ten que saír.

**Baseádesvos moito nas mulleres do voso contorno natal, as vilas da costa... Gústanvos tamén as lecturas cunha voz feminina forte?**

**ST.** Non é necesariamente un aval.

**PB.** Non miro se quen escribe é muller ou home. Mais, xa non na escrita, senón na vida en xeral, en verdade interésame máis o que din e fan as mulleres, coído que teñan máis que ofrecer. Cando vou no bus escoitando conversas prefiro a anos luz escoitar conversas entre mulleres ca entre homes. Nós tamén queremos darlles voz.

Ti podes conseguir que o mundo cambie,

**IND**  
Implicadas/os no desenvolvemento  
Camelias, 114, portal 2, Vigo · www.implicadas.org  
**...IMPLÍCATE!**  
Implicadas/os No Desenvolvemento realiza proxectos de desenvolvemento nas comunidades do sur.

PRIMEIROS PASOS DO TAI CHI  
L'ESTINA DE LA VEGA JIMÉNEZ  
Relatos desvelados  
Socioloxía da comunicación e opinión pública  
Abreviatura  
UN HOME FELIZ  
**EDICIONS Lea**  
coñécenos  
tif.: 981 570 689 / 552 360  
info@galiciamedia.com  
www.galiciamedia.com



# A NOSA **CULTURA** É UN AGASALLO

Regálalle un conto antes de durmir.

Regálalle mil palabras de amor con  
cheiro a tinta e a papel.

Regálalle dúas horas de música en  
directo, ou unha tarde de diversión  
na butaca dun teatro.

Regálalle cultura; porque a nosa  
cultura é un agasallo.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE